



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravela, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

D/8

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente libro de actas do Consello Reitor da Fundación pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, consta de cento cincuenta e seis (156) páxinas numeradas correlativamente e, comprende actas dende o 18 de febreiro de 2021 ao 16 de decembro de 2021.

En Vilagarcía de Arousa, asinado dixitalmente

A secretaria/delegada da Fundación de Deportes



Verificación en: <http://sede.vilagarcia.gal/dcsv/6X22TS9O4D6XR0U6>



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 18 DE FEBREIRO DE 2021

No Salón de Plenos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as dezanove horas e quince minutos do día dezoito de febreiro de dous mil vinte e un, reúnense en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria (conforme acordo do Consello Reitor en sesión con data 17/09/2019, relativo ao cambio no día da semana por circunstancias excepcionais e xustificadas das sesións ordinarias do devandito organo), os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vicepresidente: D. Alvaro Carou García

Vogaís: D. Ángel Francisco Vilas Fernández

D. José Ramón Santorum Canto

D. José Luis Peso Teodosio

Dna. Ana M^a Granja Guillán

D. Adrián Alcalde González (suplente de Dna. Lucía César Veloso)

D. Isidro Fernández Portas

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M^a Otero Piñeiro

Antes de iniciar a sesión polo Sr. presidente dáse unhas breves palabras de salutación á Sra. Granja, como nova representante nomeada polo Concello Pleno do Grupo Municipal do Partido Popular de Vilagarcía, en substitución de D. Alfonso González Gallego, dándolle a esta posesión do seu cargo.

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión extraordinaria do día dezaseis de decembro de dous mil vinte, é unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.



2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO UN DE DECEMBRO DE 2020 AO 31 DE XANEIRO DO PRESENTE ANO.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do 1 de decembro de 2020 ao 31 de xaneiro do presente ano, relativas a:

Mes de decembro :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 10/12/20** .- “1.- Autorización ao I.E.S. Fermí Bouza Brey, o uso das instalacións deportivas do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa que a continuación se relacionan, para o desenvolvemento das clases de educación física e as ensinanzas deportivas de baloncesto, co seguinte desglose:

<u>INSTALACIÓN</u>	<u>DÍAS</u>	<u>HORAS</u>
Pavillón nº 2 do C.D.M. Fontecarmoa	martes	10:40-13:15 h
	venres	12:30-13:15 h
C.F.M. Manuel Jiménez Abalo e Estadio de Atletismo	lunes	8:30-11:30 h
	martes a venres	8:50-14:00 h

Así como se lle comunica que non é posible acceder o horario de martes a venres de 14:00-14:30 horas, ao estar fora do horario laboral do persoal do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, que serán os encargados do peche da citada instalación, debendo o centro educativo ter o control de acceso a instalación durante o desenvolvemento da súa actividade.

2.- Comunicarlle que previo ao inicio da citada actividade, deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil da mesma.

3.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas nos protocolos da Fundación de Deportes reguladas pola lexislación vixente ante a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19.

Deberán de obrigado cumprimento acatar as seguintes medidas:

- a) Obrigatorio, o uso de mascarilla durante a permanencia na instalación, así como durante a práctica deportiva.
- b) Procurarase manter o distanciamento físico de metro e medio, aumentando esta distancia física duante o desenvolvemento das actividades deportivas.
- c) É obrigatorio a desinfección das mans con xel hidroalcohólico antes do acceso a instalación.



- d) Non se permite o acceso de persoas alleas a actividade, nin público en xeral, permitindo o acceso ás instalacións deportivas só as persoas previamente designadas polo centro (profesorado e alumnado).
- e) O acceso e saída da instalación será exclusivamente polas portas designadas, debendo seguir os itinerarios marcados mantendo, en todo momento, a distancia de seguridade de un metro e medio.
- f) O acceso a instalación do grupo aula farase todo xuntos e acompañados pola persoa designada polo centro como responsable do grupo, respetando a distancia de seguridade e usando mascarilla.
- g) O horario asignado deberá cumprirse de forma rigurosa e fóra das quendas autorizadas non se poderá permanecer na instalación.
- h) O alumnado deberá vir cambiado da casa. Non se permitirá o acceso aos vestiarios. De levar enseres persoais se deberán deixar, durante a práctica, recollidos nunha bolsa de propiedade do alumno/a nas zonas destinadas para tal fin nas bancadas.
- i) Será obrigatorio a desinfección do calzado nas alfombras que se instalarán para dito uso, e cambiar, obrigatoriamente ,o calzado da rúa por un específico para a práctica deportiva.
- k) É obrigatorio para a entidade usuaria, a desinfección con produto desinfectante autorizado polo Ministerio de Sanidade, de calquera material utilizado para a actividade deportiva, tras cada sesión. Así como deberá er solución hodroalcohólica suficiente para o grupo que está desenvolvendo a actividade.
- l) Os deportistas traerá cada seu a súa auga. Non se pode compartir bebidas nin alimentos.”

- **2ª Resolución con data 17/1/20** .- “1.- Autorización ao Club Deportivo Salvamento Vilagarcía, a celebración da I XORNADA SUR DA LIGA GALEGA DE SALVAMENTO E SOCORRISMO, o vindeiro 20 do presente mes, debendo ter a aprobación da empresa Concesionaria (Servicio Cultura, Deporte e Recreación, S.L.) da Piscina Cuberta Municipal, do uso da citada instalación.
2.- Remitir á empresa Servicio Cultura, Deporte e Recreación, S.L., empresa concesionaria da Piscina Cuberta Municipal, o presente escrito de solicitude de autorización do uso da devandita instalación, para a súa aprobación, se procede.
3.- Trasladar ao departamento de Obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa as necesidades da cesión de 40 cadeiras e 2 mesas, para a súa aprobación, se procede.”



- **3ª Resolución con data 17/12/20** .- “1.- Autorización ao Club Balonmano Arousa., o uso das Instalacións Deportivas Municipais que a continuación se relacionan, para levar a cabo os adestramentos dos seus deportistas, tempada 2020/21, co seguinte desglose:

INSTALACIÓN	DIAS	HORAS
Pavillón Municipal de Carril	Lu	19:45-21:15h
	Ma	20:15-22:15h
	Me	19:15-22:15h
	Xo	19:30-21:00h
Pavillón Municipal de Guillán	Ve	18:00-18:30h

Así como, comunícaselle que esta autorización poderá sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **4ª Resolución con data 18/12/20** .- “1.- Autorización ao Centro de Educación Especial de Vilagarcía de Arousa, a cesión do Arco Hinchable da Fundación de Deportes, o vindeiro día 21 do presente mes, a partir das 09:30 horas e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do citado Servizo, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado. atendendo o anteriormente sinalado.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 03/12/20** .- “1.- Aprobación o expediente, introducíndose no Estado de Gastos e Ingresos, as seguintes modificacións:

- **APLICACIONES DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA**

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE EN BAIXA €
341-22609	FUNDACIÓN_ACTIVIDADES DEPORTIVAS	25.847,95 €
TOTAL		25.847,95 €

- **APLICACIONES DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO**



APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE €
341-62300	FUNDACIÓN-MAQUINARIA, INSTAL. TÉCNICAS E UTILLAXE	13.989,95 €
341-63200	FUNDACIÓN_GASTOS EN APLICACIÓNS INFORMÁTICAS	11.858,00 €
TOTAL		25.847,95 €

O total de Altas de Créditos, é igual ás Baixas, polo que resolvo aprobar a Transferencia de Créditos, sendo esta Resolución firme e executiva, sen necesidade de máis trámites, polo que se procederá polos servizos de Intervención a introducir na Contabilidade as modificacións de créditos aprobadas.”

- **2ª Resolución con data 03/12/20** .- “1.- Adxudicación á empresa IMELFA E HIJOS, S.L., a adaptación de todas as conexións electrónicas, informáticas e de telefonía dos tres postos de traballo nas oficinas da Fundación de Deportes, que se trasladan a unha nova ubicación na oficina interior, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 2.099,22 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-216.”
- **3ª Resolución con data 03/12/20** .- “1.- Adxudicación á empresa MONDO IBÉRICA, S.A., a adquisición do marcador electrónico para o Pavillón Municipal de Carril, a través dun contrato Menor de Subministro, por importe total de 3.617,90 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,00.”
- **4ª Resolución con data 03/12/20** .- “1.- Adxudicación á empresa MONDO IBÉRICA, S.A., a adquisición dun xogo de canastras para o Pavillón Municipal Castela, para poder trasladar algún encontro de ámbito nacional do equipo LF2 da Agrupación Deportiva Cortegada, debido as humidades que se producen polas inclemencias meteorolóxicas no Pavillón Nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontercarroa, a través dun contrato Menor de Subministro, por importe total de 13.989,95 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,00.”
- **5ª Resolución con data 03/12/20** .- “1.- Adxudicar á empresa CLUBER SIGETULIGA, S.L., a creación dunha plataforma, adquirindo a licenza do produto de xestión de subvencións, que inclúe os servizos de mantemento, hospedaxe, almacenamento seguro e cifrado de datos, soporte técnico...etc durante 4 anos. Tanto para a Fundación de Deportes Vilagarcía de Arousa como para os seus 50 clubs/entidades deportivas, para as liñas de subvención de Deportes (Fomento do deporte Federado e Actividades Deporivas Extraordinarias), como para as 50 entidades do Concello/Fundación de deportes (Subvencións nominativas e directas mediante convenios), a través dun contrato Menor de Subministros, cun prazo de execución de



3,5 semanas, por importe de 11.858,00 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-641,00.

2.- Proceder á sinatura do correspondente Contrato, que se formalizará unha vez notificada a presente Resolución, ao cal se anexará a proposta presentada pola devandita empresa, que formará parte do mesmo e, revistirá carácter contractual.”

- **6ª Resolución con data 11/12/20** .- “Aprobación da proposta de prorroga do Presuposto da Fundación de Deportes do exercicio 2020 para o exercicio 2021, con efectos 1 de xaneiro de 2021, ata a entrada en vigor deste último, pola cantidade dos créditos iniciais e sen ter en conta ós créditos de servizos ou programas que deberon concluír no exercicio anterior, así como os que están financiados con créditos ou outros ingresos específicos ou afectados, ascendendo á cantidade de 1.188.895,00 € tanto en gastos como en ingresos, ao aplicarse un axuste á baixa polo importe de 25.000 € nos créditos das obras de inversión que se realizaron no 2020 e non teñen continuidade no 2021, e a súa correspondente financiación. O detalle do orzamento prorrogado é o seguinte:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe	Cap	Denominación	Importe
I	GASTOS PERSOAL	526.634,33	III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	64.010,00
II	GASTOS EN BENS E SERVIZOS	523.850,67	IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.109.000,00
III	GASTOS FINANCEIROS	50,00	V	INGRESOS PATRIMONIAIS	11.885,00
IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	134.360,00	VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	4.000,00
VI	INVERSIÓNS REAIS	4.000,00			
	TOTAL	1.188.895,00		TOTAL	1.188.895,00

2.- Sométase este decreto xunto coa prorroga do Orzamento Xeral do Concello de Vilagarcía de Arousa.”

- **7ª Resolución con data 14/12/20** .- “1.- Adxudicación á empresa FERNÁNDEZ PORTAS, ISIDRO (IFERFRIO REFRIGERACIÓN), o estudo de viabilidade e reparación da bomba de calor do sistema de calefacción das oficinas da Fundación de Deportes, situadas no Recinto Fexdega, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 2.783,00 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-213.”



- **8ª Resolución con data 17/12/20** .- “1.- Aprobación do expediente, introducíndose no Estado de Gastos e Ingresos, as seguintes modificacións:

- **APLICACIONES DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA**

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE EN BAIXA €
341-22609	FUNDACIÓN_ACTIVIDADES DEPORTIVAS	10.503,87 €
TOTAL		10.503.87 €

- **APLICACIONES DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO**

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE €
341-62300	FUNDACIÓN-MAQUINARIA, INSTAL. TÉCNICAS E UTILLAXE	7.103,87 €
341-63200	FUNDACIÓN_INVERSIÓN DE REPOSICIÓN EN EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIONES	3.400,00 €
TOTAL		10.503.87 €

O total de Altas de Créditos, é igual ás Baixas, polo que resolvo aprobar a Transferencia de Créditos, sendo esta Resolución firme e executiva, sen necesidade de máis trámites, polo que se procederá polos servizos de Intervención a introducir na Contabilidade as modificacións de créditos aprobadas.”

- **9ª Resolución con data 17/12/20** .- “1.- Adxudicación á empresa SEPYMEDICAL, S.L., a adquisición dun desfibrilador (DESA) para o Pavillón Municipal de Torre, no que se levan a cabo competicións oficiais, dado que así o esixe a normativa vixente e, é a única instalación que non dispón do citado equipo a través dun contrato Menor de Subministro, por importe total de 1.754,50 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,00.”
- **10ª Resolución con data 17/12/20** .- “1.- Adxudicación á empresa MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L., o subministro de 700 m² de céspede artificial para a Pista nº 4 de Tenis do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, dado o gran desgaste do uso da mesma. Así como debido a obra previa a instalación do céspede que hai que realizar na devandita pista, o acopio en fábrica, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe total de 10.765,37 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-632,00.”
- **11ª Resolución con data 17/12/20** .- “1.- Adxudicación á empresa MONDO IBÉRICA, S.L.U., a adquisición dun xogo de Porterías de Fútbol Sala/Balonmán para as pistas polideportivas do Recinto Fexdega, dado que as existentes non cumpren coa normativa vixente para competicións oficiais das citadas modalidades a través dun



contrato Menor de Subministros, por importe total de 1.162,77 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,00.”

- **12ª Resolución con data 17/12/20-** “1.- Adxudicación ás empresa MONDO IBÉRICA, S.L.U., o subministro de material de atletismo de competición homologado para o Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, dado ao gran deterioro do material existente, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe total de 6.383,75 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-221,9901.”
- **13ª Resolución con data 18/12/20** .- “1.- Adxudicación á empresa BAYGAR, S.L., a adquisición dunha caseta de vestiarios para o Campo de Fútbol. Manuel Jiménez Abalo e Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, dada a gran cantidade de equipos e encontros oficias que se disputan nas devanditas instalacións deportivas, non sendo suficientes os vestiarios exsistentes, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe total de 3.811,50 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,00.”
- **14ª Resolución con data 22/12/20** .- “1.- Adxudicación á empresa BARRAL NÚÑEZ, MAR, a adquisición de 30 metopas e trofeos, con motivo da entrega de agasallos coa imaxe institucional da Fundación de Deportes nos actos protocolarios, das celebración dos eventos deportivos organizados polos Clubes/Entidades Deportivas , a través dun contrato Menor de Subministro, por importe total de 1.815,00 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226,9901.”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 17/12/20** .- 1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que comprobada a súa documentación xustificativa, presentan correctamente a súa documentación de acordo ás devanditas bases, con cargo á partida 341-483,00:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>IMPORTE</u>
AD AROUSA FUTBOL 7	3.114,66 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA-CULT VILAGARCÍA ESGRIMA	645,38 €
CLUB DEPORTIVO PEREZ SUB	420,90 €
CLUB SAN MARTIN	3.647,80 €
CLUB VILAGARCÍA, S.D.	3.254,96 €
CLUB DEPORTIVO VILAGARCIA TENIS DE MESA	1.374,94 €
CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	4.629,90 €
CLUB POLIDEPORTIVO C.P.C. EDUCACIÓN ESPECIAL	1.795,84 €
AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	3.395,26 €
CLUB VILAROUA GIMNASIA	1.655,54 €



ASOCIACION DEPORTIVA E CULTURAL ENCESTARÍAS:	1.627,48 €
MODALIDADE DE BALONCESTO:	308,66 €
MODALIDADE DE BALONMÁN:	1.318,82 €
CLUB AROSA,S.C.	5.976,78 €
CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCIA	2.665,70 €
CLUB NATACIÓN VILAGARCÍA, S.D.	1.908,08 €
CLUB XIMNASIA RITMICA VILAGARCIA	420,90 €
BASKET BASE CLUB	6.004,84 €
CLUB DE XADREZ FONTECARMOA	3.002,42 €
CLUB BALONCESTO EL DOCE	280,60 €
ESCUELA FÚTBOL SALA SALNES	1.711,66 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA	6.566,04 €
CLUB ATLÉTICO AROUSANA	1.711,66 €
CLUB OLIMPIC VILAGARCÍA	4.742,14 €
ESCOLA DEPORTIVA DE AROUSA, S.D.	3.507,50 €
CLUB CICLISTA XIABRE	140,30 €
CLUB KENPO VILAGARCÍA	2.890,18 €
CLUB DE REMO VILAXOÁN	3.002,42 €
MOTOCLUB VFM	1.066,28 €

- **3ª Resolución con data 21/12/2020** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da factura a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondentes aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, periodo do 08/09-07/10/2020, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 21/12/2020, por importe total de 218,72 €, con cargo á partida 341-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización”
- **4ª Resolución con data 30/12/20** .- “1.- Concesión á Agrupación Deportiva Cortegada unha subvención directa, para sufragar os gastos ocasionados pola suspensión do encontro da 5ª Xornada da LF-2 Feminina entre a Agrupación Deportiva Cortegada e o Ulla Rosalía no Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, derivado das condicións das instalacións deportivas pola climatoloxía adversa, por importe de 562,82 € con cargo á partida 341-483,02.

Asinado o correspondente convenio, conforme a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na que establece no seu artigo 28 o procedemento de concesión directa de subvencións.

2.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do devandito Clube/Entidade Deportiva, que presentan xustificantes da subvención concedida, por importe total de



562,82 €, con cargo á partida 341-483,02. Realizándose o pago da devandita subvención no momento da presentación do certificado da Real Federación Española, no que indique o pagamento da factura correspondente ao arbitraje do citado encontro.”

- **5ª Resolución con data 30/12/20** .- “1.- Concesión aos Club Entidades Deportivas que a continuación se relacionan unha subvención directa, para facer fronte do uso da Piscina Cuberta Municipal, para os adestramentos dos seus deportistas, correspondente ao ano 2020, posto que é unha Instalacións Municipal en rexime de xestión indirecta, polos importe seguintes, con cargo á partida 341-483,02:

CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA	IMPORTE
Club Natación Vilagarcía, S.D.	3.002,10 €
Club Deportivo Salvamento Vilagarcía	3.002,10 €

Asinado o convenio, conforme a Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na que establece no seu artigo 28 o procedemento de concesión directa de subvencións.

- 2.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que presentan xustificantes da subvención concedida para facer fronte ao uso da piscina cuberta municipal para o adestramentos dos seus deportistas, ano 2020, con cargo á partida 341-483,02:

CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA	IMPORTE
Club Natación Vilagarcía, S.D.	3.002,10 €
Club Deportivo Salvamento Vilagarcía	3.002,10 €

- 3.- Aprobar o Endoso das citadas subvencións a favor da empresa SERVIOCIO, CULTURA, DEPORTE E RECREACIÓN, S.L., por importe total de 6.004,20 €, con cargo á partida 341-483,02.”

- **4ª Resolución con data 30/12/20** .- “1.- Resolución da discrepancia plantexada polo director Deportivo e levantar os reparos pola interventora/delegada das facturas presentadas pola empresa Troquiña, S.L., da realización do traballos de mantemento vexetal nalgunhas instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes.
 - 2.- Aprobar que se leve a cabo na maior brevidade posible, a tramitación dun Contrato Menor de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.
 - 3.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de decembro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 9.323,28 €.”



- **6ª Resolución con data 30/12/20** .- “1.- Aprobación da relación e facturas con acrodo previo, mes de decembro, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 107.580,84 €:
 - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa RANKING TIENDAS DEPORTES, S.L., pola factura nº 9961/20, correspondente á adquisición da reposición de material deportivo, para o correcto desenvolvemento das actividades incluídas dentro do proxecto “Actividades Físico-Recreativas de Inverno , curso 2020-21, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 25/11/2020, por importe total de 1.633,79 €, con cargo á partida 341-221,9901.
 - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000030420F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de novembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe total de 11.074,86 €, con cargo á partida 341-227,00.
 - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000031120F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicos sanitarias), mes de novembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe de 2.399,81 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendiente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.
 - 4.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINO 2102, correspondente ao Contrato Menor de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, 4º trimestre (outubro, novembro e decembro, ano 2020) aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/07/2020, por importe total de 1.815,00 €, con cargo á partida 341-227,9902.



5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE. S.L., pola factura nº 202783 0, correspondente á adquisición de equipos informáticos para as oficinas da Fundación de Deportes, para a millora dos existentes, e poder levar a cabo a tramitación dos procedementos administrativos de forma telemática, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 16/11/2020, por importe total de 2.458,21 €, con cargo á partida 341-626,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SEPYMEDICAL, S.L., pola factura nº A0002020 386, correspondente á adquisición de seis desfibriladores (DESA) para as instalacións deportivas municipais: Campo de Fútbol Municipal de A Pelada, Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas, Pavillón Municipal de Vilaxoán, Pavillón Municipal de Carril, Pavillón Municipal de Guillán e para o Campo de Fútbol Municipal e A Lomba, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 16/11/2020, por importe total de 10.527,00 €, con cargo á partida 341-623,00.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MONDO IBÉRICA, S.L., pola factura nº F 000086002, correspondente á adquisición dun marcador para o Pavillón Municipal de Carril, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 03/12/2020, por importe total de 3.617,90 €, con cargo á partida 341-623,00.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MONDO IBÉRICA, S.L., pola factura nº F 000086001, correspondente á adquisición dun xogo de canastras para o Pavillón Municipal Castelao, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 03/12/2020, por importe total de 13.989,95 €, con cargo á partida 341-623,00.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TODOJARDIN GALICIA, S.L., pola factura nº 2020 S0001748, correspondente á adquisición de aspersores toro para levar a cabo o mantemento do sistema de rego dos campos de fútbol municipais de herba natural, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 17/11/2020, por importe total de 2.206,54€, con cargo á partida 341-213.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLUBER SIGUETULIGA, S.L., pola factura nº A20-12, correspondente á creación dunha plataforma adquirindo a licenza do produto de xestión de subvencións, que inclúe os servizos de mantemento, hospedaxe, almacenamento seguro e cifrado de datos, soporte técnico etc, durante catro anos. Tanto para a subvencións da Fundación de Deportes como para as do Concello/Fundación de Deportes, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 03/12/2020, por importe total de 11.858,00 €, con cargo á partida 341-641,00.

11.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L., pola factura nº 20 082, correspondente á adquisición de 700 m² de céspede artificial para a pista de tenis nº 4 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa,



aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 17/12/2020, por importe total de 10.765,37 €, con cargo á partida 341-632.

12.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa BAYGAR, S.L., pola factura nº 667 201107862, correspondente á adquisición dunha caseta de vestiarios para o Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo e Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/12/2020, por importe total de 3.811,50 €, con cargo á partida 341-623,00.

13.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SEPYMEDICAL, S.L., pola factura nº A0002020 396, correspondente á adquisición dun desfibrilador para o Pavillón Municipal de A Torre, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 17/12/2020, por importe total de 1.754,50 €, con cargo á partida 341-623,00.

14.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MONDO IBÉRICA, S.L., pola factura nº F 000086084, correspondente á adquisición de material de atletismo de competición homologado para o Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 17/12/2020, por importe total de 6.383,75 €, con cargo á partida 341-221,9901.

15.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MONDO IBÉRICA, S.L., pola factura nº F 000086083, correspondente á adquisición dun xogo de porterías de fútbol sala/balonmán para as pistas polideportivas do Recinto Fexdega, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 17/12/2020, por importe total de 1.162,77 €, con cargo á partida 341-623,00.

16.- Recoñecemento da obriga a favor de FERNÁNDEZ PORTAS, ISIDRO (IFERFRIO REFRIGERACIÓN), pola factura nº 020 125, correspondente ao estudio e reparación da bomba de calor do sistema de calefacción das oficinas da Fundación de Deportes, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/12/2020, por importe total de 2.783,00 €, con cargo á partida 341-213.

17.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa IMELFA E HIJOS, S.L., pola factura nº H 2020259 correspondente a adaptación de todas as conexións electrónicas, informáticas e de telefonía dos tres postos de traballo nas oficinas da Fundación de Deportes, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 03/12/2020, por importe total de 2.099,22 €, con cargo á partida 341-216.

18.- Recoñecemento da obriga a favor de BARRAL NÚÑEZ, MAR, pola factura nº 18, correspondente á adquisición de 30 metopas e trofeos, con motivo da entrega de agasallos coa imaxe institucional da Fundación de Deportes, nos actos protocolarios, das celebracións dos eventos deportivos organizados polos Clubes/Entidades



Deportivas, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 22/12/2020, por importe total de 1.815,00 €, con cargo á partida 341-221,9901.

19.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000035020F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de decembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe de 2.399,81 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

20.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000034920F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de decembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe total de 11.074,86 €, con cargo á partida 341-227,00.

21.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CUEVAS, S.L., pola factura nº 20 0000164, correspondente modificación de dúas fiestras das oficinas da Fundación de Deportes, aprobado polas Resolucións do Sr. presidente con data 24/9/2020 e 27/12/2020, por importe total de 1.950,00 €, con cargo á partida 341-212.”

- **7ª Resolución con data 30/12/20-** “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais, mes de decembro, por importe total de 13.440,49 €, con cargo á partida 341-221,00.”

Mes de xaneiro :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 28/01/21.-** “1.- Aprobación do peche das instalacións deportivas municipais, agás para adestramentos e competicións de ámbito estatal, ata o 17 de febreiro, podendo extenderse esta medida en función a nova lexislación que poida xurdir debido a situación epidemolóxica.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- Non existen



C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 29/01/21** .- 1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de xaneiro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 1.413,69 €.”
- **2ª Resolución con data 29/01/21** .- “1.- Aprobación da relación e facturas con acordo previo, mes de xaneiro, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 5.531,48 €:
 - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 42760763 da Póliza de Seguros nº 11320412 , correspondente á contratación da Póliza de seguros Multirriesgo Camiones para a plataforma elevadora con remolque da Fundación de Deportes, para o periodo do 01/01/21 ao 31/12/21, por importe de 107,81 €, con cargo á partida 341-224.
 - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 42760764 da pola póliza de Seguros nº 31074097, correspondente á contratación do seguro de PYME 21da pequena e mediana empresa (edificios destinados a deportes), ano 2019, por importe de 1.990,50 €, con cargo á partida 341-224.
 - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 42760765, da pola póliza de Seguros nº 61103818, correspondente á contratación do seguro de RESPONSABILIDADE CIVIL da Fundación de Deportes, ano 2020, por importe de 3.433,17 €, con cargo á partida 341-224.
- **3ª Resolución con data 29/01/21** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de xaneiro, por importe total de 9.127,95 €, con cargo ás partidas 341-221,00 e 341-221,02 respectivamente.”

O Consello Reitor queda sabedor.

3.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 4º TRIMESTRE, ANO 2020.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, 4º trimestre 2020 (1 de outubro ao 31 de decembro de 2020), no que a 31/12/2020,



non existen obrigas pendentes de pago nas que se estén incumprando o prazo de pago de 30 días. Así como indica que:

- a) **Os promedios de pago deste trimestre, sitúanse en 33,24 días.**
- b) As facturas pagadas dentro do trimestre son as seguintes:
Dentro do período legal de pago 109.281,18 €
Fora do período legal de pago 0,00 €
- c) As facturas pendentes de pago ao final do trimestre dentro do período legal de pago ascenden a 130.563,33 € e, fora do período legal de pago 0,00 € .
- d) **O Período Medio de Pago da Fundación de Deportes é de 2,75 días.**
O Consello Reitor queda sabedor.

4.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 4º TRIMESTRE DE 2020, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe do 4º trimestre de 2020 (1 de outubro ao 31 de decembro de 2020), en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente, cumpríndose a obriga no prazo establecido legalmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DO PRESUPOSTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2021.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do borrador do Presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2021, que ascende á cantidade de 1.154.955,00 €.

A Sra. Interventora/delegada indica que, a diferenza con respecto ao exercicio anterior, supón unha redución de 58.940,00 €, derivado en grande parte pola pandemia Covid-19, polo que a previsión de ingresos directos (cotas do prezo público polas solicitudes de Carné Fundación e inscrición de Actividades Deportivas) tense que diminuír nun importe de 24.000,00 €, así como os ingresos relativos ao canon das concesións das cafeterías e o capítulo de inversión. Representando as transferencias do Concello o 94,38% do presuposto de ingresos da Fundación. Por último indica que cumpre toda a capacidade financeira e a regra de gasto.



Interven o Sr. presidente que dá unha breve explicación, das modificacións realizadas no orzamento, nas partidas de gastos que foron reducidas, sendo as máis significativas, no capítulo II a partida de Actividades Deportivas, no capítulo IV, a partida de subvencións para a organización de eventos deportivos, no que se reduce 19.000,00 €, posto que no exercicio 2020, debido a pandemia provocada polo Covid-19, non se levaron a cabo case ningún evento e, o capítulo de inversións, no que indica, que as inversións máis importantes están recollidas no anexo de inversións do orzamento municipal, como o acondicionamento e mellora do Pavillón nº1, no que se inclúe a acometida ao alcantarillado, a construción dun almacén para o Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipa Fontecarmoa, ou a construción dun Pavillón Náutico, que ven sendo demandado polos Clubes de modalidades náuticas.

Intervén a Sra. Granja que pregunta, se o capítulo de gastos de inversión de 15.700,00 € é para levar a cabo a obra da pista de tenis.

O Sr. presidente contéstalle, que no pasado mes de decembro, se adjudicou o subministro do tepe, con acopio no almacén da empresa adjudicataria e, a partida de inversión é para realizar a obra civil e a colocación do novo tepe xa adquirido.

Unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar o borrador do Presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2021, que ascende á cantidade de 1.154.955,00 €. e, remiti-lo ao Pleno da Corporación, para a súa aprobación, se procede.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS HORARIOS ANUAIS DOS PAVILLÓNS, CAMPOS DE FÚTBOL E OUTRAS INSTALACÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, TEMPADA 2020/21, PARA OS ADESTRAMENTOS DOS CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS E CENTROS EDUCATIVOS.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta dos informes do Sr. director Deportivo e Sra. secretaria/delegada no que sinalan ás autorizacións provisionais aprobadas por Resolución do Sr. presidente que a continuación se relacionan e, conforme ao “PROTOCOLO BÁSICO PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA O DEPORTE FEDERADO”, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/10/2020, de conformidade as medidas necesarias establecidas pola Xunta de Galicia, para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID19:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>INSTALACIÓN DEPORTIVA</u>	<u>RESOLUCIÓN</u>
CLUB AROSA S.C.	CFM VILAXOÁN ESTADIO MUNICIPAL DE A LOMBA	06/11/2020



	CF MANUEL JIMÉNEZ ABALO DO CDM FONTECARMOA	
AGRUPACIÓN ATLÉTICO MAZÍ	ESTADIO DE ATLETISMO DO CDM FONTECARMOA	06/11/2020
	PAV. MUNICIPAL DE FAXILDE	
CLUB NATACIÓN VILAGARCÍA S.D.	ESTADIO DE ATLETISMO DO CDM FONTECARMOA	06/11/2020
	PAV. MUNICIPAL DE FAXILDE	
ASOC. DEPORTIVA E CULT. ESGRIMA		09/11/2020
CLUB VILAROUZA XIMNASIA	PAV. MUNICIPAL DE CASTELAO	09/11/2020
	PAV. MUNICIPAL DE CARRIL	
CLUB D. VILAGARCÍA TENIS DE MESA	XIMNASIO CEIP AREALONGA PAV. MUNICIPAL DE CASTELAO	16/11/2020
	PAV. MUNICIPAL DE CARRIL	
CLUB BALONMANO AROUSA		17/12/2020
	PAV. MUNICIPAL DE GUILLÁN	
CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA	PAV. MUNICIPAL CASTELAO	03/02/2021
AGRUP. DEPORTIVA CORTEGADA	PAV. 1 DO CDM FONTECARMOA PAV. MUNIC. CASTELAO	03/02/2021
	CF MANUEL JIMÉNEZ ABALO DO CDM FONTECARMOA	
CLUB ATLÉTICO AROUSANA		03/02/2021
	ESTADIO MUNICIPAL DE A LOMBA	
ESC. DEPORTIVA DE AROUSA SD	CF MUNICIPAL DA PELADA	08/02/2021
BASKET BASE CLUB	PAV. 2 DO CDM FONTECARMOA PAV. MUNICIPAL DE CASTELAO	08/02/2021

Así como indican que o Tenis club Arousa Fontecarmoa e Club de Remo Vilaxoán, solicitaron iniciar a súa actividade, estando pendiente de presentar documentación para a súa aprobación. Asemade debido a devandita pandemia, o restante de Clubes/Entidades Deportivas que presentaran solicitudes de autorización de uso de instalacións deportivas, tempada 2020/21, comunicaron verbalmente e/ou por escrito, que non comenzarían ata tanto a situación cambiase, que no seu caso, deberán presentar toda a documentación requerida que establece o citado Protocolo.

Polo Sr. director Deportivo da unha breve explicación, das autorizacións aprobadas e as medidas que se tomaron en todas as instalacións deportivas para dar cumprimento a toda normativa COVID19.

A Sra. Granja interven para preguntar que problema ten o Club Deportivo Remo o porqué non se lle autorizou.



O Sr. director Deportivo contéstalle que o devandito Club na actualidade non está adestrando, por eso non presentou a documentación requirida.

O Sr Vilas pregunta porqué se lle autoriza todos os días ao Club Natación o Estadio de Atletismo.

O Sr. director Deportivo contéstalle que na citada instalación deportiva, levan a cabo a preparación física dos seus deportistas.

Unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Ratificar todas as Resolucións do Sr. presidente, nas que se aproban os horarios anuais dos Pavillóns, Campos de Fútbol e outras instalacións deportivas municipais, conforme ao “PROTOCOLO BÁSICO PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA PARA O DEPORTE FEDERADO”, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/10/2020 e na que lles comunican aos Clubes/Entidades Deortivas que as autorizacións poderán sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

2.- Facultar ao Sr. presidente para a aprobación das pequenas modificacións ou novas solicitudes a maiores que poidan presentarse, para a tempada 2020/21.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, EJERCICIO 2021, REALIZADAS DURANTE O ANO 2020, ASÍ COMO DA SÚA SOLICITUDE E ANEXOS ADXUNTOS.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das bases da convocatoria de Subvencións destinadas á organización de Actividades Deportivas Extraordinarias, exercicio 2021, realizadas durante o ano 2020, así como indica que a confección de toda a documentación realizarase a través da Plataforma de Xestión de Subvencións contratada por esta Fundación de Deportes, para axudar aos Clubes/Entidades Deportivas a correcta presentación da mesma, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> e no que terán a súa disposición a **Solicitud e Anexos nos modelos normalizados**. Na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, xenerará un PDF final en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal do Club/Entidade Deportiva e, rexistrarse na Sede electrónica da Fundación de Deportes. Así como sinala que a consignación económica será por importe total de 11.000,00 €, con cargo á partida 341-483,01.



Polo Sr. presidente dá unha breve explicación dos motivos da redución da partida presupostaria neste exercicio, rebaixando a cuantía en 19.000,00 €, dado que no ano 2020 debido á situación provocada polo COVID-19, non se desenvolveron practicamente ningún evento deportivo. Sinalando que o sobranste desta partida se sumará á partida das subvención do Fomento do Deporte Federado.

Interven o Sr. Vilas que indica que:

. No apartado 2 Lexislación aplicable das devanditas bases, debería sinalar a Lei 9/2007 de Subvención de Galicia, posto que é máis directa que a estatal.

. No apartado 6 Documentación, punto 1, debería modificarse a redacción, dado que se repite solicitude varias veces nun mesmo parágrafo, propoñendo que se elimine a primeira e, quede da seguinte maneira: “Cada Club/Entidade Deportiva poderá presentar unha solicitude debidamente cumprimentada, para o evento deportivo que considere máis importante.”

. No apartado 6 Documentación, punto 4, solicítaselle aos Clubes/Entidades Deportivas que: “o importe dos gastos xustificadas deberá alcanzar o 100% do balance de gastos e ingresos presentado na súa solicitude obxecto da subvención, será necesario a presentación da totalidade das facturas”, cando as subvencións da Xunta de Galicia só se ten que xustificar o importe da subvención concedida. Polo que pregunta porqué a Fundación de Deportes é máis rigurosa á hora da xustificación das subvencións concedidas.

A Sra. Interventora/delegada contestalle que, no relativo á lexislación recollida nas bases, se indica a estatal, posto que a de Galicia é unha copia da do Estado e, si se contempla posto que xa se sinala “demaís normativa Estatal, Autonómica, concordantes”. Así como con respecto á xustificación é obrigatorio de conformidade a Lei de subvencións, no que as bases de subvencións da Xunta de Galicia e Deputación contemplanse a realización de auditorías, que este organismo autónomo por falta de persoal non pode asumir, sendo requerido a esta intervención/delegada en varias ocasións, que se remitira toda a xustificación presentada dalgúns Clubes/Entidades Deportivas.

Unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar as bases da convocatoria de Subvencións destinadas á organización de Actividades Deportivas Extraordinarias, exercicio 2021, realizadas durante o ano 2020, coa modificación do apartado 6.1 Documentación que queda literalmente da seguinte maneira: 6.1.- “Solicitude.- Cada Club/Entidade Deportiva poderá presentar unha solicitude debidamente cumprimentada, para o evento deportivo que considere máis importante. A presentación da solicitude non implica necesariamente que o evento vaia a obter axuda económica, quedando o Consello Reitor da Fundación de Deportes facultado para asignar a axuda económica que



estime oportuna en función da cualificación que otorgue ao evento e incluso, non conceder axuda económica e...”

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EJERCICIO 2021, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2019/20 OU, AÑO 2020, ASÍ COMO DA SÚA SOLICITUDE E ANEXOS ADXUNTOS.

A Sra. interventora/delegada contéstalle que no relativo á factura da empresa Clece, S.A., mantense o informe de reparos e o seu levantamento, dado que é unha instalación que non é de propiedade municipal e non se aprobou ningún convenio para o seu uso e, o reparo das facturas da empresa Troquiña, S.L., é debido á prorroga dun contrato menor de tracto sucesivo; por non seguir o procedemento de contratación que corresponde en función do importe que se vai realizar ao longo do exercicio 2021 e que superará en 5 meses os umbrais establecidos no artigo 118.1, así como o informe considerase de aplicación nas vindeiras facturas do mesmo adxudicatario e polo mesmo concepto que se emitan durante o exercicio 2021 e ata que non se teña tramitado a licitación do mesmo.

O Sr. presidente sinala que esta licitación se foi atrasando por varias causas: debido ás negociacións feitas co Club Arosa, S.C., no que solicitara levar a cabo o mantemento polos seus propios medios, o cal non foi posible por unha cuestión legal e neste momento estase tramitando a licitación, coa adxudicación a unha empresa especializada da redacción do prego de Prescricións Técnicas, que unha vez feitos, conxuntamente co prego de Cláusulas Administrativas, traeranse a este órgano para a súa aprobación, se procede.

Unha vez vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor queda sabedor.

3.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 1º TRIMESTRE, ANO 2021.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, 1º trimestre 202 (1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2021), no que a 31/03/2021, non existen obrigas pendentes de pago nas que se estén incumprando o prazo de pago de 30 días. Así como indica que:

- e) Os promedios de pago deste trimestre, sitúanse en 37,56 días.
 - f) As facturas pagadas dentro do trimestre son as seguintes:
Dentro do período legal de pago 171.642,34 €
Fora do período legal de pago 0,00 €
 - g) As facturas pendentes de pago ao final do trimestre dentro do período legal de pago ascenden a 30.565,22 € e, fora do período legal de pago 0,00 € .
 - h) O Período Medio de Pago da Fundación de Deportes é de 24,22 días.
- O Consello Reitor queda sabedor.

4.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 1º TRIMESTRE DE 2021, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.



Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe do 1º trimestre de 2021 (1 de xaneiro ao 31 de marzo de 2021), en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente, cumpríndose a obriga no prazo establecido legalmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

5.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2020.

Pola Sra. interventora/delegada da conta da Liquidación do presuposto da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa do ano 2020, co seguinte resultado:

RESULTADO ORZAMENTARIO:

Obrigas Recoñecidas netas	1.063.314,24 €
Dereitos recoñecidos netos	1.069.836,43 €
Resultado orzamentario	6.522,19 €
Desviacións positivas de financiamento	0,00 €
Desviacións negativas de financiamento	0,00 €
Gastos financiados con remanente líquido Tesourería	0,00 €
Resultado orzamentario axustado	6.522,19 €

Así como da conta da Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, no que se aproba a citada Liquidación, cun resultado presupostario axustado que ascende á cantidade de 6.522,19 € e un remanente de Tesourería para gastos xerais positivo por importe de 244.561,72 €.

O Consello Reitor queda sabedor.

6.- DAR CONTA DO INFORME RESUMO ANUAL SOBRE O CONTROL INTERNO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES), EJERCICIO 2020.

Pola Sra. interventora/delegada dáse conta do informe resumo anual relativo ao control interno da Fundación de Deportes, exercicio 2020, no que sinala que:

. “En relación coa Función Interventora.- Non hai irregularidades que por tipoloxía ou por contía deba recollerse nun Plan de Acción, de todas forma podemos indicar:



- Necesario tramitar as licitacións correspondentes para contratos vencidos e que se están a levar a cabo mediante contratos menores de carácter continuo e repetitivo. Expedientes DEPORT/2020/000079, e 411.
- Recomendase tramitar contratos para gastos de carácter continuo e repetitivo, tales como actuacións fitosanitarias en instalacións deportivas. Expediente DEPORT/2020/000335, 358 e 373.
- . En relación co Control Financeiro Permanente.- Cabe recoller as seguintes conclusións e recomendacións:
 - Procede dotar crédito para o reforzo da área administrativa do OOAA tal e como se sinalan nos informes emitidos con ocasión do Informe resumo anual sobre o control interno do exercicio 2019 que figura no expediente da Conta Xeral do 2019 (INT/2020/000272) e do informe do Plan anual de control financeiro 2020-2021 (INT/2020/000587).

Polo que ás deficiencias que requiren a adopción de medidas correctoras a través de un plan de acción deberán incluírse as medidas de corrección correspondentes para dar cobertura as recomendacións realizadas no punto anterior.”

Así como sinala que: “Con data 30 de outubro aprobouse o Plan de Acción de control Financeiro onde se establecía un apartado para a Fundación de Deportes en relación as accións para paliar o incumprimento da lexislación de contratos, as irregularidades de gastos nas instalacións da Fundación Fexdega e a insuficiencia de medios persoais. Cabe indicar que na actualidade non se adoptaron decisións en relación as accións citadas anteriormente, non obstante ante a situación de pandemia polo Covid-19 que afectou ao exercicio 2020 non houbo incidencias en canto as irregularidades por gastos nas instalacións da Fundación Fexdega e a insuficiencia de medios persoais unicamente afectou a área de contratación da Fundación de Deportes.”

O Consello Reitor queda sabedor.

7.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS 2021, CORRESPONDENTE Á LIÑA 2: AMORTIZACIÓN, PAGAMENTO DE DÉBEDAS, GASTOS CORRENTES E ACTIVIDADES, PARA O PROXECTO DE: LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS NAS QUE SE DESENVOLVE ACTIVIDADE DEPORTIVA, POR IMPORTE DE 6.000,00 €.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra en sesión con data 09/04/2021 no que se aprobou



conceder unha subvención á Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa (Fundación de Deportes), por importe de 6.000,00 €, ao abeiro da “CONVOCATORIA DO PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2021, correspondente á LIÑA 2”, publicadas no BOP, o pasado día 04/01/2021, con cargo á Liña 2: Amortización de débedas con entidades financeiras, pagamento de débedas con acreedores de gasto corrente e investimentos, gastos correntes derivados da prestación de servizos municipais ou gastos correntes derivados da realización de actos culturais, deportivos, sociais, educativos etc..., para o Proxecto de Gasto Corrente Novo: LIMPEZA DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS NAS QUE SE DESENVOLVE ACTIVIADE DEPORTIVA, MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO 2021, cun orzamento de 33.000,00 €, conforme á solicitude feita por este organismo autónomo, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 15/03/2021.

O Consello Reitor queda sabedor.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA COMPOSICIÓN DO ÓRGANO DE ASISTENCIA: MESA DE CONTRATACIÓN, PARA A TRAMITACIÓN DAS LICITACIÓNS MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, CONFORME A LEI 9/2017 DO 8 DE NOVEMBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da proposta do Sr. presidente relativa á aprobación da composición do órgano de asistencia, Mesa de Contratación, para as tramitacións das licitacións mediante procedemento aberto, conforme a Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar a proposta do Sr. presidente, da composición do órgano de asistencia, Mesa de Contratación, para as tramitacións das licitacións mediante procedemento aberto, conforme a Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, quedando da seguinte maneira:

Presidente/a.- O Sr. presidente da Fundación de Deportes ou Vicepresidente, de acordo o que se establece nos Estatutos da Fundación de Deportes.

Vogais:

- Vogal 1: A Sra. secretaria/delegada da Fundación de Deportes
- Vogal 2: A Sra. interventora/delegada da Fundación de Deportes
- Vogal 3: Empregado/a Municipal do Servizo/Subministro ou obra a licitar
- Vogal 4: Un membro do Consello Reitor da Fundación de Deportes



Secretario/a da Mesa de Contratación: Empregado/a Municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

- A Sra. Granja pregunta cal é o prezo previsto de licitación do contrato de mantemento vexetal dos campos de fútbol.

A Sra. secretaria/delegada explica que o prezo de licitación está pendiente do informe técnico da empresa especializada, que se lle adxudicou a emisión do devandito informe e a redacción do prego de prescricións técnicas, tendo redactado a secretaria/delegada o prego de Cláusulas administrativas e, unha vez presente a empresa o prego de prescricións técnicas, debe ser aprobado por este órgano Colexiado

O Sr. presidente sinala que na actualidade se está levando a cabo a tramitación desta licitación, que se atrasou polas negociacións feitas co Club Arosa, S.C., que solicitaba levar directamente o mantemento do terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba, non podendo ser conforme ao informe de intervención.

O Sr. Vilas pregunta sobre a queixa trasladada dos Clubes de Salvamento e Natación, relativa ao prezo abusivo de máis de 1.500,00 €, que a empresa concesionaria pretendía cobrarlles, polo uso da piscina municipal cuberta, para a celebración dunha xornada de competición.

O Sr. presidente contéstalle que non ten ningún coñecemento sobre o asunto.

O Sr. director Deportivo, sinala que non ten constancia dese cobro, posto que xa se celebrou unha xornada de competición de salvamento deportivo e as queixas do Club Deportivo Salvamento eran relativas á adquisición de material que tivo que asumir o citado Club para o desenvolvemento da citada xornada. Indicando que se pondrá en contacto co xerente da empresa concesionaria para informarse sobre o asunto.

O Sr. Vilas roga que se recolla estas circunstancias no novo prego que se redacte, no momento que se leve a cabo a licitación da ampliación da devandita instalación deportiva.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e catorce minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 27 DE XULLO DE 2021

No Salón de Plenos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e trinta e catro minutos do día vinte e sete de xullo de dous mil vinte e un, reúnen-se en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria (conforme acordo do Consello Reitor en sesión con data 17/09/2019, relativo ao cambio no día da semana por circunstancias excepcionais e xustificadas das sesións ordinarias do devandito organo), os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vogaís: D. Isidro Fernández Portas

D. José Luis Peso Teodosio

Dna. Ana M^a Granja Guillán

D. Álvaro Penas Cascón (suplente de Dna. M^a De la O Fernández González)

D. José Ramón Santorum Canto

D. Ángel Francisco Vilas Fernández (incorpórase ás 20:37 horas)

D. Ángel Cardalda Mosquera (incorpórase ás 20:57 horas)

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M^a Otero Piñeiro

Excusan a súa asistencia o Sr. vicepresidente, D. Álvaro Carou García e a Sra. vogal, Dna. Lucía César Veloso.

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión ordinaria do día seis de maio de dous mil vinte e un e, unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO UN DE ABRIL AO TRINTA DE XUÑO DO PRESENTE ANO.



Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do periodo do un de abril ao trinta de xuño do presente ano, relativas a:

Mes de abril :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 06/04/21** .- “1.- Anulación da Resolución do Sr. presidente con data 04/03/2021, no que se lle autorizaba os horarios no Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo para os adestramentos dos seus equipos base, tempada 2020/21, ao presentar unha nova solicitude na que modificaba tanto o horario como as instalacións que queren usar para os devanditos adestramentos.
2.- Autorizar ao Club Arosa S.C., o uso das instalacións deportivas municipais que a continuación se relacionan, para levar a cabo os adestramentos dos seus equipos base, tempada 2020/21, co seguinte desglose:

<u>INSTALACIÓN</u>	<u>DIAS</u>	<u>HORAS</u>
C.F.M. Manuel Jiménez Abalo	Luns	17:00-21:30 horas
	Martes	16:30-18:30 horas
	½ campo	18:30-20:30 horas
	Mércores	18:30-21:30 horas
	Xoves	16:30-18:30 horas
	½ campo	18:30-20:00 horas
	Venres	16:30-20:00 horas
	½ campo	20:00-20:30 horas
C.F.M. Mari Paz Vilas Dono	Luns	18:30-21:30 horas
	Xoves	17:00-21:30 horas

Así como, comunícaselle que esta autorización poderá sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **2ª Resolución con data 14/04/21** .- “1.- Autorización ao Club San Martín., o uso do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, para levar a cabo os adestramentos dos seus equipos de base nas franxas horarias que a continuación se relacionan:

<u>EQUIPO</u>	<u>DIAS</u>	<u>HORAS</u>
---------------	-------------	--------------



Prevenxamín e benxamín	Luns e mércores	17:00-20:00 horas
Alevín	Martes e xoves	18:30-20:00 horas
Infantil	Luns e venres	18:30-20:00 horas
	Mércores	20:00-21:30 horas
Cadete e xuvenil	Martes, xoves e venres	20:00-21:30 horas

Así como, comunícaselle que esta autorización poderá sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **3ª Resolución con data 14/04/21** .- “1.- Autorización á Escola Fútbol Sala Salnés, o uso do Pavillón Municipal de Carril, para levar a cabo os adestramentos dos seus equipos de base nas franxas horarias que a continuación se relacionan:

<u>EQUIPO</u>	<u>DIAS</u>	<u>HORAS</u>
Xuvenil	Martes e xoves	20:15-21:30 horas
Cadete	Venres	20:00-21:00 horas

Así como, comunícaselle que esta autorización poderá sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **4ª Resolución con data 19/04/21** .- “1.- Autorización ao Club Atlético Arousana, o uso das instalacións deportivas municipais que a continuación se relacionan, para levar a cabo os adestramentos dos seus equipos categorías das Alevín, Infantil e Senior B, tempada 2020/21, co seguinte desglose:

<u>EQUIPO</u>	<u>INSTALACIÓN</u>	<u>DIAS</u>	<u>HORAS</u>
Alevín	C.F.M. de Berdón	Martes	16:45-18:00 horas
		Venres	17:00-18:30 horas



Infantil	C.F.M. Manuel JiménezAbalo	Martes e xoves	18:30-20:00 horas
Senior B	C.F.M. de Berdón	Luns e xoves	20:00-21:30 horas

Así como, comunícaselle que esta autorización poderá sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **5ª Resolución con data 20/04/21** .- “1.- Autorización á Escola Fútbol Sala Salnés, o uso do Pavillón Municipal de Carril, para levar a cabo os adestramentos do seu equipo de categoría Benxamín, tempada 2020/21, os venres de 18:30 -20:00 horas.

Así como, comunícaselle que esta autorización poderá sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

- **6ª Resolución con data 29/04/21** .- “1.- Autorización ao Club Vilarousa Ximnasia, o uso do Pavillón Municipal de Carril, para a grabación dos seus ximnastas que participarán no CAMPIONATO ON-LINE DE XIMNASIA RÍTMICA, o vindeiro día 1 de maio do presente ano, de 9:30-13:30 horas e de 16:00-19:00 horas. Así como comunicáselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

2.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas nos protocolos da Fundación de Deportes, conforme normativa COVID19 e as establecidas no protocolo Fiscovid Galego de Ximnasia Rítmica.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal



de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Así como lémbreselle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.”

- **7ª Resolución con data 29/04/21** .- “1.- Autorización ao I.E.S. Fermín Bouza Brey, o uso do pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do “CLINIC VILAGARCÍA 2021 – ADESTRANDO NO BALONCESTO”, dirixido a adestradores, alumnado dos Ciclos Formativos Técnico Deportivo de Baloncesto e mestres, os vindeiros días 25 e 26 de xuño do presente ano, no horario que a continuación se indica:

<u>DÍA</u>	<u>HORAS</u>
25/06/21	16:00-21:00 horas
26/06/21	09:30-13:45 horas 16:30-20:30 horas

Así como comunicáselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesmas condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

2.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas e protocolos establecidos para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 (acompañase Protocolo da Fundación de Deportes do uso de instalacións deportivas municipais) reguladas pola lexislación vixente, debendo acatar as seguintes medidas:



- a) Control de acceso, con limpeza de mans co xel hidroalcohólico e desinfección do calzado na alfombra e toma de temperatura. Os asistentes seguirán a circulación establecida para as persoas na instalación ata as cadeiras.
- b) Asistentes con mascarilla todo o tempo, non se pode comer nin beber nos asentos.
- c) Asistentes sentado nas cadeiras con numeración todo o tempo, asegurando os 1,5 m nas catro dirección.
- d) Listado de control dos asistentes que accede a instalación, co número de asento que ocupa cada un, respetando o aforo limitado, sendo no Pavillón N° 1 de 184 cadeiras.
- e) Presenza dun responsable covid19 designado pola entidade.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

- a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueras, tubos, cables, etc...).
- b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.
- c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Así como lémbreselle a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 06/06/2013 e a súa normativa vixente.”



B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 06/04/21** .- “1.- Adxudicación á empresa TROQUIÑA, S.L., a través dun contrato Menor de Servizos, a realización do escarificado extraordinario do terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba, por importe de 1.808,95 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-210.
- **2ª Resolución con data 08/04/21** .- “1.- Adxudicación á empresa TROQUIÑA, S.L., a través dun contrato Menor de Subministrados, a adquisición de 20 m³ de area de silice e semente para levar a cabo os traballos de areado e resembrado extraordinarios do terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba, por importe de 3.365,24 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-210.”
- **3ª Resolución con data 23/04/21.**- “1.- Adxudicación á empresa CLECE, S.A., empresa adxudicataria do contrato de limpeza das instalacións municipais, a realización do Servizo de limpeza e desinfección dos aseos públicos, do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, a través dun contrato Menor de Servizos, cunha duración de tres meses (24/03/2021 ao 23/06/2021), por importe total de 2.339,97 € (779,99 €/mes, I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-227,00.”
- **4ª Resolución con data 26/04/21** .- “1.- Adxudicación á empresa CALDERÓN Y ASOCIADOS INGENIERIA, S.L.P.(empresa especializada neste sector), a través dun contrato Menor de Servizos, para poder levar a cabo a incoación da Licitación do Contrato de Servizos CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE DETERMINADAS LABORES DE MANTEMENTO VEXETAL NALGUNHAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE, as tarefas que a continuación se relacionan, por importe de 3.388,00 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-227,9900:
 - . Informe técnico previas consultas preliminares no mercado do prezo/hora dos traballos a realizar, produtos, maquinaria, etc...
 - . Redacción do prego de prescricións técnicas
 - . Informe-análise das ofertas que presenten as empresas na citada licitación.”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 05/04/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a relación de facturas a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., co desglose anteriormente sinalado, correspondentes aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 05/04/2021, por importe total de 394,16 €, con cargo á partida 341-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización.”



- **2ª Resolución con data 07/06/21** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de marzo, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 2.584,77 €.”
- **3ª Resolución con data 07/04/21** .- “Aprobación do recoñecemento de obriga a favor da relación e facturas con acordo previo, mes de marzo, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 18.476,31 €:
 - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000003721F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de febreiro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe total de 11.074,86 €, con cargo á partida 341-227,00.
 - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000004421F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de febreiro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe de 2.399,81 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.
 - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 21039, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de febreiro, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 341-227,9902. Así como faíse constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme ao informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos



fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.

4.-Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINO 2132, correspondente ao Contrato Menor de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TÉRMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, 1º trimestre (xaneiro, febreiro e marzo, ano 2021) aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/07/2020, por importe total de 1.815,00 €, con cargo á partida 341-227,9902.”

- **4ª Resolución con data 07/04/21** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de marzo e, facturas complementarias e abonos do subministro da enerxía eléctrica do Pavillón Municipal do Castelaio, por importe total de 7.457,33 €, con cargo ás partidas 341-221,00 e 341-221,02 respectivamente.”
- **5ª Resolución con data 30/04/21** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de abril, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 5.859,95 €.”
- **6ª Resolución con data 30/04/21**- “Aprobación do recoñecemento de obriga a favor relación e facturas con acordo previo, mes de abril, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 22.919,03 €:
1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800007521F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicos sanitarias), mes de marzo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe de 2.399,81 €, con cargo á partida 341-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendiente a tramitación do



expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 0214800006821F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de marzo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe total de 11.074,86 €, con cargo á partida 341-227,00.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 21065, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de marzo, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 341-227,9902. Así como faise constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme ao informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.

4.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola fra. nº A 21103, correspondente a realización do escarificado extraordinario do terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 06/04/2021 por importe de 1.808,95 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-210.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A21104, correspondente a adquisición de 20 m³ de area de silice e semente para levar a cabo os traballos de areado e resembrado extraordinarios do terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 08/04/2021 por importe de 3.365,24 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-210.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 43188642, correspondente á contratación da pola póliza de Seguros nº 11750373, correspondente á contratación da Póliza do seguro de Automóvil da Fundación de Deportes, FORD TRANSIT E3F-SRW 1680CGP, polo periodo do 24/04/21 ao 23/04/22, por importe de 1.083,53 €, con cargo á partida 341-224.”

- **7ª Resolución con data 30/04/21** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministrador de Enerxía Eléctrica das



instalacións deportivas municipais, mes de abril, por importe total de 6.553,74 €, con cargo ás partidas 341-221,00.

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 26/04/21.-** “1.- Aprobación do “PROTOCOLO BÁSICO PARA A PRESENZA DE PÚBLICO NAS COMPETICIÓN DEPORTIVAS FEDERADAS QUE SE DESENVOLVAN NAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, coas medidas de obrigado cumprimento para todos os Clubes Entidades Deportivas que fagan uso das instalacións deportivas municipais con presenza de público durante o desenvolvemento das súas competicións federadas, de conformidade as medidas necesarias establecidas pola Xunta de Galicia, para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID19, que estará exposto ao público nos taboleiros de anuncios de todas as instalación deportivas municipais.
2.- Dar conta á Xunta de Goberno Local do devandito Protocolo, para o seu coñecemento e aos efectos que correspondan.”

Mes de maio:

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 06/05/21 .-** “1.- Autorización á Agrupación Deportiva Cortegada, a presenza de público na competición deportiva federada dos seus equipos que se celebren no Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, cun aforo máximo de 184 persoas. Debendo cumprir as medidas establecidas no PROTOCOLO BÁSICO PARA A PRESENZA DE PÚBLICO NAS COMPETICIÓN DEPORTIVAS FEDERADAS QUE SE DESENVOLVAN NAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 16/04/2021.”
- **2ª Resolución con data 06/05/21 .-** “1.- Autorización a Os Ingleses Rugby Club, a presenza de público na competición deportiva federada dos seus equipos que se celebren no Campo de Herba Natural do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, cun aforo máximo de 88 persoas (descontando os asentos que ocupen os/as deportitas dos equipos que figuren no acta do encontro). Debendo cumprir as medidas establecidas no PROTOCOLO BÁSICO PARA A PRESENZA DE PÚBLICO NAS COMPETICIÓN DEPORTIVAS FEDERADAS QUE SE DESENVOLVAN NAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 16/04/2021.”
- **3ª Resolución con data 06/05/21 .-** “1.- Autorización ao Club San Martín Vilaxoán, a presenza de público na competición deportiva federada dos seus equipos que se celebren no Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, cun aforo máximo de 98 persoas



(repartidas nos dous graderíos, 60 no descuberto e 38 no cuberto). Debendo cumprir as medidas establecidas no PROTOCOLO BÁSICO PARA A PRESENZA DE PÚBLICO NAS COMPETICIÓNS DEPORTIVAS FEDERADAS QUE SE DESENVOLVAN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 16/04/2021.

- **4ª Resolución con data 06/05/21** .- “1.- Autorización á Asociación Deportiva Arousa Fútbol 7, a presenza de público na competición deportiva federada dos seus equipos que se celebren no Campo de Fútbol Municipal de Berdón, cun aforo máximo de 52 persoas. Debendo cumprir as medidas establecidas no PROTOCOLO BÁSICO PARA A PRESENZA DE PÚBLICO NAS COMPETICIÓNS DEPORTIVAS FEDERADAS QUE SE DESENVOLVAN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 16/04/2021.
- **5ª Resolución con data 06/05/21** .- “1.- Autorización ao Club Vilagarcía S.D., a presenza de público na competición deportiva federada dos seus equipos que se celebren no Campo de Fútbol Municipal de Berdón, cun aforo máximo de 52 persoas. Debendo cumprir as medidas establecidas no PROTOCOLO BÁSICO PARA A PRESENZA DE PÚBLICO NAS COMPETICIÓNS DEPORTIVAS FEDERADAS QUE SE DESENVOLVAN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 16/04/2021.”
- **6ª Resolución con data 06/05/21** .- “1.- Autorización ao Club Arosa S.C., a presenza de público na competición deportiva federada dos seus equipos que se celebren nas instalacións deportivas que a continuación se relacionan, debendo cumprir as medidas establecidas no PROTOCOLO BÁSICO PARA A PRESENZA DE PÚBLICO NAS COMPETICIÓNS DEPORTIVAS FEDERADAS QUE SE DESENVOLVAN NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 16/04/2021, co seguinte desglose:

INSTALACIÓN

AFORO

Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do C.D.M.

Máximo 90 persoas

Fontecarmoa

Estadio Municipal de A Lomba

Máximo 500 persoas

(Conforme a Orde do 16 de abril, no que se reduce o aforo que indica o Protocolo de 698 persoas).”



- **7ª Resolución con data 06/05/21** .- “1.- Autorización á Escola Deportiva de Arousa S.D., a presenza de público na competición deportiva federada dos seus equipos que se celebren no Campo de Fútbol Municipal da Pelada, cun aforo máximo de 35 persoas. Debendo cumprir as medidas establecidas no PROTOCOLO BÁSICO PARA A PRESENZA DE PÚBLICO NAS COMPETICIÓN DEPORTIVAS FEDERADAS QUE SE DESENVOLVAN NAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 16/04/2021.
- **8ª Resolución con data 06/05/21** .- “1.- Autorización ao Basket Base Club, a presenza de público na competición deportiva federada dos seus equipos que se celebren no Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, cun aforo máximo de 184 persoas. Debendo cumprir as medidas establecidas no PROTOCOLO BÁSICO PARA A PRESENZA DE PÚBLICO NAS COMPETICIÓN DEPORTIVAS FEDERADAS QUE SE DESENVOLVAN NAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 16/04/2021.”
- **9ª Resolución con data 10/05/21.**- “1.- Autorización ao Club Atlético Arousana, a presenza de público na competición deportiva federada dos seus equipos que se celebren nas instalacións deportivas que a continuación se relacionan, debendo cumprir as medidas establecidas no PROTOCOLO BÁSICO PARA A PRESENZA DE PÚBLICO NAS COMPETICIÓN DEPORTIVAS FEDERADAS QUE SE DESENVOLVAN NAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 16/04/2021, co seguinte desglose:

INSTALACIÓN

AFORO

Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do C.D.M.

Máximo 90 persoas

Fontecarmoa

Estadio Municipal de A Lomba

Máximo 500 persoas

(Conforme a Orde do 16 de abril, no que se reduce o aforo que indica o Protocolo de 698 persoas)

Campo de Fútbol Municipal de Berdón

Máximo 52 persoas”

- **10ª Resolución con data 12/05/21** .- “1.- Autorización ao club Balonmano Arousa, o uso do Pavillón Municipal de Carril, para a reanudación dos adestramentos dos seus equipos, categorías cadete e infantil feminino, tempada 2020/21, os luns de 20:15-21:45 horas e mércores de 18:30-20:00 horas. Así como, comunícaselle que esta autorización poderá sufrir modificacións ante futuras solicitudes por parte doutros



Clubes/Entidades Deportivas e/ou, pola apertura doutras instalacións deportivas municipais que na actualidade, debido a crise sanitaria ocasionada polo COVID 19, permanecen pechadas.

2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 19/05/21** .- “1.- Adxudicación á empresa NEUS J SANTORUM, S.L., a través dun contrato Menor de Servizos, a reparación do vehículo Peugeot Partner do Servizo de Mantemento, para poder levar a cabo as tarefas de mantemento e conserxería das instalacións deportivas municipais, por importe de 1.247,53 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-214,00.”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 31/05/21** .- 1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de Dna. Paula Rial Dieste, técnica deportiva da Fundación de Deportes, polos xustificantes de gastos correspondentes á locomoción, da asistencia ao Curso Formativo “A FIGURA DO PROMOTOR DE EXERCICIO FÍSICO E SAÚDE NOS CONCELLOS GALEGOS”, aprobados pola Resolución do Sr. presidente con data 06/05/2021, por importe total de 41,70 €, con cargo a partida 342-231,20.”
- **2ª Resolución con data 31/05/21** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de maio, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 3.277,34 €.”
- **3ª Resolución con data 31/05/21** .- ““Aprobación do recoñecemento de obriga a favor relación e facturas con acordo previo, mes de maio, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 19.490,86 €:
1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000010921F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de abril, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe de



2.399,81 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000010221F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de abril, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe total de 11.074,86 €, con cargo á partida 342-227,00.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000012921F, correspondente á realización do servizo de limpeza e desinfección do aseos públicos do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, mes de abril, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 23/04/2021, por importe total de 779,99 €, con cargo á partida 342-227,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 21110, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de abril, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902. Así como faíse constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme ao informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº43266140, correspondente á contratación da pola póliza de Seguros nº 12074505, correspondente á contratación da Póliza do seguro de Automóvil da Fundación de Deportes, PEUGEOT PARTNER TEPEE PREMIUM 1.6 HDI 90, polo periodo do 15/05/21 ao 14/05/22, por importe de 594,03 €, con cargo á partida 342-224.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa NEUS J. SANTORUM, S.L., pola factura nº 032321-555, correspondente ao contrato de servizos, pola reparación do vehículo PEUGEOT PARTNER TEPEE PREMIUM 1.6 HDI 90, para poder levar a cabo as



tarefas de mantemento e conserxería das instalacións deportivas municipais, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 19/05/2021, por importe total de 1.247,53 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-214,00.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000015521F, correspondente ao contrato de servizos, pola realización do servizo de limpeza e desinfección do aseos públicos do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, polo período do 24/03-31/03/2021, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 23/04/2021, por importe total de 208,00 €, con cargo á partida 342-227,00.”

- **4º Resolución con data 31/05/21** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de maio, por importe total de 6.301,30 €, con cargo ás partidas 342-221,00 e 342-221,02 respectivamente.”

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 06/05/21.**- “1.- Autorización a Dna. Paula Rial Dieste, Técnica Deportiva da Fundación, da realización do Curso Formativo “A FIGURA DO PROMOTOR DE EXERCICIO FÍSICO E SAÚDE NOS CONCELLOS GALEGOS”, que se celebra na Escola galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago de Compostela, os días 26, 27 e 28 de abril do presente ano . Así como aprobar os gastos de locomoción, por importe total de 49,20 €, con cargo á partida 342-231,20. Debendo presentar para o seu recoñecemento da obriga o certificado de asistencia cos datos da Entidade ou Persoa organizadora, así como os xustificantes de gastos.”
- **2ª Resolución con data 19/05/21**- “1.- Prestarlle a súa conformidade á inscrición do CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA: CLUB TEAM PITUFO R.C., no rexistro de Clubes/Entidades deportivas da Fundación de Deportes, unha vez presenta a documentación correcta, conforme á Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia pola Xunta de Galicia.”
- **3ª Resolución con data 27/05/21** .- “1.- Iniciación do procedemento ordinario, para dilucidar responsabilidades, a D. Breogán Calviño Froiz, designando instructor do expediente Dna. Paula Rial Dieste, conforme o artigo 38 PROCEDIMENTOS DISCIPLINARIOS SANCIONADORES, apartado “2) O presidente/a, terá a competencia de sancionar as faltas cometidas polos usuarios que teñan a consideración de leves e graves.”, do devandito Regulamento de Réxime Interno.
2.- Que se leve a cabo o Prego de Cargos polo Sr. Instructor, no que conterà a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas



presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Que deberá acompañarse na notificación do presente acordo.

- **4ª Resolución con data 27/05/21** .- “1 – Iniciación do procedemento, para dilucidar responsabilidades, a D. Jose Manuel Fernández Silva, designando instructora do expediente Dna. Paula Rial Dieste, conforme o artigo 38 PROCEDEMENTOS DISCIPLINARIOS SANCIONADORES, apartado “2) O presidente/a, terá a competencia de sancionar as faltas cometidas polos usuarios que teñan a consideración de leves e graves.”, do devandito Regulamento de Réxime Interno.
2.- Que se leve a cabo o Prego de Cargos polo Sr. Instructor, no que conterà a determinación dos feitos imputados, a identificación da persoa ou das persoas presuntamente responsables, así como as posibles sancións aplicables. Que deberá acompañarse na notificación do presente acordo.”

Mes de xuño:

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 03/06/21** .- “1.- Aprobación a coorganización con Special Olympics Galicia, para a celebración dos 26º XOGOS AUTONÓMICOS MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, o vindeiro día 12 de xuño do presente ano, no Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa.
2.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onde estará representado a devandita Entidade Deportiva e a Fundación de Deportes, con un representante de cada Entidade e, o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.
3.- Nomear como representantes do citado Comité, por parte da Fundación de Deportes a: D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo da Fundación de Deportes e, pola outra parte a Dna. Eunice Mosquera Arnos, directora Técnica de Special Olympics Galicia, en representación da súa entidade.”
- **2ª Resolución con data 18/06/21** .- “1.- Autorización á Asociación Deportiva Cultural Vilagarcía Esgrima, o uso do Pavillón Municipal de Faxilde, para a celebración do XI e XII TORNEO DE ESPADA VILAGARCÍA DE AROUSA, o vindeiro día 3 de xullo do presente ano, de 09:00-15:00 horas. Comunicándolle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.
2.- Deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo Básico para o uso das Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa para o Deporte Federado, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/10/2020 e demais normativa aplicable de medidas necesarias establecidas pola Xunta de Galicia, para



facen fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID19, así como coas medidas establecidas no Protocolo Fiscovid da Federación Galega de Esgrima.

3.- Comunicarlle que non está permitido o consumo de alimentos dentro das instalacións deportivas municipais, conforme a normativa COVID19.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.3) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

6.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueriras, tubos, cables, etc...).



b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbrales a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidro nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.”

- **3ª Resolución con data 22/06/21** .- “1.- Autorización ao Club Arosa, S.C. o uso do Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo, para levar a cabo unhas xornadas de captación de futbolistas federados da zona, os vindeiros días 22 e 23 de xuño do presente ano, en horario 17:00-20:00 horas.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo Básico para o uso das Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa para o Deporte Federado, das medidas necesarias establecidas pola Xunta de Galicia, para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID19, así como, coas establecidas no Protocolo Fiscovid da Federación Galega de Fútbol.

4.- Comunicarlle que a actividade debe contar co seguro de accidentes conforme a Lei 3/2012 do Deporte de Galicia ou coa autorización da Federación Galega de Fútbol para adestramentos federados.

5.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade”.

- **4ª Resolución con data 25/06/21** .- “1.- Autorizar á AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ, o uso do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da “VII ESCOLA DE VERÁN DE ATLETISMO MAZÍ”, do 19 de xullo ao 13 de agosto do presente ano, (excepto os días que sexan festivos), luns, martes, xoves e venres, de 10:00-13:00 horas.

2.- Comunicaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización



das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:

a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.

b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 5 becas (das 48 prazas ofertadas), para a inscrición de cinco alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

4.- Comunicarlle que, para o desenvolvemento de esta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo deporte federado.

Así como, segundo a lexislación vixente, teráse en conta que o aforo permitido Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa é de 50 deportistas excluídos os monitores, que tal como indica, deberán traballar repartidos en dous grupos de 25 deportistas, onde en cada medio campo deberán subdividirse en dous grupos de non máis de 15 deportistas, traballando con máscara e realizando actividades sen contacto físico.

5.- Comunicarlle que non está permitido o consumo de alimentos dentro das instalacións deportivas municipais, conforme a normativa COVID19, polo que, deberán saír da instalación no caso de realizar algún avituallamento, permitindo só a inxesta de auga para a hidratación dos deportistas.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes (Catálogo de procedementos da Fundación de Deportes – 30001 SOLICITUDE XENÉRICA:



7.1) O anexo I (modelo normalizado adxunto) do Protocolo Básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo Deporte Federado.

7.2) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade”

- **5ª Resolución con data 25/06/21** .- “1.- Autorización á Fundación Celta de Vigo, o uso do Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo, para a celebración do VII CAMPUS DE VERANO FUNDACIÓN CELTA DE VIGO, dirixidos a nenos/as de toda a Comarca de idades comprendidas dos 4 aos 16 anos, do 19 ao 23 de xullo do presente ano, de 09:00-14:00 horas.

2.- Comunicaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que deberá na maior brevidade posible, presentar ó numero total de inscritos (co desglose de tipo de solicitudes de inscrición segundo o seu escrito) do devandito Campus, para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso do citado Campo, segundo o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº III.5 que a continuación se indica:



“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

TARIFAS:

Tarifa Mínima % S/Ingresos

<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>		
-.....	Instalacións exteriores	6,00	10%
-.....	Instalacións interiores	9,00	10%

- Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.
- Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte”.

Indicándolle que o horario de 13:00-14:00 horas dos días do 19 ao 23 de xullo do presente ano, están fora do horario de apertura e peche da instalación, polo que se incrementará en 0,60 €/hora o uso da instalación e, 10,75 €/hora polo custo do persoal. Polo que deberá ingresar na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES16 2080 5067 113040031153), un importe total de 206,75 €, polo uso da instalación deportiva (120,00 €, por 20 horas (4h. x 5 días) a 6,00 €/hora; 33,00 €, por 5 horas (1h. x 5 días) a 6,60 €/hora e, 53,75 €, polas 5 horas (fora da franxa horaria de apertura e peche da instalación a 10,75 €/hora polo custo do persoal). Quedando pendiente de ingresar o 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición.

4.- Comunicarlle que, para o desenvolvemento de esta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo deporte federado, Así como, segundo a lexislación vixente, teráse en conta que o aforo permitido no Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa é de 50 deportistas excluídos os monitores, que tal como indica, deberán traballar repartidos en dous grupos de 25 deportistas en cada medio campo, onde en cada medio campo deberán subdividirse en dous grupos de non máis de 15 deportistas, traballando con máscara e realizando actividades sen contacto físico.

5.- Comunicarlle que non está permitido o consumo de alimentos dentro das instalacións deportivas municipais, conforme a normativa COVID19, polo que, deberán saír da instalación no caso de realizar algún avituallamento, permitindo só a inxesta de auga para a hidratación dos deportistas.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal



de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes (Catálogo de procedementos da Fundación de Deportes – 30001 SOLICITUDE XENÉRICA:

7.1) O anexo I (modelo normalizado adxunto) do Protocolo Básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo Deporte Federado.

7.2) Dado que presenta a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil con data de vencemento 31/06/2021, deberá presentar a póliza renovada e/ou o xustificante de pago da mesma, así como a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade”.

- **6ª Resolución con data 29/06/21** .- “1.- Autorización á Asociación Deportiva 6D o uso do Campo de Herba do Estadio de Atletismo e do Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do “IX CAMPUS INTERNACIONAL DE FÚTBOL PABLO COIRA”, os vindeiros días do 5 ao 9 de xullo do presente ano, en horario de 10:00 a 13:00 horas e de 16:00 18:00 horas. O



cal xenerará a realización dunha hora extraordinaria dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 10,75 €/h., con cargo á partida 341-151/13001.

2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Autorizar o uso dunha caseta de obra existente na propia instalación para gardar o material do citado Campus.

4.- Aprobar a cesión de 1 xogo de porterías Fútbol 8 e un xogo de porterías de Fútbol 11 para a súa colocación no campo de herba do Estadio de Atletismo, así como os 2 xogos de porterías de Fútbol 8 que xa dispón o Campo de Fútbol Manuel Jiménez Abalo. Debendo levarse a cabo a súa colocación e retirada por Persoal Municipal, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.

5.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:

- a) Establécese o 50% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.
- b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 8 becas (de 80 prazas ofertadas), para a inscrición de oito alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

6.- Comunicarlle que deberá na maior brevidade posible, presentar ó numero total de inscritos (co desglose de tipo de solicitudes de inscrición segundo o seu escrito) do devandito Campus, para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso do citado Campo, segundo o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº III.5 que a continuación se indica:

“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

TARIFAS:

Tarifa Mínima	% S/Ingresos
<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>
Instalacións exteriores	6,00 10%



Instalacións interiores 9,00 10%

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte.”

Polo que deberá ingresar previo uso da citada instalación, as cotas do prezo público correspondentes conforme ao establecido no Acordo Regulador nº17 en vigor e de acordo ao sinalado nos parágrafos anteriores, por importe total de 179,88 € (50% dun total de 359,75 €, polo uso dos 2 campos de fútbol, de 20 horas a 6,00 €/hora cada campo, 5 horas fora de horario a 6,60 €/hora cada campo, 5 horas extras dun operario-conserxe a 10,75 €/hora. Que deberán ingresar na conta bancaria da Fundación de Deportes na Entidade Bancaria ABANCA (E70 2080 5067 193040060053). Quedando pendiente de ingresar o 50% do 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición.

7.- Comunicarlle que, para o desenvolvemento de esta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo deporte federado. Así como, segundo a lexislación vixente, teráse en conta que o aforo permitido nos Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo e Campo de Herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa é de 50 deportistas por campo excluídos os monitores, que tal como indica, deberán traballar repartidos en dous grupos de 25 deportistas en cada medio campo, onde en cada medio campo deberán subdividirse en dous grupos de non máis de 15 deportistas, traballando con máscara e realizando actividades sen contacto físico.

8.- Comunicarlle que non está permitido o consumo de alimentos dentro das instalacións deportivas municipais, conforme a normativa COVID19, polo que, deberán saír da instalación no caso de realizar algún avituallamento, permitindo só a inxesta de auga para a hidratación dos deportistas.

9.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

10.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da



Fundación de Deportes (Catálogo de procedementos da Fundación de Deportes – 30001 SOLICITUDE XENÉRICA:

10.1) O anexo I (modelo normalizado adxunto) do Protocolo Básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo Deporte Federado.

10.2) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

10.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

10.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

11.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **8ª Resolución con data 29/06/21** .- “1.- Autorización ao CLUB SAN MARTIN o uso do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxóan, para a celebración dunha Escola de Verán, de luns a venres , do 28 de xuño ao 27 de agosto do presente ano, de 09:00-14:00 horas.
2.- Comunícaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.
3.- No relativo a cesión de cadeiras, mesas e carpas para o avituallamento dos participantes, non se pode acceder a súa petición, dado que, non está permitido o consumo de alimentos dentro das instalacións deportivas municipais, conforme a normativa COVID19, polo que, deberán sair da instalación no caso de realizar algún avituallamento, permitindo só a inxesta de auga para a hidratación dos deportistas.



4.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 25/05/2016 e Resolución do Sr. presidente con data 23/06/2017, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:

- a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.
- b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 13 becas (de 130 prazas ofertadas), para a inscrición de oito alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

5.- Comunicarlle que, para o desenvolvemento de esta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo deporte federado, así como, segundo a lexislación vixente, teráse en conta que o aforo permitido nos Campos de Fútbol Municipal de Vilaxoán é de 60 deportistas excluídos os monitores, que tal como indica, deberán traballar repartidos en dous grupos de 30 deportistas en cada medio campo, onde en cada medio campo deberán subdividirse en dous grupos de non máis de 15 deportistas, traballando con máscara e realizando actividades sen contacto físico.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes (Catálogo de procedementos da Fundación de Deportes – 30001 SOLICITUDE XENÉRICA:

- 7.1) Faise constar que o Club organizador da actividade xa presentou o anexo I (modelo normalizado adxunto) do Protocolo Básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo Deporte Federado.



7.2) Faise constar que o Club organizador da actividade xa presentou a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

7.3) Faise constar que o Club organizador da actividade, xa presentou a documentación que acredita a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.4) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunicaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade.”

- **9ª Resolución con data 30/06/21** .- “1.- Comunicación á Asociación Deportiva Cultural Vilagarcía Esgrima, a corrección do erro detectado na Resolución do Sr. Presidente con data 18/06/21, en relación a autorización de uso da instalación para a celebración do XI e XII TORNEO DE ESPADA VILAGARCÍA DE AROUSA, o vindeiro día 3 de xullo do presente ano, de 09:00-15:00 horas, na que conforme o indicado no informe do Sr. director Deportivo, a a instalación autorizada para o desenvolvemento do devandito evento é o Pavillón Municipal nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa en vez do Pavillón Municipal de Faxilde.”

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 02/06/21** .- “1.- Adxudicación a adquisición de 30 trofeos á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., para entrega de premios na celebración da SEMANA GALEGA DE VELA a través dun contrato menor de subministro, por importe de 367,50 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-226-9901.
- **2ª Resolución con data 11/06/21** .- “1.- Aprobación da realización da loxística e o gasto de coorganización con SPECIAL OLIMPICS GALICIA, para a celebración dos 26º XOGOS AUTONÓMICOS MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE



INTELECTUAL, que se vai levar a cabo no Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, o vindeiro día 12 de xuño do presente ano, na que a Fundación de Deportes farase cargo do seguinte:

- Adquisición de 82 medallas
- Servicio de Ambulancia medicalizada
- Servizo de limpeza extraordinaria da instalación no desenvolvemento
- Material deportivo da Fundación de Deportes.
- Recollida e devolución das mesas de Tenis de Mesa cedidas polo Club Deportivo Vilagarcía Tenis de Mesa.

2.- Adxudicar ás empresas que a continuación se relacionan, a realización do subministro e servizos para a celebración do devandito evento, por importe total de 1.266,10 € (I.V.E. incluído):

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Adquis. medallas	164,00 .-	342-226,9901
COLECTIVO EXTREMEÑO	Servizo ambulancia		
DE AMBULANCIAS, S.L.	medicalizada720,00 .-	342-226,09
CLECE, S.A.	Limpeza instalacións	<u>382.10 .-</u>	<u>342-227,00</u>
	Total	1.266,10 €"	

- **3ª Resolución con data 16/06/21** .- "1.- Adxudicación á empresa MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y COSTRUCIONES DE AROSA, S.L., a través dun contrato Menor de Obra, a realización da obra civil consistente na nivelación do terreo de xogo da pista nº 4 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, por importe de 10.708,55 € (I.V.E. incluído), conforme á Memoria Valorada do Arquitecto Municipal, con cargo á partida 342-619,00."
- **4ª Resolución con data 17/06/21** .- "Visto o expediente de Modificación de Créditos de Transferencias de Créditos número 1/TC/2021 en virtude do disposto na Providencia da Presidencia do expediente na que pon de manifesto que é necesario completar os traballos de instalación do céspede na pista de tenis nº 4 de Fontecarmoa en relación aos traballos de inversión que se están a realizar, así como subministrar una fotocopiadora para as oficinas da Fundación de Deportes, e repoñer por deterioro un termo eléctrico no Pavillón de Faxilde e un cañón de rego no C.F. de Vilaxoan, procede realizar unha transferencia de crédito para dotar de crédito as aplicacións orzamentarias correspondentes. Trátase de transferencias entre os créditos das aplicacións orzamentarias de Gastos do vixente Presuposto Municipal, dentro da mesma área de gasto respectivamente, de conformidade cós artigos 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas



Locais, 40 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, e Base 12 de execución do Presuposto, ascendendo o expediente a un importe total de 8.581,00 €.

Visto o informe da Sra. Interventora Delegada, o expediente está axustado aos requisitos esixidos polos artigos 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigos 40, 41 e 42 do Real Decreto 500/90 e ó establecido nas Bases de Execución do vixente presuposto, procede a aprobación das transferencias de crédito, segundo se propón no expediente.

Veño en aprobar o expediente, introducíndose no Estado de Gastos e Ingresos, as seguintes modificacións:

APLICACIÓNS DE GASTOS CON CRÉDITOS EN BAIXA

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE EN BAIXA €
342-20300	DEPORTES-ARRENDAMENTO MAQUINARIA, INST, E UTILLAXE	3.600
342-20400	DEPORTES-ARRENDAMENTO MATERIAL DE TRANSPORTE	4.800
341-22609	DEPORTES- ACTIVIDADES DEPORTIVAS	181
TOTAL		8.581

APLICACIÓNS DE GASTOS CON ALTAS DE CRÉDITO

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE €
341-61900	DEPORTES- OUTRAS INV. REPOSICION INFRAESTRUCTURAS	1.000
341-62300	DEPORTES- INV. NOVA EN MAQUINARIA, INST. E UTILLAXE	5.095
341-63300	DEPORTES- INV. REPOS. MAQUINARIA, INST. E UTILLAXE	2.486
TOTAL		8.581

O total de Altas de Créditos, é igual ás Baixas, polo que resolvo aprobar a Transferencia de Créditos, sendo esta Resolución firme e executiva, sen necesidade de máis trámites, polo que se procederá polos servizos de Intervención a introducir na Contabilidade as modificacións de créditos aprobadas.”

- **5ª Resolución con data 18/06/21** .- “1.- Adxudicación á empresa SOLITIUM NOROESTE, S.L.U. (empresa adxudicataria do Concello do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, do Contrato de Subministrados en vigor das impresoras-



fotocopiadoras existentes), a través dun contrato Menor de Subministros, a adquisición dunha impresora-fotocopiadora por importe total de 5.094,12 € (I.V.E. INCLUIDO), con cargo ás partidas 342-623,00. Así como aprobar o custo de mantemento que inclúe as reparacións e toners, facturando ao mes o consumo por número de copias segundo o seguinte desglose, e 342-220,00 :

COPIAS	PREZO UNID. (sen I.V.E)	PREZO UNID. (con I.V.E)
Impresión A4 B/N	0,009300€	0,011253 €
Impresión A4 Color	0,065000€	0,078650 €”

- **6ª Resolución con data 21/06/21.-** “1.- Aprobación do Estudo-Proxecto das ESCOLAS DE NAVEGACIÓN MUNICIPAIS 2021, nas modalidades de Piragüismo, Remo e Vela, cun total de 100 prazas: 30 prazas as modalidades piragüismo e remo e, 40 prazas a modalidade de vela. Así como as Solicitudes de Inscripción das devanditas Escolas, para nenos/as de idades comprendidas de 8 a 16 anos (nados entre 2005 ao 2012, ambos inclusive) e que sepan nadar e, se levarán a cabo nas seguintes datas:

- . Escola de navegación, modalidade vela, desenvolverase de 5 ao 9 de xullo de 2021.
- . Escolas de navegación, modalidades piragüismo e remo, desenvolveranse do 5 de xullo ao 28 de agosto 2021.

2.- Aprobar o orzamento de gastos do Estudo-Proxecto das ESCOLAS DE NAVEGACIÓN MUNICIPAIS 2021, por importe total de 6.907.39 €, co seguinte desglose:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
SEGUROS DEPORTIVOS	1.107,39 €	342-224,00
ESCOLA NAVEGACIÓN MODALIDADE PIRAGUISMOS	2.200,00 €	342-227,9901
ESCOLA NAVEGACIÓN MODALIDAE REMO	2.000,00 €	342-227,9901
ESCOLA NAVEGACIÓN MODALIDADE VELA	<u>1.600,00 €</u>	342-227,9901
-	TOTAL	6.907,39 €”

- **7ª Resolución con data 21/06/21.-** “1.- Adxudicación á empresa PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U. (empresa adxudicataria que leva a cabo os labores de tratamento preventivo fronte a lexionelose nas instalación deportivas municipais) a través dun contrato Menor de Servizos, a realización do mantemento preventivo fronte a Lexionelose para as instalacións de auga quente sanitaria (con duchas) dos vestiarios do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, por importe total de 302,50 € (I.V.E. incluído), con cargo a partida 342-227,9902.”

- **8ª Resolución con data 22/06/21.-** “1.- Adxudicación á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, a contratación do seguro de accidentes para as Escolas de Navegación Municipais,



modalidades de Piragüismo e Remo, ano 2021, dirixidas a nenos/as de idades comprendidas de 8 a 16 anos (nados entre 2005 ao 2012, ambos inclusive), que se levará a cabo dende o vindeiro 5 de xullo ao 28 de agosto do presente ano, cun total de 60 prazas (30 para cada modalidade), a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 467,39 € (IVE incluído) con cargo á partida 342-224,00.”

- **9ª Resolución con data 22/06/21.-** “1.- Adxudicación ao CLUB DEPORTIVO DEPORNAUTIC VILAGARCÍA, a organización da Escola de Navegación Municipal, modalidade de Piragüismo, ano 2021, dirixida a nenos/as de idades comprendidas de 8 a 16 anos (nados entre 2005 ao 2012, ambos inclusive), que se levará a cabo dende o vindeiro 5 de xullo ao 28 de agosto do presente ano, cun total de 30 prazas, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 2.200,00 €, con cargo á partida 342-227,9901, que se abonará pola Fundación de Deportes previa presentación da factura expedida pola entidade debidamente dilixenciada, acompañada da folla de control das asistencias dos alumnos ás clases, asinado polo/s adestrador/es-monitor/es.
2.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento das devanditas Escolas e observación do cumprimento dos obxectivos das mesmas.
3.- O Club adxudicatario deberá presentar antes do inicio da devandita Escola, certificación acreditativa de que os adestradores/monitores, que imparten as clases, están en posesión do título oficial correspondente ao deporte que adestren ou a Titulación oficial de Técnico Superior en Actividades de Animación Físico Deportivas (T.S.A.A.F.D.) ou superior. Poderá substituírse por unha fotocopia compulsada do título de adestrador/monitor, Título T.S.A.A.F.D. ou superior, así como copia compulsada dos contratos laborais e TC2 dos devanditos adestradores/monitores.
4.- O Club non poderá esixirlle aos alumnos ningún tipo de compensación ou cota económica pola participación na Escola que desenvolvan.
5.- O transporte dos alumnos será por conta exclusivamente dos mesmos ou da entidade organizadora (clubs/ entidades deportivas).”
- **10ª Resolución con data 22/06/21.-** “1.- Adxudicación ao CLUB DE REMO VILAXOÁN, a organización da Escola de Navegación Municipal, modalidade de Remo, ano 2021, dirixida a nenos/as de idades comprendidas de 8 a 16 anos (nados entre 2005 ao 2012, ambos inclusive), que se levará a cabo dende o vindeiro 5 de xullo ao 28 de agosto do presente ano, cun total de 30 prazas, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 2.000,00 € , con cargo á partida 342-227,9901, que se abonará pola Fundación de Deportes previa presentación da factura expedida pola



entidade debidamente dilixenciada, acompañada da folla de control das asistencias dos alumnos ás clases, asinado polo/s adestrador/es-monitor/es.

2.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento das devanditas Escolas e observación do cumprimento dos obxectivos das mesmas.

3.- O Club adxudicatario deberá presentar antes do inicio da devandita Escola, certificación acreditativa de que os adestradores/monitores, que imparten as clases, están en posesión do título oficial correspondente ao deporte que adestren ou a Titulación oficial de Técnico Superior en Actividades de Animación Físico Deportivas (T.S.A.A.F.D.) ou superior. Poderá substituírse por unha fotocopia compulsada do título de adestrador/monitor, Título T.S.A.A.F.D. ou superior, así como copia compulsada dos contratos laborais e TC2 dos devanditos adestradores/monitores.

4.- O Club non poderá esixirle aos alumnos ningún tipo de compensación ou cota económica pola participación na Escola que desenvolvan.

5.- O transporte dos alumnos será por conta exclusivamente dos mesmos ou da entidade organizadora (clubs/ entidades deportivas).”

- **11ª Resolución con data 22/06/21** .- “1.- Adxudicación á FEDERACIÓN GALEGA DE VELA, a organización da Escola de Navegación Municipal, modalidade de Vela, ano 2021, dirixida a nenos/as de idades comprendidas de 8 a 16 anos (nados entre 2005 ao 2012, ambos inclusive), que se levará a cabo dende o vindeiro 5 ao 9 de xullo do presente ano, cun total de 40 prazas, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 2.240,00 € ,co desglose que a continuación se relaciona, que se abonará pola Fundación de Deportes previa presentación da factura expedida pola entidade debidamente dilixenciada, acompañada da folla de control das asistencias dos alumnos ás clases, asinado polo/s adestrador/es-monitor/es.

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
SEGUROS/LICENZA (40 alumnos x 16,00 €)	640,00 €	342-224,00
5 SESIÓNS (8,00€/sesión-alumno)	<u>1.600,00€</u>	342-227,9901
TOTAL	2.240,00€	

2.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento das devanditas Escolas e observación do cumprimento dos obxectivos das mesmas.

3.- O Club adxudicatario deberá presentar antes do inicio da devandita Escola, certificación acreditativa de que os adestradores/monitores, que imparten as clases, están en posesión do título oficial correspondente ao deporte que adestren ou a Titulación oficial de Técnico Superior en Actividades de Animación Físico Deportivas



(T.S.A.A.F.D.) ou superior. Poderá substituírse por unha fotocopia compulsada do título de adestrador/monitor, Título T.S.A.A.F.D. ou superior, así como copia compulsada dos contratos laborais e TC2 dos devanditos adestradores/monitores.

4.- O Club non poderá esixirlle aos alumnos ningún tipo de compensación ou cota económica pola participación na Escola que desenvolvan.

5.- O transporte dos alumnos será por conta exclusivamente dos mesmos ou da entidade organizadora (clubs/ entidades deportivas).”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 14/06/21.-** 1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a relación de facturas a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., co desglose anteriormente sinalado, correspondentes aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/06/2021, por importe total de 404,99 €, con cargo á partida 342-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización.”

O Consello Reitor queda sabedor.

3.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 2º TRIMESTRE, ANO 2021.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, 2º trimestre 2021 (1 de abril ao 30 de xuño de 2021), no que a 30/06/2021, non existen obrigas pendentes de pago nas que se estén incumprindo o prazo de pago de 30 días, así como indica que:

- i) Os promedios de pago deste trimestre, sitúanse en 28,06 días.
- j) As facturas pagadas dentro do trimestre son as seguintes:
Dentro do período legal de pago 93.717,73 €
Fora do período legal de pago 0,00 €
- k) As facturas pendentes de pago ao final do trimestre dentro do período legal de pago ascenden a 26.762,74 € e, fora do período legal de pago 0,00 € .
- l) O Período Medio de Pago da Fundación de Deportes é de 6,23 días.

O Consello Reitor queda sabedor.

4.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 2º TRIMESTRE DE 2021, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe do 2º trimestre de 2021 (1 de abril a 30 de xuño de 2021), en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar



por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente, cumpríndose a obriga no prazo establecido legalmente.

O Consello Reitor queda sabedor.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2020.

Pola Sra. Interventora/delegada dá unha breve explicación da Conta Xeral da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, correspondente ao exercicio 2020 e, no que indica que o resultado presupostario e o remanente de tesourería son positivos e que unha vez aprobada polo Consello Reitor debe ser remitida ao Pleno-Concello, conxuntamente coa do Concello, para a súa aprobación, se procede.

O Sr. Penas pregunta sobre o inventario se o importe é aproximado o real.

A Sra. interventora/delegada, contéstalle que o importe é o contabilizado no momento da adquisición do ben, polo que é real, o que lle falta é a amortización do mesmo.

finalizadas todas as intervencións sobre o presente asunto, procédese a realizar a votación do asunto, dando un resultado de sete votos a favor dos Sres/as.: Fernández, Peso, Santorum, Granja, Vilas, Cardalda e Sr. Serén, ningún voto en contra e, unha abstención do Sr. Penas, polo que o Consello Reitor acorda remiti-la ao Pleno da Corporación, para a súa aprobación, se procede.

6.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS CONCESIÓNS E O SEU RECOÑECIMENTO DA OBRIGA DE SUBVENCIÓNS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2021 CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2020.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta da solicitude presentada polo Club/Entidade Deportiva: CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCÍA, da organización da XORNADA OFICIAL DE LIGA EN FONTECARMOA, para a aprobación da concesión e o seu recoñecemento da obriga, conforme as BASES DA CONVOCATORIA DO EXERCICIO 2021 CORRESPONDENTES ÁS SUBVENCIÓNS DESTINADAS Á ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS EXTRAORDINARIAS, REALIZADAS DURANTE O ANO 2020, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 18/02/2021 e publicadas no B.O.P. o día 27/04/2021, cunha consignación por importe total de 11.000,00 €. Así como dáse conta do



informe da Sra. Interventora/delagada en relación ao asunto e no que indica que os xustificantes correctos presentados non alcanza o importe mínimo establecido nas devanditas bases.

Despois dun pequeno debate sobre o asunto, o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Non conceder subvención ao Club/Entidade Deportiva: CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCÍA, para organización da XORNADA OFICIAL DE LIGA EN FONTECARMOA, polos seguintes motivos:

Comprobada a documentación presentada, o importe xustificado correctamente ascende á cantidade de 1.958,86 €, polo que non alcanza o importe establecido no derradeiro parágrafo do apartado 4.- DESTINATARIOS E REQUISITOS das citadas bases que dí literalmente o seguinte: “A actividade ou evento extraordinario fora realizado no Concello de Vilagarcia de Arousa, durante o ano 2020 e, o seu balance final executado de gastos sexa igual ou superior a 2.000,00 €.

2.- Aprobar que a partida económica integra da presente convocatoria de subvención, por importe de 11.000,00 €, con cargo á partida 342-483,01, ao non existir ningún evento deportivo que obtivera concesión na devandita convocatoria de subvencións, incremente a convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2021, correspondente á Tempada 2019/20 ou, ano 2020, con cargo á partida 342-483,00 por vinculación.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONCESIÓN DE SUBVENCIONS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EJERCICIO 2021, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2019/20 OU, ANO 2020.

Dáse conta das solicitudes de subvención presentadas, polos Clubes/Entidades Deportivas, conforme ás bases da convocatoria de Subvencións destinadas ao Fomento do Deporte Federado, exercicio 2021, correspondente á Tempada 2019/20 ou, ano 2020, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 18/02/2021 e publicadas no B.O.P. o día 27/04/2021. Asemade dáse conta dos informes da Sra. secretaria/delegada en relación ao asunto, no que figura a puntuación correspondente, resultante da documentación aportada e da aplicación das devanditas bases.

Procédese a examinar todos os expedientes no que a Sra. secretaria/delegada indica que se ten que tomar unha decisión sobre as aclaracións solicitadas á Federación Galega de Salvamento e Socorrismo, polos certificados emitidos do Club Deportivo Salvamento



Vilagarcía, ao existir contradicións nos dous primeiros e remitir un terceiro con logros de Campionatos de España que non aparecían nos anteriores.

Continúa o Sr. presidente indicando que de acordo ás devanditas bases se debe aprobar a puntuación a conceder no apartado Outros e, dado que neste exercicio, os Clubes/Entidades Deportivas non presentan ningún logro destacable superior a un Campionato de España, propón que non se conceda ningunha puntuación neste apartado. Así como no relativo á puntuación mínima, débese decidir cal. Asemade considera que procede conceder subvención a todos aqueles que presentaran correctamente a súa documentación conforme aos informes técnicos.

O Sr. Vilas sinala que se debe seguir o criterio dos exercicios anteriores, polo que ao non existir ningún logro superior ao que xa é puntuado nas bases, non procede ningunha concesión de puntuación a maiores. Así como en relación a puntuación mínima, debería ser a puntuación que obteñen conforme as bases.

O Sr. Penas sinala que se debe buscar a maneira de conceder subvención a todos os Clubes/Entidades Deportivas, axundandoos para que presenten correctamente a documentación, polo que el se abstendrá.

Despois dun pequeno debate sobre os asuntos, acórdase coa abstención do Sr. Penas:

. Ter en conta o último certificado solicitado pola Fundación de deportes, de aclaracións ao certificado presentado no prazo de subsanación, descontando os tres logros de campións de España, que non aparecen nos anteriores certificados, por un total de 18 puntos.

. Non conceder ningunha puntuación a maiores no apartado outros ao non existir ningún logro destacable conforme as devanditas bases

. Que a puntuación mínima sexa a que alcance cada Club/Entidade Deportiva segundo a valoración establecida nas citadas bases.

. Aprobar conforme informes técnicos as concesións das subvencións.

Despois dun amplo debate e unha vez finalizadas todas as intervencións, procédese a realizar a votación do asunto, dando un resultado de sete votos a favor dos Sres/as.: Fernández, Peso, Santorum, Granja, Vilas, Cardalda e Sr. Serén, ningún voto en contra e, unha abstención do Sr. Penas, polo que o Consello Reitor acorda:

1.- Aprobar as solicitudes de subvencións que a continuación se indican, calculado o valor do punto, resultando a cantidade de 43,66 €/punto (de 93.000,00 €, ao incrementarse a partida en 11.000,00 € da partida 342-483,01, ao non existir ningún evento deportivo que obtivera concesión na convocatoria de subvencións destinadas á organización de actividades deportivas extraordinarias, exercicio 2021, realizadas durante o ano 2020), que multiplicada



polos puntos outorgados a cada unha das solicitudes, conforme á baremación feita pola administrativa/xestora e o acordado polo Consello Reitor, conforme informe da Sra. secretaria/delegada, as subvencións outorgadas a cada unha das solicitudes é a seguinte, con cargo á partida 341-483,00:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>PUNTOS</u>	<u>IMPORTE</u>
OS INGLESES RUGBY CLUB	95	4.147,70 €
CLUB DEPORTIVO PÉREZ-SUB	11	480,26 €
CLUB XADREZ FONTECARMOA	149	6.505,34 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA AROUSA FUTBOL 7	88	3.842,08 €
CLUB VILAGARCÍA, S.D.	103	4.496,98 €
BASKET BASE CLUB	208	9.081,28 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA CULT. VILAGARCÍA ESGRIMA	24	1.047,84 €
CLUB SAN MARTIN	124	5.413,84 €
CLUB CICLISTA XIABRE	5	218,30 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA	231	10.085,46 €
CLUB AROSA, S.C	242	10.565,72 €
CLUB NATACIÓN VILAGARCÍA, S.D.	72	3.143,52 €
CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCÍA	91	3.973,06 €
CLUB OLIMPIC VILAGARCÍA	98	4.278,68 €
CLUB BALONCES EL DOCE	11	480,26 €
CLUB VILAROSA GIMNASIA	70	3.056,20 €
ASOCIACIÓN CLUB DE BALONMANO AROUSA	65	2.837,90 €
AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	122	5.326,52 €
CLUB XIMNASIA RITMICA VILAGARCIA	17	742,22 €
CLUB ATLÉTICO AROUSANA	89	3.885,74 €
CLUB DEPORNAUTIC AROUSA	56	2.444,96 €
ESCOLA DEPORTIVA DE AROUSA, S.D	104	4.540,64 €
CLUB POLIDEPORTIVO C.P.C. EDUCACIÓN ESPECIAL	55	2.401,30 €
TOTAIS (PUNTOS/IMPORTE)	2.130 PTOS	92.995,80 €

2.- Non conceder subvención aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, conforme ao apartado 7.2 das devanditas bases que dí literalmente o seguinte: "7.2.- O prazo de admisión de solicitudes finaliza 20 días naturais, contados a partir do día seguinte da publicación das bases da devandita convocatoria no BOP". Sendo publicadas con data 27/04/2021, polo que a data limite de presentación foi o día 17/05/2021, posto que unha vez finalizado o devandito prazo non presentaron ou foi presentado fora de prazo, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes,



catálogo de Procedementos, CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONES, no REXISTRO ELECTRÓNICO:

CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA:

CLUB DE REMO VILAXOÁN

CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA

O CLUB DEPORTIVO VILAGARCÍA TENIS DE MESA

3.- Non conceder subvención aos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, conforme ao apartado 8 das devanditas bases que dí literalmente o seguinte: “8.- TRAMITACIÓN DE SOLICITUDES E APROBACIÓN DAS CONCESIÓNS DE SUBVENCIONES: A Fundación de Deportes do Concello, revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñen a documentación esixida. Se resulta que a documentación está incompleta ou defectuosa, requirirase ao solicitante para que no prazo improrrogable de DEZ DÍAS hábiles a partir da data da recepción da notificación telemática, a través da Sede Electrónica, que terá a súa disposición unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado polo solicitante (terá un prazo máximo de dez días naturais para abrir a notificación na Sede Electrónica), achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, a súa solicitude archivarase sen máis trámite”. Posto que unha vez finalizado o prazo de subsanación, non presentaron ou foi presentado fora de prazo a documentación que se lle requirira:

CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA:

ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL RASPA

CLUB DEPORTIVO BAMIO

CLUB KENPO VILAGARCÍA

4.- Conforme as devanditas bases, os Clubes/Entidades Deportivas anteriormente indicados no punto 1, deberán presentar a Conta Xustificativa con toda a documentación que se lle require nos apartados 9.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN (CONTA XUSTIFICATIVA) e, 10.- LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA, que dín literalmente o seguinte:

“9.- NOTIFICACIÓN E XUSTIFICACIÓN (CONTA XUSTIFICATIVA):

Unha vez aprobada a subvención, será notificada telemáticamente aos/ás interesado/as, a través da Sede Electrónica, que terá a súa disposición unha vez sexa comunicado ao correo electrónico facilitado polo solicitante. (terá un prazo máximo de dez días naturais para abrir a notificación na Sede Electrónica), para proceder á presentación da Conta Xustificativa.

O importe dos gastos xustificados deberá alcanzar, polo menos, o importe da subvención, así como a subvención concedida non poderá ser tal que sumadas todas as subvencions públicas, exceda do importe total do balance de gastos presentado.



A confección de toda a documentación realizarase a través da Plataforma de Xestión de Subvencións contratada por esta Fundación de Deportes, para axudar aos Clubes/Entidades Deportivas a correcta presentación da mesma, na dirección <https://vilagarcia.cluber.es> no que terán a súa disposición a Conta Xustificativa e anexos nos modelos normalizados. Na que obrigatoriamente deberán subir toda a documentación e unha vez validada, xenerará un PDF final en formato oficial, que deberá ser asinado dixitalmente polo representante legal do Club/Entidade Deportiva e, rexistrarse na Sede electrónica da Fundación de Deportes.

Os Clubes/Entidades Deportivas deberán presentar a seguinte documentación, referida á tempada 2019/20, dende o 1 de agosto de 2019 ao 31 de xullo do 2020 e, se a actividade deportiva se desenvolve no ano natural, corresponderá ao ano 2020:

9.1.- Anexo II.- Conta Xustificativa debidamente cumprimentada e asinada dixitalmente polo representante e, na que figura unha declaración xurada na que se sinala:

a) O número BIC e IBAN da conta bancaria da que son titulares e, no caso de que exista cambio da Conta Bancaria xa comunicada á Fundación de Deportes, deberá presentar impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figuren o Club/Entidade Deportiva como titular e o seu nº BIC e IBAN da súa conta bancaria.

b) Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e Autorizacións ao Concello e/ou Fundación de Deportes para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente coa Recadación Municipal, Seguridade Social, Axencia Tributaria e, coa Consellería de Economía e Facenda, no caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo no cadro correspondente e achegar os documentos que correspondan. Así como, no caso que as citadas Administracións poñan algún impedimento para que este Organismo Autónomo solicite os certificados correspondentes, se lle requirirá aos Clubes/Entidades Deportivas, para que presenten as certificacións orixinais ou fotocopias compulsadas.

c) As axudas solicitadas ou concedidas por outras Administracións Públicas, ben directamente ou ben a través das Federacións deportivas, así como doutros axentes para a mesma finalidade.

d) Que adopta o compromiso que fundamenta o recoñecemento da obriga da subvención, conforme o disposto no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Que se fixo a debida divulgación do financiamento da Fundación de Deportes na actividade subvencionada.

f) Que o Club/Entidade Deportiva ten cumprido o obxecto da subvención concedida para a devandita actividade.

9.2 Anexo III.- Relación de facturas de gastos realizados nas actividades obxecto da subvención, (deberase cubrir todas as columnas do anexo) e asinada dixitalmente polo



representante, conforme ao sinalado no apartado 6.2, ordenada por conceptos (segundo balance gastos e ingresos presentado) e dentro deste, por proveedor (nº factura e data, de mais antiga á mais nova), acompañada de todas as facturas (co mesmo orde indicada na relación) e o seu correspondente xustificante de pago detrás da súa factura, nas que figurarán necesariamente os seguintes requisitos:

a) Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura, correctamente fechada e numerada.

b) Nome e CIF do/a beneficiario/a da subvención.

c) Detalle e data dos servizos prestados, contía dos mesmos con expresión do IVE, se non estiveran exentos.

d) Xustificación do pago. As operacións con importes superiores a 2.500,00 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto na Lei 7/2012 de 20 de outubro de 2012, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante xustificante bancario co selo da Entidade bancaria. No resto dos casos o pago acreditarase por calquera dos seguinte medios: certificados do proveedor, factura simplificada ou de caixa, indicación na factura do pago asinado pola persoa responsable co seu nome e apelidos e/ou DNI ou, por transferencia bancaria co selo bancario.

Aceptaranse como xustificantes de gasto, certificacións oficiais federativas, da Mutualidade Deportiva, de Colexios de Árbitros ou Pólizas de Seguro de Responsabilidade Civil da Entidade. Así como recibos de colaboradores, adestradores ou axudantes que deberán cumprir os seguintes requisitos: nº de recibo, lugar e data, datos do interesado e do club ou entidade deportiva (nome, domicilio, NIF ou CIF), descrición do concepto de gasto, precio total e IVE repercutido ou IVE incluído cando o importe total do recibo non exceda de 400,00 €.

Tamén serán subvencionables os gastos financeiros, incluídos os intereses, gastos notariais e rexistrais directamente relacionados coa actividade subvencionada e que sexan indispensables para a realización da mesma. Quedan excluídos as amortizacións de préstamos.

IMPORTANTE: Tendo en conta que a presentación telemática impide a presentación de orixinais ou copias compulsadas, a Fundación de Deportes, a través do persoal correspondente, poderá solicitar a presentación física das facturas orixinais e xustificantes de pago orixinais presentados, aos efectos do cotexo de datos.

9.3 Anexo IV.- No caso de que a entidade reciba subvencións doutras administracións públicas para o mesmo proxecto ou actividade subvencionada, deberá presentar unha certificación debidamente cumprimentada e asinada dixitalmente polo representante, onde se faga constar a relación de facturas que foron presentadas nas citadas administracións a efectos de xustificación, que non deberán coincidir cos xustificantes de gastos presentados na



Fundación de Deportes. O Club tamén poderá optar por aportar xustificantes de gastos polo importe total das subvencións públicas recibidas.

10.- LUGAR E PRAZO DE ADMISIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA:

10.1.- A Conta Xustificativa con toda a documentación requerida, de acordo co establecido no apartado anterior, presentaranse a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos, CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONES, no REXISTRO ELECTRÓNICO. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos sempre que a xustificación sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemático será imprescindible, cando menos, que o presidente e/ou a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro telemático, dispoña de sinatura electrónica, así como deberá/n acreditar a súa representación por calquera medio admisible en dereito.

Forma de Presentación da documentación no rexistro electrónico da Fundación de Deportes:

Tendo en conta que o rexistro electrónico da Fundación de deportes non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

1º) Un pdf por cada anexo:

a) Anexo II: Conta Xustificativa

b) Anexo III: Relación de Facturas

c) Anexo IV: Certificación dos gastos presentados noutras administracións públicas

2º) Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que non autoricen a consulta por parte da Fundación de Deportes.

3º) Un pdf coas facturas escaneadas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo III e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante de pago da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante de pago da factura 2 da relación...etc.).

Os distintos arquivos dos pdfs deberan ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para subsanar.



10.2.- Efectuada a notificación das concesións de subvencións, abrírase un prazo de 15 días Naturais, contados a partir do día seguinte da recepción da notificación telemática, para presentar a Conta Xustificativa, con toda a documentación necesaria a efectos de xustificación da subvención.”

5.- Facultar ao Sr. presidente para a aprobación dos Recoñecementos da Obriga de todos aqueles Clubes/Entidades Deportivas que teñan correcta a súa documentación xustificativa.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MEMORIA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS REALIZADAS DURANTE O ANO 2020.

Polo Sr. director Deportivo fai un breve resumo do contido da memoria de actividades realizadas durante o ano 2020 e, indica que no expediente están todas as actividades que se realizaron ao longo do ano 2020, desglosadas nos seguintes apartados:

1º.- ACTIVIDADES PARA NENOS/AS

1.1.- Escola Deportiva de Psicomotricidade, curso 2019/20

1.2.- Escola Multideportiva, curso 2019/20

1.3.- Escola Deportiva de Base, curso 2019/20

2º.- ACTIVIDADES FÍSICA RECREATIVAS PARA ADULTOS

2.1.- 2º Curso de actividades de adultos 2019/20

2.1.1.- Curso de Ximnasia de mantemento

2.1.2.- Curso de Ximnasia acuática

2.1.3.- Curso de Aeróbic

2.1.4.- Curso de Badminton

2.1.5.- Curso de Tai Chi

2.1.6.- Curso de Ioga

2.1.7.- Curso de Pilates

2.1.8.- Curso de Ximnasia Funcional

2.1.9.- Curso de Adestramento en Circuito

2.1.10.- Curso de Estiramientos

3º.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS DE VERÁN

3.1.- Actividades Físico-Recreativas para Adultos

3.3.- Torneos de Verán:

3.3.1.- XVIII Torneo de Tenis de Verán

3.3.2.- IV Torneo de Badminton Dobres

3.3.3.- XXVI Bandeira Concello de Vilagarcía de Traiñas.



4º.- OUTROS EVENTOS DEPORTIVOS.

4.1.- Eventos organizados pola Fundación de Deportes.

4.2.-Eventos organizados por Entidades deportivas con colaboración da Fundación de Deportes.

5º.- INCIDENCIA COVID-19 NA ACTIVIDADE DEPORTIVA.

Debido ao estado de alarma decretado polo Goberno a través do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, a práctica da actividade física non federada e do deporte federado ao igual que sucedeu con outras cuestións e traballos, tivo que suspenderse polo que, entre outros non se puido impartir o 3º curso de actividades físico–recreativas de inverno planificada para os meses de abril, maio e xuño. A lexislación foi modificando a práctica da actividade física, permitindo primeiro a realización de actividade física individual ao aire libre, procedéndose a reapertura das instalacións deportivas ao aire libre do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a realización de actividades deportivas de carácter individualizado, sin contacto, concretamente tenis e atletismo e con cita previa e, no transcurso do tempo e conforme as restriccións establecidas en cada momento foíse reabrindo todas as instalacións deportivas municipais e, iniciándose a actividade deportiva, primeiro de maneira individual e sen contacto e posteriormente os adestramentos colectivos de actividades federadas. Na actualidade seguen manténdose restriccións que impiden desenvolver a actividade lúdica-deportiva no interior.

Prodúcese un pequeno debate e unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade, acorda aprobar a Memoria de Actividades realizadas durante o ano 2020 e remiti-la ao Pleno-Concello, para a súa ratificación, se procede.

9.- ROGOS E PREGUNTAS.

- A Sra. Granja pregunta en relación á realización de Actividades Deportivas, propias e de Clubes/Entidades Deportivas neste verán.

O Sr. director Deportivo contéstalle, que de acordo as restriccións actuais na actualidade no interior só se poderían realizar actividades non federadas para grupos de 6 persoas máis monitor, polo que é moi complicado poder levar a cabo o proxecto de verán das Actividades físico-recreativas. Estase valorando realizar os Torneos de Badminton e Tenis ao ser actividades individuais. Así como o vindeiro sábado 31 do presente mes, celébrase a Carreira Nocturna Concello Vilagarcía de Arousa, que se desenvolverá conforme as normativas COVID-19, na que participarán un total de 200 atletas, que é o máximo permitido polo protocolo da Federación Galega de Atletismo. Asemade os Clubes/Entidades Depotivas están



levando a cabo diversos Campus Deportivos, todos con estricto cumprimento a lexislación vixente.

Continúa o Sr. director Deportivo, para darlle contestación ás manifestacións formuladas polo Sr. Vilas na anterior sesión relativa á queixa realizada polo Club Natación Vilagarcía, facendo constar que unha vez posto en contacto co director da Piscina Cuberta Municipal, que as competicións que organiza o Club, non xenerou ningún gastos para eles. Pero a competición que querían celebrar, era organizada pola Federación Galega de Natación, a cal solicitaba realiza-la en Vilagarcía de Arousa ao non poder desenvolve-la na instalación prevista, esta actividade non é organizada polo Club, polo que esa actividade si xenera gastos.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta e oito minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2021

No Salón de Plenos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta e nove minutos do día vinte e sete de outubro de dous mil vinte e un, reúnen-se en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria (conforme acordo do Consello Reitor en sesión con data 17/09/2019, relativo ao cambio no día da semana por circunstancias excepcionais e xustificadas das sesións ordinarias do devandito organo), os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera

Vogaís: D. Isidro Fernández Portas

Dna. Ana M^a Granja Guillán

D. José Ramón Santorum Canto

D. Ángel Francisco Vilas Fernández

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M^a Otero Piñeiro

Excusa a súa asistencia o Sr. e Sra. vogais, D. Ángel Cardalda Mosquera e Dna. Lucía César Veloso.

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión ordinaria do día vinte e sete de xullo de dous mil vinte e un e, unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO UN DE XULLO AO TRINTA DE SETEMBRO DO PRESENTE ANO.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do período do un de xullo ao trinta de setembro do presente ano, relativas a:

Mes de xullo:

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:



- **1ª Resolución con data 02/07/21** .- “1.- Autorización ao I.E.S. Fermín Bouza Brey, o uso dos pavillóns nº 1 e 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa e as pistas deportivas do Parque da Xunqueira, para a celebración do “III CAMPUS ENCESTARÍAS 2021”, coorganizado coa Asociación Deportiva e Cultural Encestarías, dirixidos a xogadores/as de 8 a 20 anos, nados entre 2001 e 2012, que se levará a cabo os días e horario que a continuación se relacionan:

INSTALACIÓN	DIAS	HORARIO
Pavillón nº1 e nº2 do C.D.M. Fontecarmoa	5 ao 9/07/21	09:00-13:00 horas
		17:00-20:00 horas
Pistas deportivas Parque da Xunqueira	10/07/2021	09:00-13:00 horas
	09/07/2021	20:00-23:00 horas

2.- Comunicarlle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle prestan e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Aprobar a cesión de 1 xogo de canastras grandes para a súa colocación na pista deportiva exterior do centro educativo, así como a cesión de 8 mesas das que dispón a Fundación de Deportes. Debendo levarse a cabo a súa colocación e retirada por Persoal Municipal, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.

4.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- . Obras, a cesión de 5 carpas.
- . Auditorio, a cesión dun equipo de son con micrófono, así como a iluminación das pistas deportivas do Parque da Xunqueira.

5.- Comunicarlle que, conforme ao informe da Sr. interventoda/delegada estamos ante o evento que ven organizando todos os anos a Entidade EncestaRías e no que colaboran varios alumnos do IES Fermín Bouza Brey, polo tanto procede a aplicación do artigo 8 e 17 do acordo regulador, e non procede a aplicación da exención que se aplica aos centros de Ensino Públicos para as actividades que lle son propias. A mera coorganización non dá dereito a exención do prezo público, cando é outra entidade a que leva o peso da organización do evento e así o ven realizando nos últimos anos.

No caso de que sexa unha actividade propia do centro IES Fermín Bouza Brey deberán acreditar que se trata dunha actividade propia e que se realiza dentro dun programa



dos ciclos educativos da Entidade e que asumen o maior peso da xestión administrativa e económica do evento e que non se trata meramente da realización da solicitude das instalacións e a participación de varios alumnos na actividade organizada por outros.

6.- Polo anteriormente sinalado no apartado anterior, comunicarlle de non acreditar a información requirida, o evento considerarase organizado pola Asociación Deportiva e Cultural Encestarias, polo que, segundo ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 04/04/2019, que dí literalmente o seguinte: "...O Consello Reitor por unanimidade acorda aprobar a modificación dos criterios a seguir para as bonificación dos prezos públicos das devanditas Actividades non Federadas (Campus, Escolas Deportivas de Verán) quedando da seguinte maneira:

- a) 100% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas, rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base na mesma modalidade deportiva na que se desenvolve o campus ou actividade formativa.
- b) 50% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.

Así como se establece a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, para a inscrición de alumnos/as que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as."

7.- Comunicarlle que deberá na maior brevidade posible, presentar ó numero total de inscritos (co desglose de tipo de solicitudes de inscrición segundo o seu escrito) do devandito Campus, para poder levar a cabo o cálculo do custo total a abonar polo uso do citado Campo, segundo o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº III.5 que a continuación se indica:

“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

TARIFAS:

Tarifa Mínima	% S/Ingresos	
<u>Hora</u>	<u>Bruta</u>	
Instalacións exteriores	6,00	10%
Instalacións interiores	9,00	10%

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte."



Polo que deberá ingresar previo uso da citada instalación, as cotas do prezo público correspondentes conforme ao establecido no Acordo Regulador nºIII.5 en vigor e de acordo ao sinalado nos parágrafos anteriores, por importe total de 378,00 € (50% dun total de 756,00 €, polo uso dos 2 pavillóns, de 42 horas a 9,00 €/hora cada pavillón. Que deberán ingresar na conta bancaria da Fundación de Deportes na Entidade Bancaria ABANCA (E70 2080 5067 193040060053). Quedando pendiente de ingresar o 50% do 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición.

8.- Comunicarlle que, para o desenvolvemento de esta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo deporte federado. Así como, segundo a lexislación vixente, teráse en conta que o aforo permitido nos Pavillóns Municipais do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa é de 12 deportistas por campo excluídos os monitores, repartidos en dous grupos de 6 deportistas en cada media pista, traballando con máscara e realizando actividades sen contacto físico. Polo que as prazas que poderían ofertar para o uso dos Pavillóns do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa son 24.

9.- Comunicarlle que non está permitido o consumo de alimentos dentro das instalacións deportivas municipais, conforme a normativa COVID19, polo que, deberán saír da instalación no caso de realizar algún avituallamento, permitindo só a inxesta de auga para a hidratación dos deportistas.

10.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

11.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes (Catálogo de procedementos da Fundación de Deportes – 30001 SOLICITUDE XENÉRICA:

11.1) O anexo I (modelo normalizado adxunto) do Protocolo Básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo Deporte Federado.

11.2) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

11.3) Faise constar que presenta o protocolo Fisicovid segundo a orde *ORDE do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como*



consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

11.4) Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

11.5) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

12.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **2ª Resolución con data 09/07/21** .-"1.- Autorizar á ESCOLA DEPORTIVA DE AROUSA S.D., o uso do Campo de Fútbol Municipal da Pelada, para a celebración da Actividade de Tecnificación e Ocio, durante os meses de xullo e agosto, (excepto os días que sexan festivos), de luns a venres, de 09:00-14:00 horas.

2.- Comunícaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 22/07/2017, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:

a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.

b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 5 becas (das 50 prazas ofertadas), para a inscrición de cinco alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso



Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

4.- Comunicarlle que, para o desenvolvemento de esta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo deporte federado. Así como, segundo a lexislación vixente, terásese en conta que o aforo permitido do Campo De Fútbol Municipal da Pelada é de 60 deportistas excluídos os monitores, que tal como indica, deberán traballar repartidos en dous grupos de 30 deportistas, onde en cada medio campo deberán subdividirse en dous grupos de non máis de 15 deportistas, traballando con máscara e realizando actividades sen contacto físico.

5.- Comunicarlle que non está permitido o consumo de alimentos dentro das instalacións deportivas municipais, conforme a normativa COVID19, polo que, deberán saír da instalación no caso de realizar algún avituallamento, permitindo só a inxesta de auga para a hidratación dos deportistas.

6.- Comunicarlle que non é posible acceder a súa solicitude de cesión dos cabaletes e taboleiros, de acordo ao parágrafo anterior e no que respecta ás cesión de cadeiras, na instalación xa se levaron 35 cadeiras para o acceso ao público polo que xa hai dispoñibilidade das mesmas na instalación.

7.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

8.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes (Catálogo de procedementos da Fundación de Deportes – 30001 SOLICITUDE XENÉRICA:

8.1) Faise constar que o club organizador da actividade xa presentou o anexo I (modelo normalizado adxunto) do Protocolo Básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo Deporte Federado.

8.2) Faise constar que o club organizador da actividade xa presentou a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

8.3) O protocolo Fisicovid segundo a orde *ORDE do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.*



8.4) Faise constar que o club organizador da actividade xa presentou o plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

8.5) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

9.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **3ª Resolución con data 16/07/21** .-"1.- Autorización ao BASKET BASE CLUB, os Pavillóns Municipais que a continuación se relacionan, para a celebración de Adestramentos de Verán, do 13 de xullo ao 7 de agosto do presente ano (excepto os días que sexan festivos), co seguinte desglose:

<u>INSTALACIÓN</u>	<u>DÍAS</u>	<u>HORARIO</u>
Pavillón Nº 1 do C.D.M. Fontecarmoa	Luns a venres	9:30-13:00 horas
Pavillón Nº 2 do C.D.M. Fontecarmoa	Luns a venres	11:30-13:00 horas
Pavillón Municipal Castelao	Martes e Xoves	10:00-13:00 horas

2.- Comunícaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 29/06/2016, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:

- a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.
- b) Establecer a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, correspondendolle a esta actividade un total de 4 becas (das 37 solicitudes de



inscripción presentadas na documetación adxunta), para a inscrición de catro alumnos/as, que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demais alumnos/as.

4.- Comunicarlle que, para o desenvolvemento de esta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo deporte federado. Así como, segundo a lexislación vixente, terás en conta que o aforo permitido en cada un dos pavillóns municipais é de 12 deportistas excluídos os monitores, que tal como indica, deberán traballar repartidos en dous grupos de 6 deportistas en cada ½ pista, traballando con máscara e realizando actividades sen contacto físico.

5.- Comunicarlle que non está permitido o consumo de alimentos dentro das instalacións deportivas municipais, conforme a normativa COVID19, polo que, deberán saír da instalación no caso de realizar algún avituallamento, permitindo só a inxesta de auga para a hidratación dos deportistas.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes (Catálogo de procedementos da Fundación de Deportes – 30001 SOLICITUDE XENÉRICA:

7.1) O anexo I (modelo normalizado adxunto) do Protocolo Básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo Deporte Federado.

7.2) Faise constar que o club organizador da actividade xa presentou a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade, faltándolle o xustificante de pago da póliza de accidentes presentada.

7.3) Faise constar que o club organizador da actividade xa presentou o protocolo Fisicovid segundo a orde *ORDE do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.*



7.4) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.5) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 05/07/21** .- "1.- Autorización a Dna.Paula Rial Dieste, Técnica Deportiva e a D. Juan Miguel Doval Blanco director Deportivo da Fundación de Deportes, a realización do Curso Formativo "NOVAS TECNOLOXÍAS PARA A PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA E A SAÚDE A DISPOSICIÓN DOS CONCELLOS GALEGOS", celebrado os días 8, 9 e 10 de maio do presente ano, na Escola galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago de Compostela. Así como aprobar os gastos de locomoción previstos a D. Juan Miguel Doval Blanco, por importe de 82,68 €, con cargo á partida 342-231,20. Debendo presentar para o seu recoñecemento da obriga o certificado de asistencia cos datos da Entidade ou Persoa organizadora, así como os xustificantes de gastos."
- **2ª Resolución con data 05/07/21** .-"1.- Adxudicación á empresa MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L., os traballos de colocación de 700 m² de céspede artificial, que está en acopio en fábrica, da Pista de Tenis N^o4 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 5.989,50 € (I.V.E. incluído) con cargo á partida 342-619,00."
- **3ª Resolución con data 05/07/21** .-"1.- Aprobación das 23 solicitudes de inscrición da Escola Municipal de Navegación, modalidade de Vela 2021, que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para a devandita Escola e, anular as 17 prazas que quedaron libres do total das 40 prazas aprobadas pola Resolución do Sr. Presidente con data 21/06/2021.



2.- Comunicarlles a Dna. Inma López Teijeiro e a Dna. M^a de la O Fernández González, que as solicitudes de inscrición das súas fillas están fóra do rango da idade establecidas para a citada Escola. Polo que deberán presentar a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedemento 30001 (Instancia Xenérica), a correspondente solicitude de devolución do ingreso efectuado do prezo público para realizar esta actividade, facendo constar o número (IBAN) de conta bancaria no que sexa titular a persoa que realizou a correspondente solicitude de inscrición.

3.- Remitir o listado de solicitudes aprobadas á REAL FEDERACIÓN GALEGA DE VELA, adxudicatario do desenvolvemento da devandita Escola, para o seu coñecemento.

4.-Anular parcialmente a adxudicación da Real Federación Galega de Vela, correspondente ás 17 prazas vacantes, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 22/06/2021, que retornará a súa partida económica segundo o seguinte desglose:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
SEGUROS/LICENZA (17 alumnos x 16,00 €)	272,00 €	342-224,00
5 SESIÓNS (8,00€/sesión-17 alumnos)	<u>680,00 €</u>	342-227,9901
TOTAL	952,00 €"	

- **4ª Resolución con data 05/07/21** .-"1.- Anulación das 5 solicitudes de inscrición presentadas para a Escola Municipal de Navegación, modalidade de Remo 2021, dado que non alcanza un número suficiente de inscritos para o desenvolvemento da devandita Escola, atendendo aos criterios de racionalidade de gasto e rentabilidade do mesmo.

2.- Comunicar ás persoas solicitantes que a continuación se relacionan a anulación do desenvolvemento da citada Escola. Polo que deberán presentar a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedemento 30001 (Instancia Xenérica), a correspondente solicitude de devolución do ingreso efectuado do prezo público para realizar esta actividade, facendo constar o número (IBAN) de conta bancaria no que sexa titular a persoa que realizou a correspondente solicitude de inscrición, por importe de 12,00 € cada un, con cargo á partida económica 343,01:

Dna. Elena Guerrero Rey, pola solicitude de inscrición da súa filla Lúa Garanger Guerrero.

Dna. Andrea Álvarez Rodríguez, pola solicitude de inscrición da súa filla Nuria Triñanes Bea.



D. Francisco Paz Aido, pola solicitude de inscrición do seu fillo Oliver Paz Piñeiro.

Dna. María Vigo Fernández, pola solicitude de inscrición da súa filla Martina de la Barrera Vigo.

Dna. Eva M^a García Vilas, pola solicitude de inscrición da súa filla Estela Tubio García.

3.- Anular a adxudicación do CLUB DE REMO VILAXOÁN, para a organización da Escola de Navegación Municipal, modalidade de Remo, ano 2021, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 22/06/2021, por importe total de 2.000,00 € , con cargo á partida 342-227,9901.

4.- Anular parcialmente a adxudicación da empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, para a contratación do seguro de accidentes para as Escolas de Navegación Municipais, modalidades de Piragüismo e Remo, ano 2021, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 22/06/2021 das 32 prazas vacantes (2 prazas correspondentes á modalidade de piragüismo e 30 de Remo, por importe total de 249,28 €, con cargo á partida 342-224,00.”

- **5ª Resolución con data 09/07/21** .- “1.- Aprobación do Estudo-Proxecto das da XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO VILAGARCÍA DE AROUSA 2021 realizado polo Sr. director Deportivo da Fundación de Deportes, que se vai celebrar o vindeiro día 31 de xullo do presente ano.

2.- Aprobar o orzamento de gastos do Estudo-Proxecto da XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO VILAGARCÍA DE AROUSA 2021 realizado polo Sr. director Deportivo da Fundación de Deportes, que se vai celebrar o vindeiro día 31 de xullo do presente ano, por importe total de 7.035,59 €, co seguinte desglose:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
Seguro de accidentes deportistas e voluntariado	400,00 €	342-224,00
Control de chips da carreira	1.305,59 €	342-226,09
Inclusión calendario oficial	500,00 €	342-226,09
Servizo de ambulancia medicalizada	300,00 €	342-226,09
Aluguer de valadas	1.800,00 €	342-226,09
Camisetas de agasallo	605,00 €	342-226,09
Máscaras quirúrxicas	150,00 €	342-226,09
Avituallamento	500,00 €	342-226,09
Adquisición medallas	605,00 €	342-226,9901
Trofeos	370,00 €	342-226,9901



Imprevistos	500,00 €	342-226,09
TOTAL	7.035,59 €	

3.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a proposta da cota de inscrición da Carreira Nocturna, por importe de 5,00 €, mais o importe de 1,00 € polo aluguer/fianza do chip, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor, que establece no seu artigo 13: “FIXACIÓN DO PREZO”, que corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.

4.- Adxudicar á empresa MULTISPORT GALICIA, S.L.U. (B27266113, empresa especializada no sector e con experiencia previa na cobertura de eventos deportivos realizados pola Fundación de Deportes noutras ocasións), a realización do control de chips da devandita carreira, por importe total de 1.305,59 € (IVE incluído), con cargo a partida 342-226,09.”

- **6ª Resolución con data 14/07/21** .-“1.- Aprobación do presuposto de gastos da XXVII BANDEIRA CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA 2021, que se vai celebrar o vindeiro día 25 de xullo do presente ano, por importe total de 10.650,00 €, co seguinte desglose:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
Premios en metálico	9.000,00 €	342-481,00
Taxas Portos de Galica	150,00 €	342,226,09
Balizaxe da proba	1.000,00 €	342,226,09
Servizo de Ambulancia Medicalizada	300,00 €	342-226,09
Imprevistos	200,00 €	342-226,09
Total	10.650,00 €	

2.- Adxudicar ás empresas que a continuación se relacionan e, polos seguintes conceptos, a través dun contrato menor de servizos, por importe total de 1.300,00 €:

<u>EMPRESA/ENTIDADE</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
CLUB DE REMO VILAXOÁN (G36205698)	Balizaxe da proba	1.000,00 €	342-226,09
COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L. (B10373546)	Servizo ambulancia medicalizada	300,00 €	342-226,09
Total		1.300,00 €”	

- **7ª Resolución con data 15/07/21** .-“1.- Comunicarlle A Asociación Deportiva 6D que que no prazo improrrogable de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, segundo o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador nº III.5, deberá ingresar na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (E70 2080 5067 193040060053), o importe total de 448,88 €, co seguinte desglose:

. Polo uso da instalación: 179,88 € (50% dun total de 359,75 €, polo uso dos 2 campos de fútbol, de 20 horas a 6,00 €/hora cada campo, 5 horas fora de horario



de apertura de instalación a 6,60 €/hora cada campo, 5 horas extras dun operario-conserxe a 10,75 €/hora.).pola recadación total de inscricións, por un importe total de 269,00 € (un 50% do 10% dun total de 5.380,00 €).

. Pola recadación: 269, 00 € (50% do 10% dun total de 5.380,00 €, de 80,00 € X 61 prazas + 50,00 € X 10 prazas).

Advirtíndolle que en caso de non facelo así, no prazo indicado, non poderá levar a cabo o desenvolvemento do devandito Campus na vindeira Edición.”

- **8ª Resolución con data 27/07/21** .-“1.- Adxudicación ás empresas que a continuación se relacionan, para a celebración da XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, a través de contratos Menores de Suministros e/ou Servizos, por importe total de 4.265,56 €, co seguinte desglose:

PROVEEDOR	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO	Seguro-Licenza día e Director Covid19	200,82 €	342-226,09
MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A. (BLANCO BALIÑAS, SAMUEL)	Seguro voluntarios	108,16 €	342-224,00
COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L.	Ambulancia medical.	300,00 €	342-226,09
DISTRIBUCIONES FROIZ, S.L.	Avituallamento	340,00 €	342-226,09
BAYGAR, S.L.	Aluguer valadas	1.361,25 €	342-226,09
MULTISPORT GALICIA, S.L.U.	Camisetas agasallo	562,65 €	342-226,09
GUIMERANS TROFEOS, S.L.	Adquis. medallas	580,80 €	342-226,9901
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Adquis. trofeos	367,50 €	342-226,9901
REY SILVA, ALBERTO	Speaker	145,20 €	342-226,09
	TOTAL	4.265,56 €	

- **9ª Resolución con data 28/07/21** .-“1.- Comunicarlle a Fundación Celta de Vigo que que no prazo improrrogable de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, segundo o que establece o artigo 8 do Acordo Regulador (ES16 2080 5067 113040031153), o importe total de 373,75 €, atendendo ao desglose que se presenta a continuación:

. Polo uso da instalación: un importe total de 206,75 € (polo uso do campo de fútbol de 20 horas a 6,00 €/hora, 5 horas fóra da apertura da instalación a 6,60 €/hora e, 5 horas extras dun operario-conserxe a 10,75 €/hora).

. Pola recadación: un importe total de 167,00€ (10% dun total de 1.670,00 € pola recadación total das inscricións, de 132,00 x 7 prazas + 127,00 € x 4 prazas + 119,00 € x 2 prazas).



Advirtíndolle que en caso de non facelo así, no prazo indicado, non poderá levar a cabo o desenvolvemento do devandito Campus na vindeira Edición.”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 05/07/21** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de xuño, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 5.195,01 €.”
- **2ª Resolución con data 05/07/21** .-“ Aprobación do recoñecemento de obriga a favor relación e facturas con acordo previo, mes de xuño, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 19.722,80 €:
 - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000014321F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de maio, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe total de 11.074,86 €, con cargo á partida 342-227,00.
 - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000015021F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de maio, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe de 2.399,81 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.
 - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000016721F, correspondente ao contrato de servizos, pola realización do servizo de limpeza e desinfección do aseos públicos do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, mes de maio, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 23/04/2021, por importe total de 779,99 €, con cargo á partida 342-227,00.
 - 4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 21164, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal



nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de maio, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902. Así como faise constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme ao informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.

5.- Recoñecemento da obriga a favor de CALEFACCIONES PAULINO, S.L., pola factura nº PAULINO 2171, correspondente ao Contrato Menor de Servizos para o “MANTEMENTO DAS INSTALACIONES TERMICAS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, 2º trimestre (abril, maio e xuño, ano 2021) aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 15/07/2020, por importe total de 1.815,00 €, con cargo á partida 342-227,9902.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 21 45, correspondente á adquisición de 82 medallas, pola celebración do 26º XOGOS AUTONÓMICOS MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL 2021, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 11/06/2021, por importe de 164,00 €, con cargo á partida 342-226,9901.

7.- Recoñecemento da obriga a favor de PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U., pola factura nº 202100 500, correspondente ao Contrato Menor de Servizos para o mantemento preventivo fronte a Lexionelose para as instalacións de auga quente sanitaria (con duchas) dos vestiarios do Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 21/06/2021, por importe total de 302,50 €, con cargo á partida 342-227,9902.”

- **3ª Resolución con data 05/07/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, mes de xuño, por importe total de 1.164,36 €, con cargo ás partidas 342-221,00.”
- **4ª Resolución con data 05/07/21** .-“ 1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da factura nº CI0917779343 a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, polo periodo do 08/04-07/05/2021, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión con data



21/06/2021, por importe de 227,18 €, con cargo á partida 341-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización”.

- **5ª Resolución con data 15/07/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Manuel Martínez Romero, técnico deportivo da Fundación de Deportes, polos xustificantes de gastos presentados correspondentes á inscrición do Curso Formativo“PILATES MAT”, realizado en modalidade On Line, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/03/2021, por importe de 650,00 €, con cargo á partida 341-162,00.”
- **6ª Resolución con data 27/07/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de xullo, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 6.370,23 €.”
- **7ª Resolución con data 27/07/21** .-“ Aprobación do recoñecemento de obriga a favor relación e facturas con acordo previo, mes de xullo, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 23.295,12 €:
 - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000017421F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de xuño, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe total de 11.074,86 €, con cargo á partida 342-227,00.
 - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000018121F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de xuño, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe de 2.399,81 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.
 - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000019621F, correspondente a realización da limpeza e desinfección do



Complejo Deportivo Municipal Fontecarmoa, pola celebración do 26º XOGOS AUTONÓMICOS MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL 2021, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 11/06/2021, por importe de 382,09 €, con cargo á partida 342-227,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa SOLITIUM NOROESTE, S.L.U., pola factura nº 0-02100839, correspondente a adquisición dunha fotocopiadora-impresora, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 18/06/2021, por importe de 5.094,12 €, con cargo á partida 342-220,00.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 21 50, correspondente á adquisición de 30 trofeos, pola celebración da SEMANA GALEGA DE VELA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 02/06/2021, por importe de 367,50 €, con cargo á partida 342-226,9901.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 21221, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de xuño, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902. Así como faíse constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme ao informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 43463351, correspondente á contratación da pola póliza de Seguros nº 51383892, correspondente á contratación da Póliza do seguro de accidentes para a Escola de Navegación Municipal 2021, modalidade Piragüismo, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 22/06/2021 por importe de 218,11€, con cargo á partida 341-224,00.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000019921F, correspondente á realización do servizo de limpeza e desinfección do aseos públicos do Campo de Fútbol Municipal Mari Paz Vilas Dono, mes de xuño, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 23/04/2021, por importe total de 571,99 €, con cargo á partida 342-227,00.”



D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 05/07/21** .- “1.- Aprobación das 28 solicitudes de inscrición da Escola Municipal de Navegación, modalidade de Piragüismo 2021, que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na convocatoria para a devandita Escola.
2.- Comunicar a D. Francisco Paz Aído que non é posible acceder a súa solicitude, dado que está presentada fora de prazo de inscrición e non consta o formulario de solicitude de inscrición para a citada Escola.
3.- Remitir o listado de solicitudes aprobadas á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL e ao CLUB DEPORTIVO DEPORNAUTIC VILAGARCÍA, adxudicatarios da contratación dos seguros de accidentes e desenvolvemento da devandita Escola, para o seu coñecemento.”

Mes de agosto:

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 05/08/21** .- “1.- Autorización ao CLUB VILAROUZA XIMNASIA RÍTMICA Vi o uso do Pavillón Municipal de Carril, para adestramentos da pretempada 2021-22, durante o mes agosto e setembro ata o comezo do curso escolar do presente ano, de luns, mércores e vernes, de 10:00-13:00 horas Excepto os días que sexan festivos.
Debendo levar a cabo o seu protocolo de medidas de prevención e protección e, da limpeza e desinfección periódica do material utilizado polos deportistas á finalización de cada turno de adestramento e a finalización da xornada.
2.- Comunicaselle que deberá deixar as citadas instalacións deportivas nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.
3.- Comunicarlle que conforme ao acordo adoptado polo Consello Reitor en sesión con data 29/06/2016, no que se lle aprobou o seu Convenio Económico para a utilización das instalacións deportivas, para a realización de actividades non federadas, nos seguintes termos:
 - a) Establécese o 100% de bonificación dos prezos públicos para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base.
- 4.- Comunicarlle que, para o desenvolvemento de esta actividade deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo deporte federado. Así como, segundo a lexislación vixente, terase en conta que o aforo permitido en cada un dos pavillóns municipais é de 12 deportistas excluídos os monitores, que tal como



indica, deberán traballar repartidos en dous grupos de 6 deportistas en cada ½ pista, traballando con máscara e realizando actividades sen contacto físico.

5.- Comunicarlle que non está permitido o consumo de alimentos dentro das instalacións deportivas municipais, conforme a normativa COVID19, polo que, deberán saír da instalación no caso de realizar algún avituallamento, permitindo só a inxesta de auga para a hidratación dos deportistas.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

7.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes (Catálogo de procedementos da Fundación de Deportes – 30001 SOLICITUDE XENÉRICA:

7.1) O anexo I (modelo normalizado adxunto) do Protocolo Básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo Deporte Federado.

7.2) Faise constar que o club organizador da actividade xa presentou a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade, faltándolle o xustificante de pago da póliza de accidentes presentada.

7.3) Faise constar que o club organizador da actividade xa presentou o protocolo Fisicovid segundo a orde *ORDE do 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.*

7.4) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

7.5) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como,



no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

8.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

- **2ª Resolución con data 31/08/21** .-"1.- Autorización á Asociación Deportiva e Cultural EncestaRías, para a celebración VI TORNEO ENCESTARÍAS, o uso dos Pavillóns do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, no seguinte horario:

<u>INSTALACIÓN DEPORTIVA</u>	<u>DÍA</u>	<u>HORARIO/CONCEPTO</u>
Pavillón nº 1	09/09/2021	Montaxe
	10/09/2021	Mañá e tarde (desenvolvemento)
	11/09/2021	Mañá (desenvolvemento, debendo na maior brevidade posible indicar as horas de uso).
	12/09/2021	Mañá (desenvolvemento, o que xenerará a partir das 14:00 horas, ao estar fora da franxa de apertura da instalación, a realización de horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo total de 16,13 €/h., con cargo á partida 341-151/13001.
	13/09/2021	Desmontaxe.
Pavillón nº 2	11/09/2021	Tarde (desenvolvemento)

Fáise constar que o Servizo de Limpeza das instalacións deportivas autorizadas cumpre coa lexislación vixente do COVID-19.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle prestan as citadas instalacións e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que non é posible acceder a súa solicitude de autorización da montaxe do graderío nos fondos do pavillón, así como a colocación de 150 cadeiras a pé de pista para o público, dada a situación que estamos a vivir pola pandemia producida pola COVID-19, e os protocolos derivados da mesma.

4.- Trasladar á Xunta de Goberno Local, para a súa aprobación, se procede, das solicitudes de:

. Autorización do uso do Xardín de Ravella, para levar a cabo o Acto de Presentación previsto para o mércores 8 de setembro ás 12:30 horas, a colocación dun



palco 4x4 e a cesión dun Equipo de Son, así como o estacionamento dun vehículo a carón do palco, previo informe da policía local.

. Autorización para a colocación de 3 pancartas nas vías de acceso a cidade.

5.- Aprobar a cesión de 10 mesas, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das disponibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.

6.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento do Auditorio:

- Acto de Presentación no xardín de Ravella, o vindeiro día 8 de setembro do presente ano.- Un Equipo de Son.
- Desenvolvemento do Evento.- Cesión de 50 cadeiras como banquetes.

. Servizo de Electricidade do Concello, a colocación de enchufes en todos os vestiarios

. Departamento de Obras:

- Acto de Presentación no xardín de Ravella, o vindeiro día 8 de setembro do presente ano.- Colocación dun palco de 4x4 e a cesión de 30 cadeiras.
- Desenvolvemento do Evento.- Cesión de 75 cadeiras brancas, 15 valados e, o uso do camión para o traslado do material loxístico da organización, debendo na maior brevidade posible concretar o horario que precisan.

. Área de Comunicación, o diseño de cartelería e colocación da mesma en zonas de alta visibilidade e da realización de 3 lonas xenéricas para colocar nas entradas ao Concello.

. Departamento da Policía Local, a reservar de estacionamento para 5 autobuses.

. Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, a cesión da súa ambulancia co seu persoal necesario, para o desenvolvemento do citado evento.

7.- No relativo a:

. Acotamento dunha zona lateral do aparcamento principal do CDM de Fontecarmoa, autorízaselles para os vehículos da organización, tendo que dispoñer dun cartel indicativo.

. Estacionamento de 2 vehículos de publicidade nas proximidades do porche, autorízaselles aos lados do mesmo (fóra do fronte do mesmo xa que é un espazo de evacuación en caso de urxencias).



. Colocación dunha lona publicitaria, autorízaselles colocala entre as columnas do porche do Pavillón nº1.

. Punto de corrente para unha foodtrack, autorízaselles a súa colocación, previa presentación da documentación e certificacións correspondentes de cumprimento de toda a lexislación vixente.

8.- No relativo a dotar a instalación de wifi temporal para o desenvolvemento do devandito evento, comunicarlle que a instalación xa conta cunha municipal, de non chegarlle a capacidade da mesma, o club organizador debe ser o que contrate a wifi temporal.

9.- Conceder 5 trofeos para a entrega de trofeos, da remesa da Fundación de Deportes.

10.- Deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo Básico para o uso das Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa para o Deporte Federado, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/10/2020 e demais normativa aplicable de medidas necesarias establecidas pola Xunta de Galicia, para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 (Entre outras, respetar o aforo permitido, o público deberá estar sentado nas bancadas, coa mascariila todo o tempo, sen poder comer e beber na instalación, con toma de temperatura á entrada, desinfección de mans e calzado, e a

organización deberá ter un listado do público asistente e do asento ocupado por cada un de eles). Así como coas medidas establecidas no Protocolo Fiscovid da Federación Galega de Baloncesto.

11.- Comunicarlle que non está permitido o consumo de alimentos dentro das instalacións deportivas municipais, conforme a normativa COVID-19.

12.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

13.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

13.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

13.2) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración



xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

13.3) No caso do montaxe de calqueira estrutura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certificación en presenza do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estruturas existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc..., os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

14.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,..."

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 06/08/21** .- "1.- Adxudicación á empresa CRISTALAROSA, S.L. (B36351583) a adquisición de novas proteccións para os banquetos do Estadio Municipal de A Lomba, debido a unha nova reubicación por motivos de seguridades, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe total de 5.795,90 € (IVE incluído) con cargo á partida 342-210,00."
- **2ª Resolución con data 06/08/21** .-"1.- Adxudicación á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U. (BLANCO BALIÑAS, SAMUEL)a través dun contrato Menor de Servizos, dos seguros de accidentes dos participantes nos torneos, por importe total de 340,93 € (I.V.E. incluído), con cargo a partida 342-224,00."

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 03/08/21** .- "1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das Instalacións Deportivas Municipais municipais e, Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de xullo, por importe total de 5.612,08 €, con cargo ás partidas 342-221,00 e 342-221,02 respectivamente."
- **2ª Resolución con data 31/08/21** .-"1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de agosto, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 3.094,06 €."
- **3ª Resolución con data 31/08/21** .-" Aprobación do recoñecemento de obriga a favor relación e facturas con acordo previo, mes de agosto, que a continuación se relaciona,



de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 28.540,99 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE VELA, pola factura nº 346, correspondente á contratación do seguro para os 23 alumnos/as e realización das 8 sesións da Escola Municipal de Navegación, modalidade de Vela 2021, aprobado polas Resolucións do Sr. presidente con datas 22/06/2021 e 05/07/2021, por importe total de 1.288,00 € (368,00 €/seguros e 920,00 €/8 sesións), con cargo á partida 342-224 e 342-227,9901 respectivamente.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa BAÑOSPRINT, S.L., pola factura nº Emit-260, correspondente á adquisición de Lonas publicitarias (Frinsa), para a celebración da XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2021 aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 09/07/2021 por importe de 278,30 €, con cargo á partida 342-226,09.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000020621F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de xullo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe total de 11.074,86 €, con cargo á partida 342-227,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000021321F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de xullo, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe de 2.399,81 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CRISTALAROSA, S.L., pola factura nº 21 00275, correspondente á adquisición das Proteccións dos banquillos de xogadores do Estadio de A Lomba, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 06/08/2021, por importe de 5.795,88 €, con cargo á partida 342-210,00.



6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 21272, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de xullo, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902. Así como faíse constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme ao informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO, S.L., pola fra. Nº PON-1912, correspondente á contratación da licenza dun día dos participantes non federados e director COVID-19 da XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, ano 2021, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/07/2021, por importe de 183,62 €, con cargo á partida 341-226,09.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 43665639, correspondente á contratación da póliza de Seguros nº 51385207 do seguro de accidentes dos participantes nos TORNEOS DE VERÁN DE BADMINTON E TENIS, periodo do 19/08-18/09/2021, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 06/08/2021 por importe de 185,58 €, con cargo á partida 342-224,00.

9.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 21 54, correspondente á adquisición de 30 trofeos, celebración da XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, ano 2021, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/07/2021, por importe de 367,50 €, con cargo á partida 342-226,9901.

10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa GUIMERANS TROFEOS, S.L., pola fra. Nº Emit- 2100272, correspondente á adquisición das 200 medallas personalizadas, celebración da XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, ano 2021, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/07/2021, por importe de 580,80 €, con cargo á partida 342-226,9901.

11.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB DE REMO VILAXOÁN, pola factura nº Emit-2021005, correspondente ao balizamento da “XXVII REGATA BANDEIRA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DE TRAIÑAS”, aprobado pola Resolución



Sr. presidente con data 14/07/2021, por importe de 1.000,00 €, con cargo á partida 341-226,09.

12.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB DEPORNAUTIC AROUSA, pola factura nº Emit-2, correspondente á organización da Escola de Navegación Municipal, modalidade de Piragüismo, ano 2021, para un total de 28 alumnos/as, aprobado pola Resolucións do Sr. presidente con datas 22/06/2021 e 05/07/2021, mes de xullo por importe total de 1.100,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.

13.- Recoñecemento da obriga a favor do CLUB DEPORNAUTIC AROUSA, pola factura nº Emit-3, correspondente á organización da Escola de Navegación Municipal, modalidade de Piragüismo, ano 2021, para un total de 28 alumnos/as, aprobado pola Resolucións do Sr. presidente con datas 22/06/2021 e 05/07/2021, mes de agosto, por importe total de 1.100,00 €, con cargo á partida 341-227,9901.”

- **4ª Resolución con data 31/08/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, mes de agosto, por importe total de 5.500,30 €, con cargo ás partidas 342-221,00.
- **5ª Resolución con data 31/08/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que comprobada a súa documentación xustificativa, presentan correctamente a súa documentación de acordo ás devanditas bases, con cargo á partida 342-483,00:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>IMPORTE</u>
OS INGLESE RUGBY CLUB	4.147,70 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA AROUSA FÚTBOL 7	3.842,08 €
CLUB VILAGARCÍA, S.D.	4.496,98 €
CLUB AROSA,S.C.	10.565,72 €
AGRUPACIÓN ATLÉTICA MAZÍ	5.326,52 €

D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 06/08/21** .- “1.- Nomeamento como Encargado Accidental do Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, D. Juan José Ventoso Fuentes, pola ausencia do encargado titular do devandito Servizo, D. Javier Vicente Maneiro, por vacacións e compensación de horas extras realizadas do 2 de agosto ao 27 de setembro do presente ano.
- 2.- Aprobar o abono en nómina dun plus de produtividade, por importe de 319,71 €/mes (cantidade que recibe o encargado do servizo de mantemento como complemento por exercer esta función), sen que o mesmo sexa descontado ao



Encargado titular por ter dereito as vacacións e ausencias do seu posto de traballo, con cargo á aplicación presupostaria 342-150,0001.

3.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Persoal, para o seu coñecemento.”

Mes de setembro:

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 01/09/21** .-“1.- Autorización á Federación Galega de Baloncesto, o uso do Pavillón Municipal de Castela, para a realización dun curso de adestradores de baloncesto, os vindeiros días 4 e 5 de setembro do presente ano, no horario que a continuación se indica:

<u>DÍA</u>	<u>HORAS</u>
03/09/2021	16:00-21:00 horas
04 e 05/09/2021	09:00-14:00 horas 16:00-21:00 horas

Así como, comunícaselle que deberá deixar a devandita instalación, nas mesma condicións en que se lle presta e, responsabilizándose dos danos ou desperfecto que poideran causarse na mesma polos participantes na citada actividade.

2.-Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo Básico para o uso das Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa para o Deporte Federado, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/10/2020 e demais normativa aplicable de medidas necesarias establecidas pola Xunta de Galicia, para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 (Entre outras, Control de acceso, con limpeza de mans co xel hidroalcohólico e desinfección do calzado na alfombra e toma de temperatura. Os asistentes seguirán a circulación establecida para as persoas na instalación ata as cadeiras; Asistentes con mascariila todo o tempo asegurando os 1,5 m de distancia entre cada un nas catro direccións, sen poder comer e beber na instalación, a organización deberá ter un listado de control dos asistentes que acceden á instalación, repectando o aforo limitado e a presenza en todo momento do responsable COVID-19 designado pola Entidade). Así como coas medidas establecidas no Protocolo FisCovid da Federación Galega de Baloncesto.

3.- Comunicarlle que non está permitido o consumo de alimentos dentro das instalacións deportivas municipais, conforme a normativa COVID19, polo que, deberán sair da instalación no caso de realizar algún avituallamento, permitindo só a inxesta de auga para a hidratación dos participantes.



4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración da citada actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes (Catálogo de procedementos da Fundación de Deportes – 30001 SOLICITUDE XENÉRICA:

5.1) O anexo I – Responsable COVID-19 (modelo normalizado adxunto) do Protocolo Básico de actuación para o uso das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa polo Deporte Federado.

5.2) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

6.- Comunicarlle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade,...

- **2ª Resolución con data 01/09/21** .-“1.- Autorización á Agrupación Atlética Mazí, o uso do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a preparación do Campionato de España Master, que se vai celebrar a finais do mes de novembro do presente ano, dos atletas do devandito Club: Dna. Verónica Cores Muñiz, D. Isidro Fernández Abuín e D. Luis Cores Domínguez, de luns a venres, de 10:00–12:00 horas e/ou de 18:00-20:00 horas.

2.- Faise constar que, que xa ten presentado o certificado de licenzas en vigor ca relación nominal de deportistas e adestradores con nome e apelidos selada pola Federación Galega de Atletismo, na que figuran os tres atletas para os que se solicita autorización e a declaración responsable da entidade na que comunican o responsable COVID-19 da Entidade Deportiva e, o Protocolo Fiscovid da Federación Galega de Atletismo.

3.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas no Protocolo Básico para o uso das Instalacións Deportivas Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa para o Deporte Federado, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/10/2020 e demais normativa aplicable de medidas necesarias establecidas pola Xunta de Galicia, para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, así como, coas establecidas no Protocolo Fiscovid da Federación Galega de Atletismo. Asemade deberán presentar diariamente



por correo electrónico o ANEXO II: FORMULARIO DE CONTROL DE ASISTENCIA ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, conforme o citado Protocolo.”

- **3ª Resolución con data 07/09/21** .-“1.- Dar traslado á Xunta de Goberno Local, a solicitude do Club Xadrez Fontecarmoa da ocupación da Rúa Castela para levar a cabo as Xornadas de Xadrez na Rúa, os vindeiros 17 e 24 do presente mes, para a súa aprobación se procede, previo informe da Policía Local.
2.- Ceder ao Club Xadrez Fontecarmoa, para a celebración das devanditas Xornadas 6 mesas e 30 cadeiras das que dispón o Servizo de Mantemento da Fundación de Deportes, asinando a correspondente folla de cesión de material por duplicado.
3.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de seguros de Responsabilidade Civil e de accidentes para todos os participantes da devandita actividade, así como, cumprir coa lexislación vixente e os protocolos fronte ao COVID-19.”
- **4ª Resolución con data 30/09/21** .-“1.-Aprobación da cesión á Real Federación Galega de Vela das catenarias, para a celebración da SEMANA OLÍMPICA DA VELA e, que polo Servizo de Mantemento da Fundación Deportes se leve a cabo a súa colocación e recollida do citado material, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folla de cesión de material por duplicado.
2.- Trasladar ao departamento de obras do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa a cesión das 50 valadas, para a súa aprobación se procede.
3.- Conceder á devandita Federación, 14 trofeos para a entrega de premios na celebración do devandito evento, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe total de 176,50 € (IVE incluído).”
- **5ª Resolución con data 30/09/21** .- “1.- Aprobación da coorganización coa Asociación Special Olympics Galicia, para a celebración dos 9º MARCHA CICLISTA UNIFICADA PARA PERSOAS CON E SEN DISCAPACIDADE INTELECTUAL, o vindeiro día 3 de outubro do presente ano, que se levará a cabo polas rúas do Concello.
2.- Aprobar a creación dun Comité Organizador, onde estará representada a Asociación solicitante e a Fundación de Deportes, con un representante de cada Entidade e, o que propondrá a aprobación do orzamento de gastos e designación de tarefas, que asumirá cada unha das partes.



3.- Nomear como representantes do citado Comité, por parte da Fundación de Deportes a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, e pola outra parte a Eunice Mosquera Arnos, directora técnica da Asociación Special Olympics Galicia.”

B.- Aprobacións de gastos e adjudicacións:

- **1ª Resolución con data 14/09/21** .- “1.- Adjudicación á empresa PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U., a través dun contrato Menor de Servizos, a realización do mantemento preventivo fronte a Lexionelose das instalacións de auga quente sanitaria (con duchas) das instalación deportivas dependentes da Fundación de Deportes, periodo do 01/09/2021 ao 31/08/2022, conforme ao Real Decreto 865/2003 do 4 xullo, por un importe total de 6.655,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-227,9902.”
- **2ª Resolución con data 16/09/21** .-“Aprobación da continuidade do Contrato de Servizos de Limpeza das Instalacións Deportivas Municipais e Recinto Fexdega á empresa Clece S.A., período do 1 de setembro do presenta ano ao 31 de agosto de 2022 aplicando un incremento do 4,68%, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 169.263,60 €, con cargo á partida 342-227,00 e , co seguinte desglose:

<u>INSTALACIÓN</u>	<u>SET.-DEC. 2021</u>	<u>XAN.-AGO. 2022</u>	<u>TOTAL</u>
IDM	46.372,68 €	92.745,36 €	139.118,04 €
RECINTO FEXDEGA	10.048,52 €	20.097,04 €	30.145,56 €
- Totais	56.421,20 €	112.842,40€	169.263,60 €”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 13/09/21** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da factura nº CI0917911420 a favor da empresa VODAFONE ESPAÑA, S.A.U., correspondente aos consumos dos móbiles da Fundación de Deportes, periodo do 08/05-07/06/2021, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 13/09/2021, por importe de 227,94 €, con cargo á partida 341-222,00 e, que se levará a cabo a contabilidade do seu pagamento en Formalización.”
- **2ª Resolución con data 14/09/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor de D. Juan Miguel Doval Blanco, director deportivo da Fundación de Deportes, polos xustificantes de gastos presentados correspondentes aos gastos de locomoción do Curso Formativo “NOVAS TECNOLOXÍAS PARA PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE A DISPOSICIÓN DOS CONCELLOS GALEGOS”, aprobados pola Resolución do Sr. presidente con data 05/07/2021, por importe de 77,08 €, con cargo a partida 342-231,20.”

O Consello Reitor queda sabedor.



3.- DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE E PERIODO MEDIO DE PAGO, 3º TRIMESTRE, ANO 2021.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe de Morosidade e periodo medio de pago, 3º trimestre 2021 (1 de xullo ao 30 de setembro de 2021), no que a 30/09/2021, non existen obrigas pendentes de pago nas que se estén incumprando o prazo de pago de 30 días, así como indica que:

m) **Os promedios de pago deste trimestre, sitúanse en 26,70 días.**

n) As facturas pagadas dentro do trimestre son as seguintes:

Dentro do período legal de pago 97.499,03 €

Fora do período legal de pago 1.856,03 €

As facturas pagadas fora do período legal de pago débense a unha factura de Troquiña S.L. e outra de Calefacciones Paulino S.L. que estaban pendentes de trámites administrativos tales como informes e /ou expediente de modificación de créditos

o) As facturas pendentes de pago ao final do trimestre dentro do período legal de pago ascenden a 39.315,64 € e, fora do período legal de pago 0,00 € .

p) O Período Medio de Pago da Fundación de Deportes é de 0,72 días.

O Consello Reitor queda sabedor.

4.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DO CUSTE DOS SERVIZOS DO ANO 2020 EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2075/2014.

Pola Sra. interventora/delegada dáse conta do informe do subministro de Información do custe dos Servizos do ano 2020 en relación á orde hap/2075/2014, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe antes do 01/11/2021 no referente ao exercicio 2020, cun custe efectivo do servizo “Promoción do Deporte” para o ano 2020 que ascende a cantidade de 985.439,26 €, centralizadas na área 341 Promoción do Deporte.

O Consello Reitor queda sabedor.

5.- DAR CONTA DO INFORME DO SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN, 3º TRIMESTRE DE 2021, EN RELACIÓN Á ORDE HAP/2015/2012.

Pola Sra. interventora/delegada da conta do informe do 3º trimestre de 2021 (1 de xullo a 30 de setembro de 2021), en relación á orde HAP/2015/2012, pola que se ten a obriga de efectuar por medios electrónicos (plataforma habilitada) a remisión do devandito informe trimestralmente, cumpríndose a obriga no prazo establecido legalmente.



O Consello Reitor queda sabedor.

6.- DAR CONTA DOS CONVENIOS DE USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS SUBSCRITOS COS CLUBS/ENTIDADES DEPORTIVAS: CLUB DEPORTIVO BAMIO, CLUB SAN MARTÍN, CLUB DE REMO VILAXOÁN E ATLÉTICO FAXILDE CLUB DE FÚTBOL, CONFORME AO ACORDO DO CONSELLO REITOR EN SESIÓN CON DATA 22/10/2020.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta dos convenios de uso asinados cos Clubs/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, conforme ao borrador aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 05/10/2017 e a súa modificación con data 22/10/2020, e para o uso das seguintes instalacións deportivas municipais:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>INSTALACIÓN DEPORTIVA</u>	<u>DATA</u>
CLUB DEPORTIVO BAMIO	CFM MARI PAZ VILAS DONO	13/11/2021
CLUB SAN MARTÍN	CFM DE VILAXOÁN	13/11/2020
CLUB DE REMO VILAXOÁN	CSCD DE VILAXOÁN (DEPEND. DEPORTIVAS)	21/07/2021
ATLÉTICO FAXILDE C.F.	CFM DA PELADA	13/10/2021

A Sra. secretaria/delegada sinala que se estivo á espera da sinatura co Club Atlético Faxilde C.F., dado que dende o ano 2020 tiñan pendiente a renovación da súa directiva e unha vez asinados todos os convenios conforme o borrador aprobado polo Consello Reitor e a súa modificación traense para dar conta.

O Consello Reitor queda sabedor.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS NORMAS REGULADORAS DO CARNÉ DA FUNDACIÓN DE DEPORTES DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, ANO 2022.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das normas reguladoras do Carné da Fundación de Deportes do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, ano 2022, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 do prezo público pola utilización das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa e outros Servizos, así como dos modelos de Solicitud e de Renovación do devandito Carné. Así como dáse conta do informe do Sr. director Deportivo no que sinala que conforme a Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, establece no seu Capítulo III, como requisitos a presenza, asistencia e intervención dun técnico titulado no Ximnasio de Musculación do CDM Fontecarmoa e, dado que na actualidade non se pode



cumprir coa citada norma, procede que: “o uso do ximnasio debería quedar restrinxido aos deportistas federados dos clubs que acudan acompañados por un técnico do seu clube, quedando excluído o uso para usuarios particulares ata que se puidese dispor, pola Fundación de Deportes, de persoal técnico que prestara servizo e intervira no ximnasio”.

O Consello Reitor acorda por unanimidade aprobar as **NORMAS REGULADORAS DO CARNÉ DA FUNDACIÓN DE DEPORTES DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA**, ano 2022, eliminando no apartado 8.- Servizos que incúe o Carné, punto “e” o parágrafo “ximnasio de musculación un acceso diario”. Así como os modelos de Solicitud e Renovación do devandito Carné, que se poderán presentar a partir do 1 de decembro de 2021, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos 30006.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS HORARIOS ANUAIS DOS PAVILLÓNS, CAMPOS DE FÚTBOL E OUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, TEMPADA 2021/22, PARA OS ADESTRAMENTOS DOS CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS E CENTROS EDUCATIVOS.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do Regulamento de Rexime Interno, que no seu Capítulo V: SOLICITUDE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, artigo 27. SOLICITUDE DE IDM PARA CLUBES OU ENTIDADES DEPORTIVAS E CENTROS EDUCATIVOS, segundo parágrafo do apartado 2 que dí literalmente o seguinte: “Corresponderá ao/á Presidente/a da Fundación de Deportes, informar sobre a procedencia da concesión da licenza solicitada e formular a proposta de resolución ao Consello Reitor da Fundación de Deportes.” Polo que se presenta para a súa aprobación, se procede, a proposta do Sr. director Deportivo dos HORARIOS ANUAIS das instalacións deportivas municipais que a continuación se relacionan, para os adestramentos, tempada 2021/22:

CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS:

- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa:
 - . Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo
- Campo de Fútbol Municipal de Berdón
- Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán
- Campo de Fútbol Mari Paz Vilas
- Campo de Fútbol da Pelada

PAVILLÓNS MUNICIPAIS:

- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa:
 - . Pavillón nº 1 e nº 2



- Pavillón Municipal Castelao
- Pavillón Municipal de Carril
- Pavillón Municipal de Faxilde
- Pavillón Municipal da Torre
- Pavillón Municipal de Guillán

OUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS:

- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa:
 - . Estadio de Atletismo (Pista e Campo de herba natural)
 - . Pistas de Tenis
 - . Ximnasio de Musculación
- Ximnasio do CEIP Arealonga-A Lomba

Polo Sr. director Deportivo dá un breve resumo, de todos os horarios das instalacións deportivas municipais, unha vez finalizado o prazo de presentación, así como de solicitudes presentadas fora de prazo e, despois das conversas mantidas con todos os Clubes/Entidades Deportivas solicitantes. Asemade indica que os horarios aplicouse o que establece o regulamento interno, para dar cabida a todas as horas solicitadas polos Clubes/Entidades Deportivas.

A Sra. Granja pregunta cales son os motivos de que non se presenten horarios do Recinto Fexdega.

O Sr. director Deporivo contéstalle, que ata principios de outubro nese recinto se levou a cabo a vacunación do COVID19, no mes de novembro se vai realizar os exámenes da oposición de auxiliares administrativas do Excmo. Concello de Vilgarcía de Arousa, así como están previstas a celebración de diversas Feiras, polo que ata o mes de xaneiro de 2022, non o podemos ter a nosa disposición.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar os HORARIOS ANUAIS DOS CAMPOS DE FÚTBOL, PAVILLÓNS MUNICIPAIS E OUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS anteriormente sinaladas, tempada 2021/22, para os adestramentos dos Clubes/Entidades Deportivas e, ata o 31 de maio de 2022. No suposto de finalizar os adestramentos con anterioridade ao 31 de maio deberán comunicalo con 15 días de antelación, do contrario entenderase, a todos os efectos, que o club ou entidade solicitante fará uso da instalación ata esa data.

2.- Conforme ao artigo 27.4 do Regulamento de Rexime Interno, que dí lieteralmente o seguinte: “27.4. Os clubes/entidades deportivas que teñan concedido o uso de IDM da Fundación de Deportes, non poderán facer uso das mesmas se non están ao corrente dos pagos fixados. Así como estar en posesión dos preceptivos Seguros de Accidentes/licenzas



federativas e de Responsabilidade civil, para ditas actividades”. Facendo constar que todos os Clubes/Entidades deportivas teñen presentado a devandita documentación, conforme informe do Sr. director Deportivo.

3.- Comunicarlles que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

4.- Os clubs ou entidades deportivas que teñan reservada a instalación para os seus adestramentos durante a tempada, deberán avisar cun mínimo de **24 horas** de antelación os días que non vaian facer uso da mesma, do contrario a Fundación de Deportes poderá deixar sen efecto a reserva e este uso cobrase cun recargo do 20 % ou/e, puidendo pasar a mesma a outro Club/Entidade Deportiva ou/e outro usuario.

5.- No caso de que un equipo (segundo categoría) establecido non supere o mínimo de deportistas obrigatorio definida pola súa federación, non poderán facer reserva para adestramentos.

6.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

7.- Lembráselles a obrigaón de presentar ao finalizar cada xornada de adestramentos diarios, a través do correo electrónico, á dirección fdactividades@vilagarcia.gal, o Anexo II.- FORMULARIO DE CONTROL DE ASISTENCIA ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CONFORME O PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN COVID-19, co desglose de cada grupo de adestramento e asinado polo responsable COVID-19 do seu Club/Entidade Deportiva. Advertíndolles que no caso de incumprimento, poderá ser causa de anulación da súa autorización de instalacións deportivas concedidas.

Así como deberá ter cuberto por cada deportista ou no caso de menores nai/pai/titor/a do neno/a integrantes do seu Club/Entidade Deportiva o Anexo III.- DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS. Debendo te-los a disposición da Fundación de Deportes en todo momento.

8.- Facultar ao Sr. presidente para a aprobación das pequenas modificacións ou novas solicitudes a maiores que poidan presentarse, para a tempada 2021/22.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do Regulamento de Rexime Interno, que no seu Capítulo V: SOLICITUDE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, artigo 27. SOLICITUDE DE IDM PARA CLUBES OU ENTIDADES DEPORTIVAS E CENTROS EDUCATIVOS, segundo parágrafo do apartado 2 que dí literalmente o seguinte: “Corresponderá ao/á Presidente/a da Fundación de Deportes, informar sobre a procedencia



da concesión da licenza solicitada e formular a proposta de resolución ao Consello Reitor da Fundación de Deportes.” Polo que se presenta para a súa aprobación, se procede, a proposta do Sr. director Deportivo dos HORARIOS ANUAIS dos Campos de Fútbol, Estadio de Atletismo, Pavillóns Municipais e outras instalacións deportivas que a continuación se relacionan, tempada 2021/22:

CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS:

- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa:
 - . Campo de Fútbol Municipal Manuel Jiménez Abalo
- Campo de Fútbol Municipal de Berdón
- Campo de Fútbol Municipal de Vilaxoán
- Campo de Fútbol Mari Paz Vilas
- Campo de Fútbol da Pelada

PAVILLÓNS MUNICIPAIS:

- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa:
 - . Pavillón nº 1 e nº 2
- Pavillón Municipal Castelao
- Pavillón Municipal de Carril
- Pavillón Municipal de Faxilde
- Pavillón Municipal da Torre
- Pavillón Municipal de Guillán

OUTRAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS:

- Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa:
 - . Estadio de Atletismo (Pista e Campo de herba natural)
 - . Pistas de Tenis
 - . Ximnasio de Musculación
- Ximnasio do CEIP Arealonga-A Lomba

Polo Sr. director Deportivo dá un breve resumo, de todos os horarios das instalacións deportivas municipais, unha vez finalizado o prazo de presentación, así como de solicitudes presentadas fora de prazo e, despois das conversas mantidas con todos os Clubes/Entidades Deportivas solicitantes. Asemade indica que os horarios aplicouse o que establece o regulamento interno, para dar cabida a todas as horas solicitadas polos Clubes/Entidades Deportivas.

Unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar os HORARIOS ANUAIS DOS CAMPOS DE FÚTBOL E PAVILLÓNS MUNICIPAIS anteriormente sinalados, tempada 2021/22, para os adestramentos dos Clubes/Entidades Deportivas e, ata o 31 de maio de 2022. No suposto de finalizar os



adestramentos con anterioridade ao 31 de maio deberán comunicalo con 15 días de antelación, do contrario entenderase, a todos os efectos, que o club ou entidade solicitante fará uso da instalación ata esa data.

2.- Conforme ao artigo 27.4 do Regulamento de Rexime Interno, que dí lieteralmente o seguinte: “27.4. Os clubs/entidades deportivas que teñan concedido o uso de IDM da Fundación de Deportes, non poderán facer uso das mesmas se non están ao corrente dos pagos fixados. Así como estar en posesión dos preceptivos Seguros de Accidentes/licenzas federativas e de Responsabilidade civil, para ditas actividades”. Facendo constar que todos os Clubs/Entidades deportivas teñen presentado a devandita documentación, conforme informe do Sr. director Deportivo.

3.- Comunicarlles que a cesión das instalacións a clubs ou entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á dirección deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación.

4.- Os clubs ou entidades deportivas que teñan reservada a instalación para os seus adestramentos durante a tempada, deberán avisar cun mínimo de **24 horas** de antelación os días que non vaian facer uso da mesma, do contrario a Fundación de Deportes poderá deixar sen efecto a reserva e este uso cobrarase cun recargo do 20 % ou/e, puidendo pasar a mesma a outro Club/Entidade Deportiva ou/e outro usuario.

5.- No caso de que un equipo (segundo categoría) establecido non supere o mínimo de deportistas obrigatorio definida pola súa federación, non poderán facer reserva para adestramentos.

6.- Ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros, quen así o faga perderá o dereito de uso de ese horario e instalación.

7.- Lembráselles a obrigaón de presentar ao finalizar cada xornada de adestramentos diarios, a través do correo electrónico, á dirección fdactividades@vilagarcia.gal, o Anexo II.- FORMULARIO DE CONTROL DE ASISTENCIA ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS CONFORME O PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN COVID-19, co desglose de cada grupo de adestramento e asinado polo responsable COVID-19 do seu Club/Entidade Deportiva. Advertíndolles que no caso de incumprimento, poderá ser causa de anulación da súa autorización de instalacións deportivas concedidas.

Así como deberá ter cuberto por cada deportista ou no caso de menores nai/pai/titor/a do neno/a integrantes do seu Club/Entidade Deportiva o Anexo III.- DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓNS. Debendo te-los a disposición da Fundación de Deportes en todo momento.



8.- Facultar ao Sr. presidente para a aprobación das pequenas modificacións ou novas solicitudes a maiores que poidan presentarse, para a tempada 2021/22.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DAS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS: PSICOMOTRICIDADE, MULTIDEPORTIVA DE INVERNO E DEPORTIVA DE BASE, CURSO 2021/22.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do Proxecto das Escolas Deportivas Municipais que a continuación se relacionan, elaborado polo Sr. director Deportivo, para o curso 2021/22:

- ESCOLA DE PSICOMOTRICIDADE
- ESCOLA MULTIDEPORTIVA DE INVERNO
- ESCOLA DEPORTIVA DE BASE, MODALIDADES DE:

ARTES MARCIAIS	PATINAXE	XADREZ
ATLETISMO	TENIS	XIMNASIA RITMICA
BALONCESTO	TENIS DE MESA	

Así como preséntase o Orzamento de gastos para o desenvolvemento do devandito proxecto, por importe total de 11.154,43 €, desglosados da seguinte maneira:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE TOTAL</u>	<u>ANO 2021</u>	<u>ANO 2022</u>
SEGUROS DEPORTIVOS	1.354,43 .-	1.354,43 .-	0,00 .-
ESCOLAS DEPORTIVAS	<u>9.800,00 .-</u>	<u>2.800,00 .-</u>	<u>7.000,00 .-</u>
TOTAL	11.154,43 €	4.154,43 €	7.000,00 €

Asemade dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada en relación ao asunto.

Polo Sr. director Deportivo fai un breve resumo do devandito Proxecto, indicando que o prezo das Solicitudes de inscrición de cada Escola é de 12,00 €, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 do prezo público pola utilización das Instalacións Deportivas Municipais de Vilagarcía de Arousa e outros Servizos. Así como as instalacións previstas para o desenvolvemento das devanditas Escolas serán nos pavillóns dos Centros Educativos: CEIP Arealonga, CEIP O Piñeiriño e CEIP A Escardia, estando á espera de reunirse coa dirección do IES Castro Aobre para poder levar a cabo actividades no seu pavillón. Asemade sinala que as modalidades deportivas da Escola Deportiva de Base serán de xestión indirecta, todas aquelas que os Clubes/Entidades Deportivas presenten proxecto.

Asemade preséntanse as Follas de Solicitudes de Inscrición das citadas Escolas acompañadas do Anexo I: Declaración Responsable de Participante nas Escolas Deporivas Municipais, cun prazo de inscrición do 22 de outubro ao 2 de novembro do presente ano, a



través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos 30005.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar o Proxecto e Follas de Inscripción do Programa das Escolas Deportivas Municipais de: Psicomotricidade, Multideportiva de Inverno e Deportiva de Base, curso 2021/22, acompañadas do Anexo I: Declaración Responsable de Participante nas Escolas Deportivas Municipais, cun prazo de inscrición do 22 de outubro ao 2 de novembro do presente ano, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedementos 30005.

2.- Aprobar o orzamento de gastos por importe total de 11.154,43 €, para o curso 2021/22, co seguinte desglose:

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE TOTAL</u>	<u>ANO 2021</u>	<u>ANO 2022</u>	<u>PARTIDA</u>
SEGUROS DEPORTIVOS	1.354,43 .-	1.354,43 .-	0,00 .-	342-224,00
ESCOLAS DEPORTIVAS	9.800,00 .-	2.800,00 .-	7.000,00 .-	342-227,9901
TOTAL	11.154,43 €	4.154,43 €	7.000,00 €	

3.- Facultar ao Sr. Presidente para a aprobación das pequenas variacións que poidan xurdir no citado proxecto.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE REACTIVACIÓN DA ACTIVIDADE FÍSICA, NOVEMBRO E DECEMBRO, ANO 2021.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta do Proxecto de Reactivación da Actividade Física acompañadas do Anexo I: Declaración Responsable de Participante no programa de reactivación da actividade física, elaborado polo Sr. director Deportivo, para os meses de novembro e decembro do presente ano, estruturado en dúas actividades:

- . Actividades de movemento intelixente
- . Actividades de acondicionamento físico xeral

Así como preséntase o Orzamento de gastos para o desenvolvemento do devandito proxecto, por importe de 950,00 €, correspondentes á contratación dos Seguros de Accidentes para os participantes.

Asemade dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada en relación ao asunto.

Polo Sr. director Deportivo fai un breve resumo do devandito Proxecto, explicando que as actividades desenvolveranse en horario de mañán, no Pavillón Municipal de Castelao e o Pavillón nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa e de tarde, nos Pavillóns Municipais de Carril e Guillán e do CEIP O Piñeiriño. En grupos máximos de 25 persoas de



forma simultánea sempre que non se superen os 2/3 da capacidade máxima permitida, sen contacto físico, con mascarilla obrigatoria e respetando a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Planificadas de libre participación e gratuítas sendo actividades de acondicionamento físico por un lado e actividades de movemento intelixente, pensadas para facilitar a práctica deportiva de todo o mundo, participando conxuntamente menores de idade de 16 e 17 anos con adultos, sendo estas actividades de nova creación para facilitar unha toma de contacto coas actividades físicas despois de máis de un ano, sen que a Fundación de Deportes as puidese realizar por mor do Covid-19 e a lexislación sobre a mesma, e previo as actividades Físico Recreativas que comenzarían no mes de xaneiro.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar o Proxecto de Reactivación da Actividade Física acompañada do Anexo I: Declaración Responsable de Participante no programa de reactivación da actividade física.

2.- Aprobar o orzamento de gastos para o desenvolvemento do devandito proxecto, por importe de 950,00 €, correspondentes á contratación dos Seguros de Accidentes para os participantes, con cargo á partida 342-224,00.

3.- Facultar ao Sr. Presidente para a aprobación das pequenas variacións que poidan xurdir no citado proxecto.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

- O Sr. presidente, ante os acontecementos xurdidos polo estado do terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba, quere deixar constancia das circunstancias polo que na actualidade o campo atópase en mal estado, así como os traballos realizados para correxir e repara-lo, sinalando que ata fai pouco tempo atopábase nunhas boas condicións. Foi por mor da aparición dun fungo, que detecta a empresa concesionaria do mantemento vexetal da devandita instalación deportiva, así como a empresa que se contratou para a elaboración do estudo económico e redacción do prego de prescricións técnicas. Levándose a cabo á maior brevidade o tratamento fitosanitario para eliminar o citado fungo e, unha vez erradicado, era necesario realizar un escarificado, coa colaboración da maquinaria da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, no que o corte do tepe ao ser máis profundo, produciu cortes da raíz, polo que quedaron zonas do terreo secas e, polo que na pasada transmisión televisiva se apreciaba un mal estado do céspede.

A consecuencia do mal estado no que se atopaba, o luns desta semana realízase un resembrado de todo o terreo de xogo, tendo que darlle tempo para que se vexan os seus



efectos e, polo que o partido do Atlético Arousana deste fin de semana desviouse a outra instalación deportiva.

A Sra. Granja pregunta se o motivo da aparición do fungo podería ser que o auga do depósito que se utiliza está moi quente.

O Sr. presidente contéstalle, que esa teoría non é a primeira vez que a escoita, transmitíndoa xa con anterioridade o Club Arosa, S.C. e, consultado aos técnicos especialistas, os motivos poderían deberse pola ubicación do campo, nunha zona de xunqueira. Indica que o campo de herba natural do Estadio de Atletismo, con moito menos coidados e un gran volumen de horas de uso, non existen tantos brotes como no Estadio Municipal de A Lomba. Así como indica que na actualidade un operario da Fundación de Deportes traballa toda a súa xornada no mantemento da devandita instalación.

O Sr. Santorum manifesta que é un serio problema, ter que estar constantemente realizando tratamentos fitosanitarios, pero tamén é un grave problema económico, considera que o campo sería máis rentable se pasara a ser de herba artificial.

O Sr. presidente contéstalle que sería a solución definitiva convetir o terreo de xogo do campo a herba artificial.

- A Sra. Granja pregunta quen leva a cabo o encendido e apagado das luminarias do Campo de Fútbol Municipal de Berdón, dado que en varias ocasións, pola noite fora do horario de apertura da instalación, estaban encendidas.

O Sr. director Deportivo contéstalle que o realiza persoal da Fundación de Deportes, que llo trasladará ao Sr. encargado do Servizo de Mantemento, se ten constancia dalgunha incidencia ao respecto.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e corenta e sete minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONSELLO REITOR DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS

DÍA 16 DE DECEMBRO DE 2021

No Salón de Plenos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as vinte horas e corenta e un minuto do día dezaseis de decembro de dous mil vinte e un, reúnen-se en segunda convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria, os membros do Consello Reitor que se relacionan, e coa seguinte orde do día:

Vicepresidente: D. Alvaro Carou García, que preside a reunión pola ausencia do Sr. presidente.

Vogaís: D. Isidro Fernández Portas
Dna. Ana M^a Granja Guillán
D. José Ramón Santorum Canto
D. Ángel Francisco Vilas Fernández

Director Deportivo: D. Juan Miguel Doval Blanco

Secretaria/delegada: Dna. Adela Miguéns Muñiz

Interventora/delegada: Dna. Rosa M^a Otero Piñeiro

Excusa a súa asistencia o Sr. presidente, D. Argimiro Serén Mera, por causa do confinamento ao estar en contacto cun familiar directo que deu positivo en COVID-19 e, o Sr. e Sra. vogais, D. Ángel Cardalda Mosquera e Dna. M^a De la O Fernández González.

1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, SE PROCEDE.

Dáse conta da acta do Consello Reitor da sesión ordinaria do día vinte e un de outubro de dous mil vinte e un e, unha vez atopada conforme, o Consello Reitor por unanimidade, préstalle a súa aprobación.

2.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN DE DEPORTES, DO PERIODO DO UN DE OUTUBRO AO TRINTA DE NOVEMBRO DO PRESENTE ANO.

Pola Sra. secretaria/delegada dáse conta das Resolucións do Sr. presidente, do período do un de outubro ao trinta de novembro do presente ano, relativas a:

Mes de outubro :

B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:



- **1ª Resolución con data 01/10/21** .- “1.- Adjudicación da adquisición de 14 trofeos á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., para entrega de premios da SEMANA OLÍMPICA DA VELA, a través dun contrato menor de subministro, por importe de 176,50 €. (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-226,9901.”
- **2º Resolución con data 01/10/21** .-“1.- Aprobación dos gastos de coorganización con SPECIAL OLIMPICS GALICIA, para a celebración da IX MARCHA CICLISTA UNIFICADA PARA PERSOAS CON E SEN DISCAPACIDADE INTELECTUAL, o vindeiro día 3 de outubro do presente ano, por importe total de 760,65 € (ambulancia medicalizada: 500,00 €, Limpeza instalacións: 110,65 € e adquisición das medallas: 150,00 €).
2.- Adjudicar ás empresas que a continuación se relacionan, a realización do servizo e subministrados, para a celebración do devandito evento, por importe total de 760,65 €, a través de Contratos Menores de subministrados e servizos e co seguinte desglose:

<u>PROVEEDOR</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L.	Servizo ambulancia medicalizada500,00 €	342-226,09
CLECE, S.A.	Limpeza instalacións	110,65 €	342-227,00
DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L.	Adquis. medallas	<u>150,00 €</u>	342-226,9901
	Total	760,65 €”	

- **3º Resolución con data 01/10/21** .-“1.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Lourdes Benita García Villar, do importe da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Individual Senior, por importe de 45,00 €, con cargo á partida 343,00.
2.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Carmen Gestoso Nogueira, do importe da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Individual Senior, por importe de 45,00 €, con cargo á partida 343,00.
3.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Josefa Miguéns España, do importe da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Maior de 65 anos, por importe de 30,00 €, con cargo á partida 343,00.
4.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Mª Dolores Pichel Prego, do importe da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Individual Senior, por importe de 45,00 €, con cargo á partida 343,00.
5.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Mª Josefa Prego Barcala, do importe da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Individual Senior, por importe de 45,00 €, con cargo á partida 343,00.
6.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Inmaculada López Teijeiro, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición na Escola



Municipal de Navegación, modalidade de Vela, ano 2021 da súa filla, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

7.- Aprobar a devolución a favor de Dna. María de la O Fernández González, correspondente aos importes ingresados das cotas do prezo público das solicitudes de inscrición na Escola Municipal de Navegación, modalidade de Vela, ano 2021 das súas fillas, por importe de 24,00 €, con cargo á partida 343,01.

8.- Aprobar a devolución a favor de D. Francisco Paz Aído, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición na Escola Municipal de Navegación, modalidade de Remo, ano 2021 do seu fillo, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

9.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Marta Vigo Fernández, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición na Escola Municipal de Navegación, modalidade de Remo, ano 2021 da súa filla, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

10.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Eva M^a García Vilas, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición na Escola Municipal de Navegación, modalidade de Remo, ano 2021 da súa filla, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

11.- Aprobar a devolución a favor de Dna. María Peiteado Suárez, do importe da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Maior de 65 anos, por importe de 30,00 €, con cargo á partida 343,00.

12.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Otilia Paredes Otero, do importe da cota do prezo público correspondente á solicitude de Carné Fundación Tipo Maior de 65 anos, por importe de 30,00 €, con cargo á partida 343,00.

13.- Aprobar a devolución a favor de Dna. Andrea Álvarez Rodríguez, , directora da casa de familia Aldaba, correspondente aos importes ingresados das cotas do prezo público das solicitudes de inscrición na Escola Municipal de Navegación, modalidade de Remo, ano 2021 da nenas tuteladas ao seu cargo, por importe de 36,00 €, con cargo á partida 343,01.”

- **4ª Resolución con data 08/10/21** .-“1.- Adxudicación á empresa TROQUIÑA, S.L., a través dun contrato Menor de Servizos e Subministrados, os traballos de resembrado no terreo de xogo do Estadio Municipal de A Lomba e a adquisición da semente, por importe de 3.208,21 €. (I.V.E. incluído), co seguinte desglose:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
Resembrado do terreo de xogo	1.494,35 €	342-227,9902
Adquisición de semente específica de céspede	<u>1.713.89 €</u>	342-210,00



Total 3.208,24 €”

- **5ª Resolución con data 22/10/21** .-“1.- Adxudicación á empresa RAÍDO ESPIÑO, JULIO (EXTINTORES CUNTIS), a través dun contrato Menor de Servizos, a realización da revisión e retimbrado dos extintores das Instalacións Deportivas Municipais, conforme ao Real Decreto 513/2017 do 12 de xuño de 2017 que regula a normativa do mantemento de extintores portátiles contra incendios, tempada 2021/22, por importe total de 798,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 342-213,00.”

- **6ª Resolución con data 27/10/21** .-“1.- Resolver a discrepancia plantexada polo director Deportivo e levantar o reparo suspensivo da interventora/delegada, relativo á adxudicación do Contrato Menor de Servizos, para o mantemento das instalacións térmicas das instalacións deportivas municipais.

2.- Adxudicar á empresa CALEFACCIONES PAULINO, S.L., o citado Contrato Menor de Servizos, ata que dende a administración da Fundación de Deportes, poidase tramitar o contrato de servizos do mantemento das instalacións térmicas nas instalacións deportivas municipais ou como máximo por un periodo de 12 meses (1 de outubro do presente ao ao 30 de setembro de 2022), por importe total de 7.502,00 € (1.875,50 €/trimestre, I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-227,9902 e co seguinte desglose:

<u>TIMESTRE/EXERCICIO</u>	<u>IMPORTE</u>
1 trimestre, ano 2021	1.875,50 €
3 trimestres, ano 2022	<u>5.626,50 €</u>
Total	7.502,00 €

3.- Aprobar que se leve a cabo na maior brevidade posible, a tramitación da licitación destes servizos para non persistir na inexistencia de procedemento establecido legalmente.

- **7ª Resolución con data 29/10/21** .-“1.- Aprobación da devolución a favor de Dna. Lidia Santos Rodríguez, correspondente ao importe ingresado da cota do prezo público da solicitude de inscrición na Escola Municipal de Navegación, Modalidade de Piragüismo, ano 2021 da súa filla, por importe de 12,00 €, con cargo á partida 343,01.

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 04/10/21** .- “1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de setembro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 5.846,00 €.”
- **2ª Resolución con data 04/10/21** .-“Aprobación do recoñecemento de obriga a favor relación e facturas con acordo previo, mes de setembro, que a continuación se



relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 18.130,72 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000024821F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicos sanitarias), mes de agosto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe de 2.399,81 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº , 02148000024121F correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de agosto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 14/09/2020, por importe total de 11.074,86 €, con cargo á partida 342-227,00.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº43592899, correspondente á contratación da pola póliza de Seguros nº 51384902 , correspondente á contratación da Póliza do seguro de accidentes para os voluntarios da XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 27/07/2021 por importe de 108,16€, con cargo á partida 342-224,00.

4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 21326, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de agosto, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902. Así como faíse constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme ao informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos



fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa BAYGAR, S.L., pola fra. Nº 757 211204213, correspondente ao aluguer de valadas para o desenvolvemento da XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobada pola Resolución do Sr. presidente con data 27/07/2021 por importe de 1.361,25€, con cargo á partida 342-226,09.”

- **3ª Resolución con data 04/10/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de setembro, por importe total de 3.324,78 €, con cargo ás partidas 342-221,00 e 342-221,02 respectivamente.”
- **4ª Resolución con data 27/10/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor dos Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, que comprobada a súa documentación xustificativa, presentan correctamente a súa documentación de acordo ás devanditas bases, con cargo á partida 342-483,00:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>IMPORTE</u>
CLUB DEPORTIVO PÉREZ-SUB	480,26 €
CLUB XADREZ FONTECARMOA	6.505,34 €
BASKET BASE CLUB	9.081,28 €
ASOCIACIÓN DEPORTIVA CULT. VILAGARCÍA ESGRIMA	1.047,84 €
CLUB SAN MARTIN	5.413,84 €
CLUB CICLISTA XIABRE	218,30 €
AGRUPACIÓN DEPORTIVA CORTEGADA	10.085,46 €
CLUB NATACIÓN VILAGARCÍA, S.D.	3.143,52 €
CLUB DEPORTIVO SALVAMENTO VILAGARCIA	3.973,06 €
CLUB OLIMPIC VILAGARCÍA	4.278,68 €
CLUB BALONCES EL DOCE	480,26 €
CLUB VILAROUSA GIMNASIA	3.056,20 €
ASOCIACIÓN CLUB DE BALONMANO AROUSA	2.837,90 €
CLUB ATLÉTICO AROUSANA	3.885,74 €
CLUB DEPORNAUTIC AROUSA	2.444,96 €
ESCOLA DEPORTIVA DE AROUSA, S.D	4.540,64 €”

- **5ª Resolución con data 29/10/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de outubro, da Fundación Pública de



Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, por importe total de 5.304,21 €.”

- **6ª Resolución con data 29/10/21** .-“ Aprobación do recoñecemento de obriga a favor relación e facturas con acordo previo, mes de outubro, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 40.972,07 €:

1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000027421F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de setembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.

2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000028121F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de setembro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.

3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 21372, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de setembro, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902. Así como faíse constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme aos informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.



- 4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROUSA, S.L., pola factura nº FE21 174,, correspondente a realización da obra civil, consistente na nivelación do terreo de xogo da pista de tenis nº 4 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 16/06/2021, por importe de 10.708,55 €, con cargo á partida 342-619,00.
- 5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L., pola factura nº B210052 171, correspondente a prestación do servizo de ambulancia, pola celebración do 26º XOGOS AUTONÓMICOS MINORITARIOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL 2021, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 11/06/2021, por importe de 720,00 €, con cargo á partida 342-226,09.
- 6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L., pola factura nº B210104 172, correspondente a prestación do servizo de ambulancia, pola celebración IX MARCHA CICLISTA UNIFICADA PARA PERSOAS CON E SEN DISCAPACIDADE, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/10/2021, por importe de 500,00 €, con cargo á partida 342-226,09.
- 7.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000029721F, correspondente a realización da limpeza extraordinaria e desinfección dos vestiarios do baixo do auditorio, pola celebración do XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 09/07/2021, por importe de 20,11 €, con cargo á partida 342-226,09.
- 8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 21400, correspondente á realización dos traballos extraordinarios de resembrado do terreo de xogo do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba, así como a adquisición de semente para levar a cabo os devanditos traballos, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 08/10/2021, por importe total de 3.208,24 €, 1.494,35 € con cargo á partida 342-227,9902 e 1.713,89 € con cargo á partida 342-210,00.
- 9.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MULTISPORTSGALICIA, S.L., pola factura nº Emit-189, correspondente a realización do control de chips e da proba, pola celebración do XVII CARREIRA NOCTURNA CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 09/07/2021, por importe de 1.305,59 €, con cargo á partida 342-226,09.
- 10.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MULTISPORTSGALICIA, S.L., pola factura nº Emit-190, correspondente a adquisición de 200 camisetas como agasallo para os participantes na proba, pola celebración do XVII CARREIRA NOCTURNA



CONCELLO DE VILAGARCÍA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 27/07/2021, por importe de 562,65 €, con cargo á partida 342-226,09.

11.- Recoñecemento da obriga a favor de PLAGAL CONTROL DE PLAGAS, S.L.U., pola factura nº 202100 907, correspondente ao Contrato Menor de Servizos para o “MANTEMENTO PREVENTIVO FRONTE Á LEXIONELOSE PARA AS INSTALACIÓNS DE AUGA QUENTE SANITARIA (CON DUCHAS) DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (FUNDACIÓN DE DEPORTES)”, periodo 01/09/2021 ao 31/08/2022, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/09/2021, por importe total de 6.655,00 €, con cargo á partida 342-227,9902.”

- **7ª Resolución con data 29/10/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais, mes de outubro , por importe total de 9.394,46 €, con cargo ás partidas 342-221,00.”

Mes de novembro :

A.- Aprobacións autorizacións instalacións deportivas:

- **1ª Resolución con data 08/11/21** .- “1.- Autorización en precario a Dna. Elvira Lorenzo Bernardez como representante do grupo de afeccionados, o uso do Pavillón Municipal da Torre, os domingos de 9:30-11:30 horas, a partir do día da semana sinalado, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado do mes de maio. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.
2.- Comunicarlle que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº17 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné da Fundación de Deportes e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 € (faise constar que a devandita fianza está ingresada da tempada anterior), para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.



3.- Comunicarlle que conforme a normativa sinalada anteriormente, deberán usar en todo momento máscara e cun aforo máximo do 90% do devandito pavillón.

4.- Faise constar que presentaron unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identidade (D.N.I.) e, na que indican as persoas que posúen Carné da Fundación de Deportes, a cal será comprobada polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

5.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándosele automaticamente a súa autorización.”

- **2ª Resolución con data 23/11/21** .-“1.- Cedesión ao Club Kennel Deportes en Espazos Naturais, para a celebración do V MUSHING VILAGARCIA DE AROUSA, o vindeiro día 28 do presente mes, 4 fly banners, 10 mesas e o pódium. Que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control, colaboración da súa colocación e recollida e devolución do citado material, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo, así como asinar a correspondente folia de cesión de material por duplicado.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

. Departamento de Obras.- A cesión de 6 carpas cos seus laterais e o camión para mover unha pedra de acceso ao campo de fútbol de Renza, que deberá ser retirada o venres 26 de novembro e volver a colocar o 30 de novembro do presente ano.

. Servizo Municipal de Xestión de Emerxencias e Protección Civil, o Servizo de Ambulancia.

3.- Conceder 30 trofeos para os participantes no devandito evento, solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., por importe total de 392,00 €.

4.- Faise constar que está presentado o Seguro de Accidentes e de Responsabilidade Civil da citada proba.

- **3ª Resolución con data 26/11/21** .-“1.- Autorización ao Club Arosa S.C., o uso do Pavillón Municipal de Guillán para o desenvolvemento da súa escola deportiva de Fútbol, iniciándose o pasado mes de outubro do presente ano ata o 31 de maio do ano 2022, os luns e venres, de 17:00-18:00 horas.



- 2.- Comunicarlle que conforme a normativa sinalada anteriormente, deberán usar en todo momento máscara e cun aforo máximo do 90% do devandito pavillón.
 - 3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.
 - 4.-Faise constar que o club, presenta o seguro de accidentes para os participantes na devandita escola, así como o seguro de Responsabilidade Civil (presentado no expediente de autorización de adestramentos da actividade federada do club)”
- **4ª Resolución con data 26/11/21** .-“1.- Autorización ao Basket Base Club, o uso do Pavillón Nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para adestramentos da tempada 2021/22 dalgúns xogadores do equipo senior, os venres de 11:00-12:00 horas.
- 2.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.
 - 3.- Comunicarlle que para o uso da devandita instalación deberán cumprir coas medidas establecidas nos protocolos da Fundación de Deportes reguladas pola lexislación vixente ante a emerxencia sanitaria provocada polo coronavirus COVID-19, así como co protocolo Fiscovid da Federación Galega de Baloncesto.”
- **5ª Resolución con data 26/11/21** .-“1.- Autorización ao Club Vilagarcía S.D., o uso do Pavillón Municipal de Guillán para o desenvolvemento da súa escola deportiva de Fútbol, tempada 2021/22, os martes e xoves, de 17:00-18:00 horas.
- 2.- Comunicarlle que conforme a normativa sinalada anteriormente, deberán usar en todo momento máscara e cun aforo máximo do 90% do devandito pavillón.
 - 3.- Comunicarlle que a cesión das instalacións deportivas é exclusivamente para adestramentos, non podendo ser utilizado para outra actividade de calquera índole. Calquera outra utilización deberá ser comunicada á Dirección Deportiva da Fundación de Deportes podendo esta conceder a modificación. Así como ningún Club/Entidade Deportiva poderá ceder o dereito de uso dalgunha instalación deportiva a terceiros.
 - 4.-Faise constar que o club, presenta o seguro de accidentes para os participantes na devandita escola, así como o seguro de Responsabilidade Civil (presentado no expediente de autorización de adestramentos da actividade federada do club)”



B.- Aprobacións de gastos e adxudicacións:

- **1ª Resolución con data 04/11/21** .- “1.- Adxudicación a MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, o Contrato Menor de Servizos para a contratación do seguro de Accidentes para os participantes nas actividades Físicas (movemento intelixente e acondicionamento físico xeral), incluídas no Proxecto de Reactivación da Actividade Física, para un total de 300 persoas e, cunha duración por periodo do 08/11-23/12/2021 por importe de 855,82 €, con cargo á partida 342-224,00.”
- **2ª Resolución con data 04/11/21** .-“1.- Adxudicación a MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, o Contrato Menor de Servizos para a contratación do seguro de Accidentes para os participantes nas Escolas Deportivas Municipais de: Psicomotricidade, Multideportiva de Inverno e Deportiva de Base, curso 2021/22, para un total de 250 nenos/as e, cunha duración por periodo do 08/11/2021-31/05/2022, por importe total de 1.354,43 €, con cargo á partida 342-224,00.”
- **3ª Resolución con data 08/11/2021** .-“1.- Adxudicar á empresa SOBRINO G, S.A., a adquisición por reposición do vestiario para o persoal adscrito á Fundación de Deportes (Departamentos de Mantemento e Actividades Deportivas), a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 1.440,02 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-221,04.”
- **4ª Resolución con data 18/11/21** .-“1.- Autorización a D. Juan Miguel Doval Blanco director Deportivo da Fundación de Deportes, a realización do Curso Formativo “SEGURIDADE NA PRÁCTICA DE ACTIVIDADE FISICO-RECREATIVA NO DEPORTE DE BASE”, que se celebrou o pasado 22 de outubro do presente ano, na Escola galega de Administración Pública (EGAP) en Santiago de Compostela, en horario de 9:00-14:00 horas. Así como, aprobar os gastos que a continuación se indican por importe total de 46,26 €, co seguinte desglose:

CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
Locomoción	27,56 €	342-231,20
Dietas	<u>18,70 €</u>	342-230,20
Total	46,26 €	

Así como se lle comunica que deberá presentar para o seu recoñecemento da obriga o certificado de asistencia cos datos da Entidade ou Persoa organizadora, así como os xustificantes de gastos.”

- **5ª Resolución con data 25/11/21** .-“1.- Adxudicación da adquisición de 30 trofeos á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., para a entrega de premios da V



MUSHING VILAGARCIA DE AROUSA a través dun contrato menor de subministro, por importe de 392,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 342, 226-9901.”

- **4ª Resolución con data 25/11/21** .-“1.- Adxudicación ao CLUB BALONCESTO VILAGARCÍA, a organización da Escola Deportiva de Base, modalidade de Baloncesto, curso 2021/22, en réxime de xestión indirecta, a través dun Contrato Menor de Servizos, por importe total de 1.400,00 €, con cargo á partida 341-227,9901 e, co seguinte desglose:

<u>GRUPOS</u>	<u>TOTAL</u>	<u>2021</u>	<u>2022</u>
1	1.400,00 €	400,00 €	1.000,00 €

1.a) O prezo a abonar por Escola ven determinado en función do número de grupos, abonando a Fundación de Deportes ao Club/Entidade Deportiva 200,00 €/mes por grupo e modalidade, aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 21/10/2021.

1.b) O abono da cantidade ao Club Baloncesto Vilagarcía, realizarase pola Fundación de Deportes previa presentación da factura expedida polo Club debidamente dilixenciada, acompañada da folla de control das asistencias dos alumnos ás clases, asinado pola adestradora-monitora.

2.- Comunícaselle que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos provedores da obriga de incluír nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a través da Plataforma do Estado FACE:....

3.- As escolas comenzaron a súa actividade o 10/11/2021 e rematarán o 31/05/2022, tendo por tanto unha duración de 7 meses.

4.- A Fundación de Deportes designa como representante a D. Juan Miguel Doval Blanco, director Deportivo, para o seguimento das Escolas e observación do cumprimento dos obxectivos da mesma.

5.-Comunicarlle que nun prazo improrrogable de 10 días, contados a partir do seguinte ao recibo da presente, deberá presentar:

. A certificación acreditativa ou título oficial correspondente de que a adestradora/monitora, que imparte as clases está en posesión ou, no seu caso, a Titulación oficial de Técnico Superior en Actividades de Animación Físico Deportivas (T.S.A.A.F.D.) ou superior.

. A certificación de Delitos de Natureza Sexual para traballar con menores.

Fáise constar que está presentado copia do contrato laboral e TC2 da devandita adestradora/monitora.



6.- O Club non poderá esixirle aos alumnos ningún tipo de compensación ou cota económica pola participación na citada Escola.

7.- O transporte dos alumnos será por conta exclusivamente dos mesmos ou da entidade organizadora (clubs/ entidades deportivas).

- **5ª Resolución con data 26/11/21** .-"1.- Aprobación da anulación dos sobrantes das aprobacións de gastos e adxudicacións adxudicacións que foron aprobados por Resolución do Sr. presidente ou acordos do Consello Reitor, ano 2021, por importe total de 1.932,00 €, co seguinte desglose:

<u>Nº OPERACIÓN</u>	<u>FASE</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
220210000579	A	291,84 €	342-224,00
220210000579	A	1.010,66 €	342-226,09
220210000579	A	26,70 €	342-226,9901
220210000675	A-D	17,20 €	342-226,09
220210000581	A	350,00 €	342-226,09
220210000685	AD	155,35 €	342-224,00
220210000888	A-D	50,00 €	342-226,9901
220210000994	AD	<u>30,25 €</u>	342-213,00
Importe Total		1.932,00 €"	

- **6ª Resolución con data 30/11/21** .-"1.- Adxudicación á empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE, S.L., a adquisición da reposición de equipos informáticos para a oficina da Fundación de Deportes, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe total de 3.166,93 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-626,00."
- **7ª Resolución con data 30/11/21** .-"1.- Adxudicación á empresa PAVIMENTOS Y TAPICES TÉCNICOS, S.L, a adquisición dun tapiz de competición homologado de ximnasia rítmica, para dotar as instalacións deportivas municipais do devandito equipamento, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 6.540,05 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-623,02."
- **8ª Resolución con data 30/11/21** .-"1.- Adxudicación á empresa DELTACINCO LINEA VERDE, S.L. a adquisición de accesorios da máquina cortacésped de corte heicoidal para o terreo de xogo do Estadio Municipal A Lomba, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe total de 2.077,57 € (I.V.E. incluído), co desglose que a continuación se relaciona:

<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>	<u>PARTIDA</u>
Motor de autofiado	1.954,15 €	342-623,00
2 unidades pasta afiar	<u>103,42 €</u>	342-213,00



Total 2.077,57 €”

- **9ª Resolución con data 30/11/21** .-“1.- Adjudicación á empresa MONDO IBÉRICA, S.A.U., a adquisición dun xogo de porterías de rugby para o campo de herba do Estadio de Atletismo do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para dotar a devandita instalación do citado equipamento, a través dun contrato Menor de Subministrados, por importe total de 2.846,15 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-623,02.”
- **10ª Resolución con data 30/11/21** .-“1.- Adjudicación á empresa RANKING LA TIENDA DEL DEPORTE, S.L. a adquisición dunha máquina marca campos de pintura, para o marcase dos Campos de Fútbol Municipais de herba natural, a través dun contrato Menor de Subministrados, por importe de 1.214,94 € (I.V.E. incluído).”
- **11ª Resolución con data 30/11/21** .-“1.- Adjudicación á empresa. DIGAMEL AROUSA, S.L.U., a adquisición de luminarias led modelo CAMPANA C314 PREMIUM 150 W 4000K 90° 1-10, pola reposición das existentes nas Instalacións Deportivas Municipais que a continuación se relacionan,, a través dun contrato Menor de Subministrados, por importe total de 10.214,82 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 342-632,00:

<u>INSTALACIÓN DEPORTIVA</u>	<u>CANTIDADE</u>	<u>IMPORTE</u>
Pavillón Municipal de Carril	18 unidades	5.107,41 €
Pavillón Nº 2 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa	18 unidades	5.107,41 €
Importe Total		10.214,82 €”

- **12ª Resolución con data 30/11/21** .-“1.- Adjudicación á empresa. DIGAMEL AROUSA, S.L.U., a adquisición de 32 luminarias led modelo PROYECTOR BACKII 150W 5000K D.INT.REG1-10 150X60°, pola reposición das existentes das Pistas de Tenis do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, a través dun contrato Menor de Subministrados, por importe de 8.390,62 € (I.V.E. incluído), con cargo a partida 342-632,00.”
- **13ª Resolución con data 30/11/21** .-“1.- Adjudicación á empresa RODRÍGUEZ GANDARELA, JOSE MANUEL (ZEPPELING SANTIAGO), a adquisición dun arco e 4 totems hinchables, publicidade institucional para os eventos deportivos que se organizan, a través dun contrato Menor de Subministrados, por importe de 4.150,30 € (I.V.E. incluído), con cargo á partida 341-629,00.”
- **14ª Resolución con data 30/11/21** .-“1.- Adjudicación á empresa. DIGAMEL AROUSA, S.L.U., a adquisición de 12 unidades de luminarias led PROYECTOR X200 600W 5700K 60° D.EXT, para a reposición das existentes no Campo de Fútbol



Municipal de Vilaxoán, a través dun contrato Menor de Subministros, por importe de 18.110,80 € (I.V.E. incluído), con cargo a partida 342-631,00.”

C.- Recoñecementos de obriga:

- **1ª Resolución con data 25/11/21** .- “1.- Autorización a D. Manuel Martínez Romero, Técnico Deportivo da Fundación, a realización do Curso Formativo “PILATES Y SUELO PÉLVICO” modalida on-line, que se levou a cabo o pasado mes de xullo, así como os gastos da inscrición, por importe de 225,00 € con cargo á partida 341-162,00.
2.- Comprobada a documentación xustificativa presentada, apróbese o recoñecemento da obriga a favor D. Manuel Martínez Romero, polo gasto da inscrición do citado curso, por importe de 225,00 €, con cargo á partida 342-162,00.”
- **2ª Resolución con data 26/11/21** .-“1.- Aprobación da concesión dos Premios en Metálico e o seu recoñecemento da obriga a favor da relación de Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, de acordo á clasificación obtida na XXVII REGATA BANDEIRA CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA DE TRAÍÑAS, por importe total 9.000,00 €, con cargo á partida 342-481,00 e, co seguinte desglose:

<u>CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS</u>	<u>IMPORTE</u>	
1º S.D. SAMERTOLAMEU	Premios en metálico	1.080,00 .-
2º C.R. PUEBLA	Premios en metálico	990,00 .-
3º C. DO MAR DE BUEU	Premios en metálico	900,00 .-
4º C. R. CABO DE CRUZ	Premios en metálico	810,00 .-
5º C. R. MECOS	Premios en metálico	765,00 .-
6º C.R. VILAXOÁN	Premios en metálico	738,00 .-
7º C.R. RIANXO	Premios en metálico	702,00 .-
8º C.C.D. CESANTES	Premios en metálico	648,00 .-
9º C.D.M. MERA	Premios en metálico	612,00 .-
10º A.D. ESTEIRANA	Premios en metálico	585,00 .-
11º C.R. MUROS	Premios en metálico	<u>585,00 .-</u>
	TOTAL	8.415,00 €

2.-Anular o sobrante da aprobación de gastos, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 14/07/2021, en concepto de premios, por importe de 585,00 €, con cargo á partida 342-481,00.”

- **3º Resolución con data 30/11/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga a favor da relación de facturas sen acordo, mes de novembro, da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcia de Arousa, por importe total de 6.785,17 €.”



- **4ª Resolución con data 30/11/21** .-“ .-“ Aprobación do recoñecemento de obriga a favor relación e facturas con acordo previo, mes de novembro, que a continuación se relaciona, de expedientes que foron aprobados o seu gasto polo Consello Reitor ou Resolución do Sr. Presidente por importe total de 25.292,75 €:
 - 1.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000030521F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións deportivas municipais, mes de outubro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe total de 11.593,18 €, con cargo á partida 342-227,00.
 - 2.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000031221F, correspondente ao contrato de servizos “SERVIZO DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E INSTALACIÓNS DEPENDIENTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, no que están incluídas as instalacións do Recinto de Fexdega (Oficina na que se ubica a Fundación de Deportes, Hall explanada, seminarios, accesos exteriores, e subministro de celulosa, xabón e unidades hixiénicas sanitarias), mes de outubro, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión con data 06/09/2021, por importe de 2.512,11 €, con cargo á partida 342-227,00. Así como dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada de data 01/06/2017 en relación ao mantemento do reparo sinalado no informe de 26 de abril do presente ano, dado que está pendente a tramitación do expediente de Convenio de uso da devandita instalación e da Resolución do Sr. presidente de levantamento de reparos con data 02/05/2017.
 - 3.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa CLECE, S.A., pola factura nº 02148000031921F, correspondente ao Servizo de Limpeza extraordinario do baixo do Auditorio Municipal, pola celebración IX MARCHA CICLISTA UNIFICADA PARA PERSOAS CON E SEN DISCAPACIDADE SPECIAL OLYMPICS, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/10/2021, por importe de 110,65 €, con cargo á partida 342-227,00.
 - 4.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 21 76, correspondente á adquisición de medallas, celebración da IX MARCHA CICLISTA UNIFICADA PARA PERSOAS CON E SEN DISCAPACIDADE SPECIAL OLYMPICS, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/10/2021, por importe de 100,00 €, con cargo á partida 341-226,9901.
 - 5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa DEPORTES RODAS VILAGARCÍA, S.L., pola fra. Nº 21 77, correspondente á adquisición de 14 trofeos, celebración da



SEMANA OLÍMPICA DE VELA, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 01/10/2021, por importe de 176,50 €, con cargo á partida 341-226,9901.

6.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa TROQUIÑA, S.L., pola factura nº A 21416, correspondente aos Traballos de determinadas labores de mantemento vexetal nalgunhas das instalacións deportivas dependentes da Fundación de Deportes, mes de outubro, por importe de 3.186,64 €, con cargo á partida 342-227,9902. Así como faíse constar a Resolución do Sr. presidente con data 26/02/2021, relativa a discrepancia resolta plantexada polo director Deportivo e o levantamento do reparo suspensivo da interventora/delegada, da facturas da empresa Troquiña, S.L., conforme aos informes da Sra. interventora/delegada e Sr. director Deportivo e, ata tanto finalice a tramitación dun Contrato de Servizos do Mantemento Vexetal, no que incluírá os tratamentos fitosanitarios e pases de rulo que se precisen establecéndose como prezo unitario por horas, metros cadrados, tipo de tratamento...etc.

7.- Recoñecemento da obriga a favor da MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.A., a través do corredor de seguros BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, pola factura nº 43968101, correspondente á contratación da póliza de Seguros nº 51387531 do seguro de accidentes dos 300 participantes nas Actividades incluídas no Proxecto de Reactivación da Actividade Física, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 04/11/2021, por importe de 855,82 €, con cargo á partida 341-224,00.

8.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L., pola factura nº 21 095, correspondente á colocación dos 700 m² de céspede artificial (adquirida co acopio en fábrica) para a pista de tenis nº 4 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 05/07/2021, por importe total de 5.989,50 €, con cargo á partida 341-619,00.

5.- Recoñecemento da obriga a favor da empresa RAÍDO ESPIÑO, JULIO (EXTINTORES CUNTIS), pola fra. Nº Emit-1051, correspondente á realización da revisión e retimbrado dos extintores das Instalacións Deportivas Municipais, conforme ao Real Decreto 513/2017 do 12 de xuño de 2017 que regula a normativa do mantemento de extintores portátiles contra incendios, aprobado pola Resolución do Sr. presidente con data 22/10/2021, por importe de 768,35 €, con cargo á partida 341-213,00.”

- **5ª Resolución con data 30/11/21** .-“1.- Aprobación do recoñecemento da obriga da Relación de Facturas correspondente ao subministro de Enerxía Eléctrica das instalacións deportivas municipais e Gas Natural do depósito da caldeira do Pavillón nº 1 do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, mes de novembro, por importe total de 5.654,31 €, con cargo ás partidas 342-221,00 e 342-221,02 respectivamente.”



D.- Outros:

- **1ª Resolución con data 11/11/21** .- “1.- Aprobación de todas as inscricións de Psicomotricidade, Multideportiva de Inverno e Deportiva de Base incluídas no Proxecto das Escolas Deportivas Municipais, curso 2021/22, que reúnen a idade e demais requisitos esixidos na devandita convocatoria. Agás as solicitudes de inscrición da Escola Deportiva de Base nas modalidades de: Artes marciais, tenis, tenis de mesa, ximnasia rítmica e xadrez por non alcanzar un número mínimo de inscricións para poder desenvolver as devanditas Escolas, tendo a opción de cambiar de modalidade deportiva, quedar nunha lista de espera (modalidade de atletismo) ou solicitar a correspondente devolución do ingreso efectuado para a devandita Escola, a través da Sede Electrónica, no enderezo <https://sede.vilagarcia.gal>, sección da Fundación de Deportes, catálogo de Procedemento 30001 (Instancia Xenérica), facendo constar o número (IBAN) de conta bancaria no que sexa titular a persoa que realizou a correspondente solicitude de inscrición.

2.- Establecer de acordo ao número de inscrición presentadas os seguintes grupos:

<u>ESCOLA DEPORTIVA</u>	<u>MODALIDADE</u>	<u>Nº GRUPOS</u>
Psicomotricidade		1
Multideportiva		1
Escola Deportiva de Base	Baloncesto	1
	Patinaxe	1
	Artes Marciais	1
	Atletismo	1

Facendo constar, que queda pendiente de aprobación das modalidades de Artes Marciais e Atletismo, á espera de novas solicitudes de inscrición ata alcanzar o número mínimo de nenos/as, para poder desenvolver as citadas Escolas.

3.- Aprobar deixar aberto o prazo de inscrición nas devanditas Escolas Deportivas Municipais, curso 2021/22, ata que se completen o número máximo de nenos/as dos grupos establecidos (nº máximo 25 nenos/as-grupo).

4.- Remitir o listado de solicitudes aprobadas á empresa MGS SEGUROS E REASEGUROS, S.L.U., a través do corredor BLANCO BALIÑAS, SAMUEL, adxudicatario da contratación dos seguros de accidentes para o seu coñecemento, anulando parte da súa adxudicación, correspondente á contratación dos seguros de accidente, para un total de 150 nenos/as, por importe de 812,43 €, con cargo á partida 342-224,00.

5.- Anular parte da aprobación do gasto aprobado polo Consello Reitor en sesión con data 21/10/2021, do proxecto das Escolas Deportivas Municipais, correspondente á



Escola Deportiva de Base, das modalidades deportivas de: Tenis, tenis de mesa, ximnasia rítmica e xadrez, que non se van realizar por non alcanzar un número mínimo de nenos/as para establecer un grupo e/ou non presentaron ningún Club/Entidade Deportiva proxecto para poder desenvolver a Escola, por importe total de 6.412,43 €.

<u>CONCEPTOS</u>	<u>IMPORTE TOTAL</u>	<u>ANO 2021</u>	<u>ANO 2022</u>	<u>PARTIDA</u>
SEGUROS DEPORTIVOS	812,43 .-	812,43 .-	0,00 .-	342-224,00
ESCOLAS DEPORTIVAS	5.6000,00 .-	1.600,00 .-	4.000,00 .-	342-227,9901
TOTAL	6.412,43 €	2.612,43 €	4.000,00 €	

- **2ª Resolución con data 26/11/21** .-"1.- Aprobación da Transferencia de Créditos do expediente 2/TC/2021, sendo esta Resolución firme e executiva, sen necesidade de máis trámites, polo que se procederá polos servizos de Intervención a introducir na Contabilidade as modificacións de créditos aprobadas, por importe total de 75.699,56 €." O Consello Reitor queda sabedor.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS RECOÑECIMENTOS DE OBRIGA, DAS CONCESIÓN DE SUBVENCIONS CONFORME AS BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2021, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2019/20 OU, ANO 2020, DOS CLUBES/ENTIDADES DEPORTIVAS QUE NON PRESENTAN CORRECTAMENTE A SÚA XUSTIFICACIÓN.

Dáse conta do informe da secretaría e intervención delegada no que sinalan que conforme ás BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DESTINADAS AO FOMENTO DO DEPORTE FEDERADO, EXERCICIO 2021, CORRESPONDENTE Á TEMPADA 2019/20 OU, ANO 2020, aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 18/02/2021 e, publicadas no B.O.P. o día 27/04/2021e, despois de realizada as notificacións da aprobación das concesións de subvencións aprobadas polo Consello Reitor en sesión con data 27/07/2021. Así como unha vez examinada a documentación da Conta Xustificativa presentada nos prazos establecidos nas devanditas bases. Os Clubes/Entidades Deportivas que a continuación se relacionan, non presentaron a documentación o parte dela correctamente nos prazos establecidos segundo as bases, non xustificando o 100% da subvención concedida:

<u>CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA</u>	<u>CONCESIÓN</u>	<u>XUSTIFICADO</u>
CLUB POLIDEPORTIVO C.P.C. EDUCACIÓN ESPECIAL	2.401,30 €	2.090,00 €
CLUB XIMNASIA RITMICA VILAGARCIA	742,22 €	0,00 €



Dado que non presenta ningunha documentación dentro do prazo de presentación da Conta Xustificativa, finalizándose o día 17/08/2021 e, presentando a documentación xustificativa con data 20/08/2021, polo tanto fora de prazo.

O Consello Reitor por unanimidade acorda:

1.- Aprobar o recoñecemento da obriga a favor do Club/Entidade Deportiva: CLUB POLIDEPORTIVO C.P.C. EDUCACIÓN ESPECIAL, que presenta parte da documentación xustificativa correcta nos prazos establecidos, por importe de 2.090,00 €, con cargo á partida 341-483,00.

2.- Anular parte da adxudicación da subvención concedida ao Club/Entidade Deportiva: CLUB POLIDEPORTIVO C.P.C. EDUCACIÓN ESPECIAL, aprobada polo Consello Reitor en sesión con data 27/07/2021, conforme ao apartado 9 das devanditas bases, por importe de 311,30, con cargo á partida 341-483,00:

3.- Anular ao Club/Entidade Deportiva: CLUB XIMNASIA RITMICA VILAGARCIA, a súa concesión de subvención, aprobada polo Consello Reitor en sesión con data 27/07/2021 e, conforme o último parágrafo do apartado 11 que dí literalmente o seguinte: “11.- TRAMITACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA E RESOLUCIÓN DO RECOÑECIMENTO DA OBRIGA DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS:Vencidos os prazos que se establecen nas presentes bases sen que o/a beneficiario/a da subvención achegase a correspondente documentación, entenderase que renuncia a percepción da subvención, sen perxuício de poder estar incurso no establecido no artigo 14”, ao presentar fora de prazo a documentación da conta Xustificativa, por importe de 742,22€, con cargo á partida 341-483,00.

4.- DAR CONTA, DA AUDITORÍA PÚBLICA DAS CONTAS DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, EXERCICIO 2020.

Dáse conta dos informes da Auditoría Pública adxudicada pola Xunta de Goberno Local, en sesión con data 23/11/2020 á empresa Eudita Fair Value Auditores S.L. , para asistencia de colaboración coa Intervención Municipal da devandita Auditoría das contas da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, exercicio 2020.

Pola Sra. interventora/delegada dá un breve resumo, das conclusións do control financeiro ao OAAA, que corresponde á intervención municipal e, que se levou a cabo pola citada empresa a traves dun Contrato de Servizos, sendo as indicacións máis relevantes as seguintes:

1.- Non se está realizando as amortizacións do inmovilizado nin as depreciacións, dado que non existe un Inventario coa valoración dos bens da entidade, así como a determinación



da vida útil do ben e as causas e ritmo de depreciación, establecéndose en moitos casos unha formula de depreciación en función dos anos e uso do ben. No caso da Fundación de Deportes a maioría dos bens son bens municipais e non existe un Inventario que cumpra os requisitos para establecer con certa fiabilidade as amortizacións do inmovilizado. Esta situación tamén estase a producir co inmovilizado do Concello onde tampouco se practican amortizacións e/ou depreciacións.

2.- Reclasificacións dalgunhas contas contables, recomendando o cambio dalgunhas das contas contables.

3.- O Cobro das tarifas por parte do persoal da Fundación de Deportes implica unha debilidade do sistema de control interno. Levando a cabo dende esta Intervención Delegada os medios para o cobro mediante tarxetas bancarias ou mediante o pago nas contas da Fundación de Deportes, establecéndose dúas contas bancarias diferenciadas, pero actualmente estes medios non se están a utilizar totalmente por problemas co internet no Complexo deportivo de Fontecarmoa.

4.- A contabilización dos gastos de persoal non reflicte a imaxe fiel, isto débese a que o persoal é seleccionado, contratado e xestionado dende o Concello e adscríbese á Fundación de Deportes, sen embargo dende o primeiro intre indicouse que o citados gastos deberían aplicarse no orzamento do OOAA polo que a única maneira de reflectir esta situación é aplicando os gastos e o ingreso correspondentes mediante a operativa de Formalización, que consiste en gastos e ingresos sen saída material de fondos e que se compensan mutuamente.

Por último En canto ao análise de riscos de seguridade de información, refírense ao risco Tecnolóxico da información, no que se recolle varios aspectos críticos como son o de que non existe unha política de seguridade, nin unha organización (responsable da seguridade) e seguridade da xestión da información polo persoal (non hai cláusulas de confidencialidade e tampouco sesións de formación en ciberseguridade), non existe unha xestión dos incidentes da información, nin o seguimento dos aspectos legais que os traballadores deben cumprir no seu traballo diario. A Fundación de Deportes non ten recursos para atender a este tipo de incidencias, polo que segue o establecido para o Concello en temas de seguridade tecnolóxica relacionadas coa información e co procedemento da mesma.

Polo Sr. vicepresidente sinala que, as auditorias están para detectar as deficiencias e poder así ir correxindo as mesmas, estando na actualidade traballando nos resultados atopados.

Unha vez finalizadas todas as intervencións, o Consello Reitor queda sabedor.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO DE ACTIVIDADES FÍSICO-RECREATIVAS PARA ADULTOS, CURSO 2022.



Pola Sra. secretaria/delegada dá conta do Proxecto de Actividades Físico-Recreativas para Adultos, ano 2022, acompañado das súa folla de inscrición, protocolo básico de Actuación e cuestionario Par-Q, elaborado polo Sr. director Deportivo, co seguinte desglose:

- 1.- PROGRAMA ACTIVO MAIORmente:
 - a) XIMNASIA FUNCIONAL
- 2.- PROGRAMA VILAGARCÍA EN FORMA:
 - 2.1 ACTIVIDADES DE MOVEMENTO INTELIXENTE E CORRECCIÓN POSTURAL:
 - a) IOGA
 - b) PILATES
 - c) ESTIRAMENTOS
 - 2.2 ACTIVIDADES DE ACONDICIONAMENTO FÍSICO XERAL:
 - a) XIMNASIA DE MANTENIMENTO
 - b) ZUMBA
 - c) XIMNASIA ACUÁTICA

Así como preséntase o Orzamento de gastos para o desenvolvemento de todo o proxecto, por importe total de 15.123,00 €, desglosados da seguinte maneira:

CONCEPTOS	ANO 2022	PARTIDA
SEGUROS DEPORTIVOS	3.500,00 €	342-224,00
PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN	500,00 €	342-226,02
ACTIVIDADES XESTIÓN INDIRECTA	7.623,00 €	342-226,09
SERVIZO DE LIMPEZA	2.000,00 €	342-227,00
MATERIAL DEPORTIVO	<u>1.500,00 €</u>	342-623,02
TOTAL	15.123,00 €	

Asemade dáse conta do informe da Sra. interventora/delegada en relación ao asunto.

Polo Sr. director Deportivo fai un breve resumo do devandito Proxecto, explicando as modificacións por causa da pandemia ocasionada pola COVID-19, no que cada persoa poderá realizar un máximo de dúas actividades, así como indica que o prazo de inscrición será do 20 de decembro do presente ano ao 10 de xaneiro de 2022.

Prodúcese un pequeno debate sobre o asunto e, unha vez finalizadas todas as intervencións o Consello Reitor por unanimidade acorda:

- 1.- Aprobar o Proxecto de Actividades Físico-Recreativas para Adultos, ano 2022, acompañado das súa folla de inscrición, protocolo básico de Actuación e cuestionario Par-Q.
- 2.- Aprobar o orzamento de gastos por importe total de 15.123,00 €, co desglose anteriormente sinalado.
- 3.- Facultar ao Sr. Presidente para a aprobación das pequenas variacións que poidan xurdir no citado proxecto.



4.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a proposta da cota de inscrición das Actividades Físico-recreativas para adultos: Ximnasia Funcional, Pilates, Estiramientos e Zumba por importe de 18,00 €, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor, que establece no seu artigo 13: “FIXACIÓN DO PREZO”, que corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.

E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día da data, dáse por rematada a sesión do que se estende a presente acta, e da que eu, como secretaria dou fe.

